



PARLAMENTO
DE GALICIA




DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

XII lexislatura
Serie Pleno
Número 19

Sesión plenaria
11 de setembro de 2024

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



ORDE DO DÍA (continuación)

Punto 5. Proposicións non de lei

5.1 1619 (12/PNP-000180)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e nove deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe facer ao Goberno central relacionadas coas condicións en que están os servizos ferroviarios en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 12f1, do 17.04.2024

5.2 2395 (12/PNP-000280)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Suárez Fernández, Iago e Fernández Fernández, Secundino

Sobre as accións que a Xunta de Galicia debe impulsar ante os principais problemas actuais da viticultura na Ribeira Sacra

Publicación da iniciativa, BOPG nº 20f1, do 02.05.2024

5.3 8451 (12/PNP-000752)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e tres deputados/as máis

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que retire o Anteproxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital

Publicación da iniciativa, BOPG nº 68, do 21.08.2024

5.4 8718 (12/PNP-000773)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Méndez López, Lara e Iglesias Rey, Patricia

Sobre a demanda dirixida ao Goberno galego respecto da elaboración dun plan turístico integral que englobe o desfrute dos visitantes coa convivencia dos residentes e os obxectivos económicos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 68, do 21.08.2024

5.5 8782 (12/PNP-000775)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Espinosa Mangana, María Elena e Longueira Castro, Silvia

Sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que cumpra cos obxectivos marcados no Programa funcional do novo hospital de Vigo en canto á súa actividade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 68, do 21.08.2024

5.6 9776 (12/PNP-000814)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodríguez Carrera, María Felisa e nove deputados/as máis

Sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central para a adopción dunha postura respecto da situación política de Venezuela e a proposta de resolución que se



presenta co obxecto de manifestar a adhesión ás iniciativas de protesta pacífica contra o goberno de Nicolás Maduro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 77, do 05.09.2024

Punto 6. Interpelacións

6.1 5103 (12/INT-000306)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e Insua Lema, Óscar

Sobre as novidades na política da Xunta de Galicia respecto dos residuos municipais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 34f1, do 05.06.2024

6.2 5504 (12/INT-000329)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e López Font, Carlos

Sobre a orientación da actual política da Xunta de Galicia en materia de xestión dos residuos sólidos urbanos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 40f1, do 19.06.2024

6.3 9483 (12/INT-000436)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat e catro deputados/as máis

Sobre os modelos de financiamento da construción das grandes infraestruturas públicas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 29.08.2024

Punto 7. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

7.1 10300 (12/POPX-000013)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gómez Besteiro, José Ramón

Sobre o criterio do Goberno galego respecto dos efectos políticos que eventualmente debería producir o sobrecusto xerado na construción do Hospital Álvaro Cunqueiro

Publicación da iniciativa, BOPG nº 77, do 05.09.2024

7.2 10302 (12/POPX-000014)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as prioridades do Goberno galego ante os grandes retos que ten Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 77, do 05.09.2024

Punto 8. Preguntas ao Goberno

8.1 8044 (12/POP-001154)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Taibo Corsanego, Iria e dous deputados/as máis



Sobre a redución de frecuencias realizada en determinadas liñas de transporte público metropolitano da área da Coruña, nomeadamente as que transcorren entre os concellos de Oleiros e de Sada

Publicación da iniciativa, BOPG nº 69f1, do 22.08.2024

8.2 8422 (12/POP-001397)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e oito deputados/as máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia da nova convocatoria de axudas para a contratación de socorristas este verán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 69f3, do 22.08.2024

8.3 9206 (12/POP-001489)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e oito deputados/as máis

Sobre o nivel de cumprimento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero

Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 29.08.2024

8.4 10290 (12/PUP-000037)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma

Sobre a actitude do Goberno galego ante a crise humanitaria que se está a producir pola chegada de inmigrantes a España

Publicación da iniciativa, BOPG nº 77, do 05.09.2024

8.5 10287 (12/PUP-000036)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Golpe Acuña, José Manuel

Sobre a reconsideración por parte do Goberno galego da anulación do complemento autonómico do bono social térmico

Publicación da iniciativa, BOPG nº 77, do 05.09.2024

8.6 9260 (12/POP-001498)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia canto a unha mellora da cobertura de persoal médico nos centros de saúde de Cerdedo-Cotobade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 29.08.2024

8.7 9940 (12/POP-001562)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rodríguez Dacosta, María del Carmen e dous deputados/as máis

Sobre as medidas que pensa desenvolver o Goberno galego na loita contra a sinistralidade laboral

Publicación da iniciativa, BOPG nº 77, do 05.09.2024



8.8 7738 (12/POP-001046)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Grueira Fernández, Nicole e oito deputados/as máis**

Sobre o balance da última convocatoria das axudas da Xunta de Galicia para a mellora de explotacións agrarias e a incorporación da mocidade e persoas de entre 41 e 55 anos á actividade agrogandeira

Publicación da iniciativa, BOPG nº 59, do 02.08.2024

8.9 9291 (12/POP-001505)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Fernández González, Ariadna e catro deputados/as máis**

Sobre o criterio da Xunta de Galicia ante a posibilidade de subvencionar a vacinación voluntaria contra a enfermidade hemorráxica epizoótica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 73, do 29.08.2024



SUMARIO

Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o criterio do Goberno galego respecto dos efectos políticos que eventualmente debería producir o sobrecusto xerado na construción do Hospital Álvaro Cunqueiro. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Gómez Besteiro (S).* (Páx. 11.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 12.)

Réplica do autor: *Sr. Gómez Besteiro (S).* (Páx. 14.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 15.)

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as prioridades do Goberno galego ante os grandes retos que ten Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 16.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 18.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 19.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Rueda Valenzuela.* (Páx. 20.)

Alteración da orde do día

O señor presidente anuncia unha alteración da orde do día. (Pax. 22.)

Pregunta de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que pensa desenvolver o Goberno galego na loita contra a sinistralidade laboral. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 22.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (González Vázquez).* (Páx. 23.)

Réplica da autora: *Sra. Rodríguez Dacosta (S).* (Páx. 24.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración (González Vázquez).* (Páx. 25.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Felisa Rodríguez Carrera e nove deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central para a adopción dunha postura respecto da situación política de Venezuela e a proposta de resolución que se presenta co obxecto de manifestar a adhesión ás iniciativas de protesta pacífica contra o goberno de Nicolás Maduro. (Punto quinto da orde do día.)

O señor presidente comunica que a esta proposición non de lei se presentou unha emenda. (Páx. 26)



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 27.)

Intervención do grupo parlamentario emendante: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 29.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Ojea Bouzo (M)* (Páx. 31.) e *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 33.)

A señora Prado del Río (P) intervén para se posicionar respecto da emenda. (Páx. 36.)

A señora Castro Rey (S), con base no artigo 76.3 do Regulamento, solicita a palabra por alusións.

Intervención da señora Castro Rey (S). (Páx. 37.)

Ante a dúbida do señor presidente de se a señora Castro Rey (S) pronunciou determinadas palabras, este decide realizar unha consulta. (Páx. 37.)

Votación das proposicións non de lei

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e nove deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe facer ao Goberno central relacionadas coas condicións en que están os servizos ferroviarios en Galicia: *aprobada por 65 votos a favor, ningún en contra e 8 abstencións.* (Páx. 38.)

O señor presidente anuncia que na seguinte proposición non de lei que se vai votar a seguir hai solicitada, por parte do G. P. Popular, unha votación por puntos. (Páx. 38.)

Votación dos puntos 1, 3 e 4 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Suárez Fernández e D. Secundino Fernández Fernández, sobre as accións que a Xunta de Galicia debe impulsar ante os principais problemas actuais da viticultura na Ribeira Sacra: *aprobados por 72 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 39.)

Votación do punto 2 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Suárez Fernández e D. Secundino Fernández Fernández, sobre as accións que a Xunta de Galicia debe impulsar ante os principais problemas actuais da viticultura na Ribeira Sacra: *rexeitado por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 39.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e tres deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que retire o Anteproxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 39.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Lara Méndez López e D^a Patricia Iglesias Rey, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego respecto da elaboración dun plan turístico integral que englobe o desfrute dos visitantes



coa convivencia dos residentes e os obxectivos económicos: *aprobada por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 39.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Espinosa Mangana e D^a Silvia Longueira Castro, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que cumpra cos obxectivos marcados no Programa funcional do novo hospital de Vigo en canto á súa actividade: *rexeitada por 33 votos a favor, 40 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 40.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Felisa Rodríguez Carrera e sete deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central para a adopción dunha postura respecto da situación política de Venezuela e a proposta de resolución que se presenta co obxecto de manifestar a adhesión ás iniciativas de protesta pacífica contra o goberno de Nicolás Maduro: *aprobada por 41 votos a favor, 24 en contra e 8 abstencións.* (Páx. 40.)

Interpelación do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e catro deputados/as máis, sobre os modelos de financiamento da construción das grandes infraestruturas públicas. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 41.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño).* (Páx. 44.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 47.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño).* (Páx. 49.)

O señor presidente intervén para aclarar a cuestión antes aprazada e referida ás palabras pronunciadas pola señora Castro Rey (S). A continuación, solicita a palabra o señor Ojea Bouzo (M), que lle é concedida polo señor presidente, e tamén a señora Castro Rey (S). (Páx. 50.)

Pregunta de D^a Iria Taibo Corsanego e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a redución de frecuencias realizada en determinadas liñas de transporte público metropolitano da área da Coruña, nomeadamente as que transcorren entre os concellos de Oleiros e de Sada. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Taibo Corsanego (BNG).* (Páx. 51.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 53.)

Réplica da autora: *Sra. Taibo Corsanego (BNG).* (Páx. 54.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 55.)

Pregunta de D^a Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai a Xunta de Galicia da nova convocatoria de axudas para a contratación de socorristas este verán. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Prieto Perille (P).* (Páx. 56.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 57.)

Réplica do autor: *Sr. Prieto Perille (P).* (Páx. 58.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes (Calvo Pouso).* (Páx. 59.)



Pregunta de D^a Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o nivel de cumprimento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 60.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 61.)

Réplica da autora: *Sra. Arias Rodríguez (P)*. (Páx. 62.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 63.)

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a actitude do Goberno galego ante a crise humanitaria que se está a producir pola chegada de inmigrantes a España. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 63.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 64.)

Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 65.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Política Social e Igualdade (García Martínez)*. (Páx. 66.)

Pregunta de D. José Manuel Golpe Acuña, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a reconsideración por parte do Goberno galego da anulación do complemento autonómico do bono social térmico. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Golpe Acuña (BNG)*. (Páx. 67.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 69.)

Réplica do autor: *Sr. Golpe Acuña (BNG)*. (Páx. 70.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Economía e Industria (Lorenzana Somoza)*. (Páx. 70.)

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia canto a unha mellora da cobertura de persoal médico nos centros de saúde de Cerdedo-Cotobade. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 71.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 73.)

Réplica da autora: *Sra. Castro Rey (S)*. (Páx. 74.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Gómez Caamaño)*. (Páx. 74.S)

Pregunta de D^a Nicole Grueira Fernández e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance da última convocatoria das axudas da Xunta de Galicia para a mellora de explotacións agrarias e a incorporación da mocidade e persoas de entre 41 e 55 anos á actividade agrogandeira. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Grueira Fernández (P)*. (Páx. 75.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez)*. (Páx. 76.)

Réplica da autora: *Sra. Grueira Fernández (P)*. (Páx. 77.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez)*. (Páx. 78.)



Pregunta de D^a Ariadna Fernández González e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o criterio da Xunta de Galicia ante a posibilidade de subvencionar a vacinación voluntaria contra a enfermidade hemorráxica epizoótica. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Fernández González (BNG)*. (Páx. 79.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez)*. (Páx. 80.)

Réplica da autora: *Sra. Fernández González (BNG)*. (Páx. 81.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira do Medio Rural (Gómez Rodríguez)*. (Páx. 81.)

Remata a sesión á unha e cincuenta e oito minutos da tarde.



Retómase a sesión ás dez e catro minutos da mañá.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Reanudamos a sesión, co punto sétimo da orde do día, preguntas para resposta oral do presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. José Ramón Gómez Besteiro, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o criterio do Goberno galego respecto dos efectos políticos que eventualmente debería producir o sobrecusto xerado na construción do Hospital Álvaro Cunqueiro

O señor PRESIDENTE: Comezamos coa pregunta de don José Ramón Gómez Besteiro, portavoz do Grupo Parlamentario Socialista.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Moitas grazas.

Bos días a todos e a todas.

Grazas, señor presidente.

O Goberno de Rueda sáenos cada vez máis caro, e é verdade que agora é difícil atopar algunha decisión que beneficie claramente as familias dos galegos e galegas e non outras que os prexudiquen.

Hoxe eu preguntolle polo resultado dese informe do Consello de Contas en relación con ese sobrecusto de 470 millóns. ¿Imaxina vostede o que podería facer a Xunta de Galicia con 470 millóns adicionais no seu orzamento? Pois probablemente moitísimas cousas. E eu creo que, ademais, sería bo medio milleiro de médicos e o seu salario durante os próximos vinte anos, ou seiscentas enfermeiras ou vinte centros de saúde perfectamente dotados ao longo do noso territorio. Pero vostedes optaron por prescindir de todo iso.

Durante anos a formación que represento cuestionou e criticou a construción e o proxecto do Álvaro Cunqueiro en relación co financiamento, que evidentemente era privado, e a posta en mans dos especuladores de todo ese proxecto, un proxecto diferente do que nosoutros sempre defendemos. Recibimos por parte desa bancada descualificacións, insultos, vociferacións, e a miña pregunta é agora se van facer o mesmo cos membros do Consello de Contas con ese informe onde se establece ese sobrecusto.

Vostede fuxiu de dar explicacións. Puido facelo na Deputación Permanente, non asistiu. Houbo declaracións por parte do conselleiro do ramo e do portavoz do Partido Popular; tal e como as fixeron, mellor que non as fixeran, desde o meu modesto punto de vista. En todo caso, fuxiu e non deu explicacións. Por iso é bo que algunhas cuestións que se falan durante estes días teñan reflexo aquí tamén en sede parlamentaria.

Cuestións como o que, literalmente, lle leo, do informe do Consello de Contas: «Poderíase acadar resultados similares a un menor custo. A diferenza estimada entre as alternativas ao



financiamento público ou ao financiamento privado é de 470 millóns de euros», 470 millóns de euros. Hai outros parágrafos realmente interesantes: «A elección da opción de contratación realizouse sen unha análise comparativa e previa en termos de eficiencia e eficacia con respecto a unha adxudicación de contrato público tradicional». Vén dicir que non avaliaron nada, tiñan metido na cabeza o sistema de financiamento e de adxudicación e tiraron para adiante. Outro: «A ampliación do obxecto do contrato ao Hospital Meixoeiro e ao Nicolás Peña, nos que non se realizou ningunha actividade construtiva, non ten soporte legal», non ten soporte legal. Cederon ás presións da concesionaria, ampliaron servizos e tiraron unha vez máis para adiante. Outro: «O obxectivo fixado na memoria de xustificación da necesidade do contrato era acadar 2.000 camas no Chuvi, mentres que o maior número de camas instaladas no período fiscalizado foi de 1.366 camas». Fixérono máis caro, máis pequeno e con menos servizos. ¿Onde está o beneficio para os veciños e veciñas do noso país?

Con todo, evidentemente —e nestes tempos ademais que falamos tanto de recibir cartos, de financiamento—, creo que cómpre xa empezar a falar de como se gasta ou, mellor dito, como se malgasta o diñeiro público. Por tanto, nese sentido, creo que sobre as xustificacións —algunhas de libro— de como que se trataba como dunha hipoteca para as familias, calquera pon nas mans do presidente Rueda a xestión desa hipoteca para Galicia. Ou outras, como que non había outra solución, ou facíase iso ou non se podía facer, contraponendo claramente os dous modelos: o que eu represento, o modelo do Partido Socialista —repito: financiamento público e titularidade pública—, fronte ao do Partido Popular, que, evidentemente, xa sabemos cal é: financiamento privado, titularidade privada, favor en favor dos concesionarios e das empresas públicas.

Aínda é posible revertir esa situación. Eu invítoos a que o faga, a que cambien a posición e revertan ese Hospital Álvaro Cunqueiro ás mans do público, por sempre no público, sanidade pública. E debe dar explicacións. Por iso creo que agora é o momento, como outro, de non escapar e de dar explicacións públicas sobre iso.

Por iso, preguntolle se cre vostede que alguén debe dar explicacións ou que se deben asumir responsabilidades políticas por todo este desbaraxuste ou simplemente vai facer como ata o de agora: estar coa boca pechada. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.

Bos días, señor Besteiro.

A verdade, mire, pensei que neste novo período de sesións vostede —permítame que llo diga, porque son o destinatario principal do labor da oposición que fan— ía ser unha



oposición un pouquiño máis centrada, recoñecible, todo o dura que queira, pero recoñecible, cun rumbo que vostede e eu sabemos que é o que lle din moitas voces internas no Partido Socialista. Pero, ben, xa vexo que hai que abandonar toda esperanza e que vostede, despois dun mes bastante en branco, pois reaparece cunha pregunta na que pretende facerlle oposición á Xunta de hai catro lexislaturas. Mire, se quere gañar as eleccións do ano 2012, eu recórdolle que nas de 2024 lle demos un repaso bastante grande; (*Aplausos.*) polo tanto, se esta é a súa maneira de superar o trauma, señor Besteiro, non lle auguro moito éxito.

Fala vostede —e leo literalmente na formulación da súa pregunta— dun «escandaloso sobrecusto de 470 millóns de euros», e despois le unha das partes do informe do Consello de Contas. Eu voulle ler outras para respostar á súa pregunta. Vostede pregunta polo escandaloso sobrecusto; páxina 16 do informe do Consello de Contas: «A Administración non asumiu sobrecustos pola execución da obra»; non asumiu sobrecustos pola execución da obra. Imos un pouco máis, páxina 60: «No ano 2014, a concesionaria reclamou 7.991.000 euros en concepto de sobrecustos»; a dita solicitude foi rexeitada polo Servizo Galego de Saúde naquel ano; señor Besteiro, unha petición de sobrecustos. Páxina 69 do informe: «A cantidade referida na páxina 60...» —que eu acabo de ler— «...como reclamada en concepto de sobrecustos pola adxudicataria non foi aboada pola Administración, a Xunta de Galicia, ao entender que o posible sobrecusto sempre entraría dentro do risco que ten que asumir o adxudicatario».

Polo tanto, señor Besteiro, ¿de que sobrecustos está falando? ¿Leu o informe? Claro, esa parte non, porque entón fastídialle a pregunta, absolutamente. Non houbo sobrecustos. (*Aplausos.*) É o que di o Informe do Consello de Contas. Pero, mire, eu xa sei, xa sabemos que o rigor non é o seu, pero aquí hai que ser rigorosos.

E se quere facer oposición no 2024 cos ollos de hai catro lexislaturas, facémola e remontámonos a aquela época. E dígolle que, entre as moitas cousas que atopamos nos caixóns, entre elas 2.000 millóns de euros en facturas sen pagar, había un informe moi interesante encargado por vostedes ao final da lexislatura preguntando —vese que non o tiñan claro— cal era o sistema máis viable para construír o novo hospital de Vigo. ¿E sabe o que di ese informe? Recomenda, sen ningunha dúbida, que o sistema máis viable —o informe encargado por vostedes, no seu poder, que non executaron, porque loxicamente perderon as eleccións—era que había que facer unha sociedade mixta, cun financiamento privado do 90 %. ¿E sabe que? Que unha vez que estivera construído por esa sociedade mixta, o 90 % privado, dicíase que a parte privada se encargaría dos servizos non sanitarios e os servizos sanitarios quedarían en mans do Sergas. ¿Sólalle todo iso, señor Besteiro? ¿Ou non o sabía? Claro, cando non se manexa toda a documentación ou se manexa de xeito sesgado, ás veces sae o tiro pola culata, como creo que lle saíu agora. Agora vén criticar algo que vostedes pensaban facer, que polo menos encargaron. E, por certo, ese informe, que custou 70.000 euros, como tantísimas cousas, tivémolo que pagar nós. Iso si que é un sobrecusto real.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)



O señor PRESIDENTE: Réplica, señor Besteiro.

O señor GÓMEZ BESTEIRO: Si, moi brevemente.

Ben, pois ao final non houbo sobrecusto; é dicir, o informe do Consello de Contas, que di que houbo un sobrecusto de 470 millóns, pois non existe. Ben, pois así estamos, esas son as explicacións. En todo caso, esa decisión —como acaba de confirmar— de adxudicar o proxecto construtivo e a adxudicación de servizos, da que vostede non distingue, evidentemente fíxoa o Partido Popular; o outro monta no ámbito da hipótese (*Murmurios*.) do que fixo o anterior Goberno, evidentemente.

Pero ben, ao seu Goberno xa se lle coñece polo Goberno do sobrecusto, vostede formaba parte dese goberno e agora preside un goberno que cada vez —dígolle máis— ten ese apodo. E, evidentemente, con eses mimbres mal vai poder negociar o financiamento, porque vai ter que apartarse desa imaxe de sobrecustos que leva o Partido Popular.

Mire vostede, 470 millóns de desaxuste nese proxecto, 2 de cada 3 euros que contrata a Xunta faino con contratos menores, sen concorrência, a dedo dedito dedo; tamén o di o propio Consello de Contas: a dedo. Numerosas sentenzas condenatorias por fraccionar os contratos; iso permite gañar moito en eficiencia —como todo o mundo sabe— e en eficacia tamén. Un incremento exponencial de contratos a empresas con familiares de expresidentes, e como dicía Gila: «*aquí alguien mató a alguien*». E vouno dicir claramente: o expresidente Feijóo. 150 millóns de euros recibidos para a covid aportados polo Estado pero que non se destinaron á covid. Por iso lle digo eu que o seu Goberno, o Goberno do Partido Popular, xa é coñecido como o Goberno dos sobrecustos. E sobre iso non dá ningunha explicación. A min paréceme que vostedes se están convertendo nun verdadeiro perigo público á hora de xestionar o público. E creo que, con explicacións como a que acaba de dar aquí, pois efectivamente a aclaración é nula; cero, cero, cero de explicacións.

Pero haberá investigación, tal e como pediu o Partido Socialista, teremos unha investigación sobre esas cuestións, haberá tempo para dar explicacións, vostede poderá dar explicacións, porque nós pediremos que as dea. Pero non se preocupe, non vai estar só. Tamén imos pedir que compareza Feijóo, e el tampouco se sentirá só coas persoas que pediremos para comparecer nesa investigación e que se aclare, para que finalmente todos coñezamos esas teorías do sobrecusto, que son confirmacións, e non as teorías hipotéticas sobre a xestión do público posto en mans das entidades privadas e das concesionarias.

¿Beneficio para o cidadán en Galicia? Cero. Esas explicacións produciranse, e produciranse máis pronto que tarde.

Grazas, señor presidente. (*Aplausos*.)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Ben, ben, señor Besteiro, xa pasamos de que era un sistema perverso e inelixible a quen sabe o que terían feito se vostedes tivesen a oportunidade. *(Murmurios.)* É un cambio importante. Está ben que o recoñeza, é que hai que empezar a ser sincero nestas preguntas. Se non, ¿que quere que lle diga? A súa credibilidade é moi dubidosa cando fala destas cousas. E seguro que lle arrancan as páxinas que cren que non ten por que ler. *(Murmurios.)*

Non hai sobrecustos, é que non o digo eu, dino esas páxinas. Hai máis, jeh!, hai máis, e recoméndolle que as lea. O que pasa é que, claro, dá igual que llo diga eu, dá igual que llo diga o Consello de Contas, dá igual que llo diga o informe da consultora que vostedes encargaron e nós tivemos que pagar dentro dos 2.000 millóns de euros.

Por certo, fala ma súa pregunta de 477 millóns de euros. Parécense moito aos 444 que xa perdemos de entrada con esa negociación que vostede di que eu non podo facer. E ¿por que? Xa sei que non nos vai chamar Pedro Sánchez. Entón... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Ah!, ¿vainos chamar? Ben, pois... *(Murmurios.)* Como nos teña que chamar porque vostede llo di, levámola clara. *(Aplausos.)*

Xa me gustaría que o señor presidente lle fixera algún caso a vostede, pero vostede e eu sabemos que non lle fai ningún. Empéñase en lavarlle a cara e así lle vai. Porque non llo vai agradecer, jeh!, nin Galicia nin el especialmente, que non lle agradece nada a ninguén que non sexa a el mesmo. Vostede é o gran defensor. Hai compañeiros seus, valentes, que están dicindo que ata aquí chegamos. Vostede non, sempre é o do si, faga o que faga. Alá vostede.

Non o vou convencer do que di o informe do Consello de Contas. Vostede pregúntame polos sobrecustos. Di en varias ocasións que non hai sobrecustos.

Vostede, ademais, sabe perfectamente —acaba de abrir esa hipótese— que era o sistema que permitía facer o hospital naquel momento, e que, de non optar por ese sistema, ese hospital non existiría neste momento. Iso sábeo vostede. Por certo, non o imos tirar, jeh! Non o imos tirar, como hai que facer co Garañón, que hai que tiralo, cos cartos de todos os lucenses, despois da licenza que vostede coñece moi ben. Iso si que son sobrecustos tamén, señor Besteiro. *(Aplausos.)*

Mire, eu alégrome moito de ter un excelente hospital público. Vostedes dixeron todo tipo de disparates, de burradas, sobre o Cunqueiro, que agora supoño que cun pouco de perspectiva temporal lles farán avergoñarse, ou non, non o sei.

E como todo iso se demostrou que non era verdade, ía ser un hospital privado onde se ía cobrar ata polas butacas, como todo iso non é verdade e a xente veu que lle estaban mentindo, agora toca meterse coa construción. Ben, pois sigan así, así lles irá.

É dicir, naquel momento era o sistema que permitiu ter un hospital plenamente operativo despois na pandemia. Dío o informe do Consello de Contas, que optar por outro sistema de



construción tería sido tamén moitísimo máis lenta. Outra páxina que lle arrancaron, señor Besteiro, para non fastidiarlle a súa argumentación. Ese sistema foi avalado pola Intervención Xeral do Estado, polo Banco Europeo de Investimentos, permitiu que agora mesmo se estean facendo ao ano catro mil cirurxías, que é case un 15 por cento máis do que se facía antes, catro veces máis probas diagnósticas, que non haxa punto de comparación coas instalacións anteriores —faltaría máis— coas que hai agora, que o tiveramos na pandemia. Iso si, faláron moito dese hospital, encargaron eses estudos que non pagaron, cinco maquetas presentaron do hospital. Iso si, non fixeron nada en catro anos, que foi o tempo que levou construílo.

Sigan utilizando estas cousas para seguir falando mal da sanidade pública, que é o que fan. Onte estabamos con moitos profesionais dándolles as grazas, agradecéndolles o traballo que fan, non só o que fixeron no verán senón o que fan todo o ano, o que fan todos os anos. Récord de contratación, récord de actuacións na sanidade pública. ¿Sabe grazas a que? Aos magníficos profesionais, pero tamén a instalacións como esta. *(Aplausos.)*

Eu alégrome moitísimo, señor Besteiro —e remato xa, señor presidente—, de que lle preocupen os recursos públicos. Benvido. A nós preocupánnos dende o primeiro momento. Por iso cremos que é importante facer orzamentos, por iso nós cremos que é importante sometelos ao Parlamento, o Parlamento para nós si que é importante. E por iso cremos que sería moi bo que vostede fora valente, dera un paso á fronte, se puxera coa parte que está contando a verdade e que dá a cara pola xente á que se debe —e vostede ten compañeiros nalgunhas comunidades autónomas que o fan— e que llo diga ao señor Sánchez. Xa que acaba de dicir aquí que vostede lle dá indicacións, supoño que me vai recibir porque vostede llo di; se ata o de agora non me estaba recibindo, é porque vostede lle dixó que non. ¿É así? *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Remate.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Señor Besteiro, mire, non lle lave a cara ao señor Sánchez. Sexa valente, dea a cara e, se lle dá recados, dígalle que cos cartos dos galegos nin se pagan supervivencias nin se compran gobernos independentistas. Dígalle iso, por favor.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Pregunta ao Sr. Presidente da Xunta de Galicia de D^a Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as prioridades do Goberno galego ante os grandes retos que ten Galicia

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora PONTÓN MONDELO: Señorías.

Señor Rueda, Galiza ten asuntos prioritarios que atender, pero parece que as prioridades dos galegos e das galegas non son as dun señor Rueda que está máis centrado en servir a Génova e ás empresas amigas do Partido Popular. Só temos que repasar algunhas das súas decisións.



Suprime o complemento do bono eléctrico contra a pobreza enerxética, porque a súa prioridade non é axudar as familias, é seguir engordando o negocio das eléctricas, patrocinando un boom eólico depredador. *(Aplausos.)*

Actúa como comercial de Altri, contra vento e marea, mesmo despois dese contundente informe do Consello da Cultura que alerta dos graves riscos que supón este proxecto. Vostede, en vez de tomar nota, o que fai é arremeter contra un órgano asesor. Aquí xa non lle arrincaron as páxinas, vostedes xa di que nin sequera leu o informe. Ou dálles plantón aos reitores das universidades galegas neste inicio de curso, porque a súa prioridade é marchar correndo para Madrid cada vez que llo pide o seu xefe de filas, nesta ocasión para renderlle pleitesía nun tema tan importante como o financiamento.

Voulle ler un titular: Feijóo veta aos seus baróns negociar quitas da débeda de forma bilateral. Esta é a orde que lle mandan desde Madrid e vostede cala e acata, só lle importa o «si, bwana» ao señor Feijóo, *(Aplausos.)* aínda que sexa a custa de perder millóns de euros para este país.

Señor Rueda, demostra ser vostede un presidente servil e submiso a Madrid ata límites nunca vistos. E eu agardo que ese servilismo non interfira no traballo que ten que facer a comisión de investigación que se vai crear neste Parlamento, a pesar do seu voto en contra.

Onte demostrou que a vostede lle dá urticaria que se investigue o sobrecusto millonario do Hospital Álvaro Cunqueiro e que lle dá urticaria que teña que haber transparencia sobre todas as irregularidades que se están detectando na contratación pública da Xunta de Galiza, onde están utilizando recursos dos galegos e das galegas para beneficiar empresas amigas do Partido Popular e empresas vinculadas a familiares de altos cargos do PP.

En todo caso, espero que vostede nesa comisión de investigación non vete ningunha comparecencia, empezando pola súa e seguindo pola do señor Feijóo, e que tampouco vete o acceso a ningunha documentación, incluída a que afecta empresas que están vinculadas con familiares do anterior presidente da Xunta.

Porque, señor Rueda, ata o momento vostede o único que nos demostrou é que a súa actuación é a propia de alguén que lle teme á transparencia, é a propia de alguén que non quere que haxa luz e taquígrafos. E vostede saberá por que quere estar do lado da ocultación.

En todo caso, demostre que é capaz de rectificar e poña en marcha unha axenda de prioridades a favor de Galiza, que, si ou si, ten que reclamar que teñamos a chave dos nosos cartos e, por suposto, que haxa transparencia e unha boa xestión de cada euro público.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Resposta do presidente da Xunta.



O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Moitas grazas, señor presidente.

Señora Pontón, o primeiro, noraboa, jeh! Por fin se atreveu vostede. Levaba non sei cantas veces amagando con cantas comisións de investigación, ameazando con cousas tremendas. Por fin parece, porque aínda non o fixo, que se vai atrever. Benvida. Aí a esperamos.

Espero que sexa un pouco máis rigorosa e que a informen mellor, porque se todo vai ser como o que acaba de dicir: supresión do bono eléctrico —pero se segue en vigor, incluído o complemento da Xunta de Galicia—. Entérese ben, señora Pontón. Entérese ben das cousas, que lle pasen ben a información, porque, se non, ¡vaia rigor que podemos esperar de aí! Que non espero moito rigor, demagogia pura.

E recórdolle que a pregunta era as prioridades do Goberno, que a vostede lle dan exactamente igual. Se, ademais, ten un goberno na sombra que xa se encarga de todo e vostede o preside. Déronlle igual, a pregunta era para falar do de sempre: as súas teimas, que se somos amigos de non sei quen, que se o señor Feijóo... Esta é a súa oposición, señora Pontón. Pero a min preguntoume polas prioridades.

Mire, se lle tivera que resumir nunha palabra, para facelo sinxelo, que con vostede nunca nada é sinxelo, resumiríallo nunha palabra: Galicia. Para a Xunta a primeira é Galicia. *(Aplausos.)* Para vostedes, para o nacionalismo, a prioridade é o nacionalismo. E non o digo eu, jeh! Vostedes quereño disimular cando chega a campaña electoral, pero despois retrátanse. Última asemblea da UPG, BNG sen maquillaxe, as súas prioridades... *(Murmurios.)* Non, non, eu si que vou falar de prioridades. Prioridade número un de vostedes, que é o que teñen que saber os galegos: independencia. Segunda prioridade: monolingüismo/imposición lingüística. Terceira prioridade, que resume as outras dúas e todo o que vostedes fan: lavar cerebros a través da ideoloxía. *(Murmurios.)* Si, si, lavar cerebros. *(Aplausos.)*

E, polo tanto, eu négome a que sexa a ideoloxía antes que os recursos para Galicia. Así se retratan vostedes: que non veñan industrias, que non veñan turistas, que non veña nada. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Négome tamén a que a ideoloxía estea por enriba da democracia, e así lles luce a vostedes o pelo: ¡viva Putin, viva Rusia, viva Venezuela de Maduro! Eu négome a todo iso. Non se ría, señora Pontón, é así, é así.

E négome tamén a que a ideoloxía estea antes que o financiamento. E vostedes, por non desairar os seus socios/xefes independentistas cataláns, están dispostos a aplaudir un concerto, un cuponazo que vai en contra dos intereses de Galicia. *(Aplausos.)* E isto hai que sabelo tamén.

Polo tanto, alégrome moito, señora Pontón, de que as nosas prioridades sexan ben diferentes. As nosas están no programa electoral, se non ocultamos nada. É o programa electoral co que nos presentamos ás eleccións, o programa electoral que serviu para que os galegos novamente nos deran a súa confianza.



Mire, son que Galicia sexa unha Galicia de todos, non só dos que pensan como vostede; que Galicia medre todos os días en oportunidades e con elas medren as oportunidades dos galegos; unha Galicia na que os mozos teñan oportunidades, teñan futuro, teñan traballo, poñan ter vivenda; unha Galicia aberta a España e ao mundo, non pechada, enfurruñada en si mesma, como a queren vostedes; en definitiva, unha Galicia que funciona, señora Pontón.

Comprendo que vostedes —que onte volveron deixarse poñer en ridículo, tan bravos aquí e tan mansos en Madrid, un ministro que se ri de vostede— non entendan estas cousas. Pero isto é o que hai e isto é o que votan os galegos cada vez que se lles pregunta.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, señora Pontón.

A señora PONTÓN MONDELO: Señor Rueda, vostede ten que vir aquí e falarnos de independencia, porque, claro, é moito máis fácil falar diso que falar dun sobrecusto de 470 millóns por construír un hospital máis pequeno e con menos servizos. Claro, ten que vir aquí falarnos de Maduro, porque vostede prefere iso que ter que falar de como están utilizando os cartos públicos para beneficiar empresas amigas do Partido Popular e empresas vinculadas con familiares do Partido Popular. E mire, foron vostede e o señor Feijóo quen lle deron 1.311 contratos a dedo á empresa que dirixe a irmá do señor Feijóo no noso país. Isto non o fixo o señor Maduro, fixérono vostedes. Polo tanto, menos escapismo e máis dar explicacións neste Parlamento. *(Aplausos.)*

E, de verdade, señor Rueda, é vostede o presidente máis servil a Madrid que recordamos. Vostede non vai a Madrid defender os intereses de Galiza, é que vostede vai a Madrid deixando plantadas as súas obrigacións como presidente a recibir ordes de Génova. É o señor presidente do seu partido, o seu xefe de filas, quen lle di o que non pode e o que pode defender en función do financiamento de Galiza. Pero se é o máis submisivo e servil que recordamos, se nin é capaz nin tan sequera de erguer a voz para reclamar o que lle corresponde ao noso país; se llo acaba de dicir o señor Feijóo: non pode nin defender a quita da débeda.

Mire, señor Rueda, desde logo é lamentable que para vostede a súa prioridade sexa o Partido Popular e que non lle importe que Galiza perda millóns de euros, única e exclusivamente porque isto é funcional para a estratexia do señor Feijóo en Madrid. Teña un pouco de respecto polo cargo que ocupa e dunha vez por todas deixe de ser o monicreque do señor Feijóo e pónase a traballar para defender os intereses dos galegos e das galegas.

E quero rematar esta intervención, porque creo que a súa obriga é dar respostas neste Parlamento, e vostede sempre vén aquí facer calquera cousa menos cumprir coa súa obriga de responderlle á oposición, con tres preguntas que son moi sinxelas: ¿si ou non? A primeira: ¿vai defender que Galiza teña unha quita da débeda? ¿Si ou non? A segunda: ¿vai vostede permitir que Galiza sexa a única nación histórica que non teña a chave dos seus cartos? ¿Si ou non? E a terceira: ¿vai vetar as comparecencias que solicitemos na comisión de investi-



gación? ¿Si ou non? Falo da súa e da do señor Feijóo. Non sei se é que aínda non nos pode responder porque non lle mandaron o argumentario de Génova. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Peche da pregunta, señor presidente.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): Grazas, señor presidente.

Señora Pontón, mire, polo menos me fai algunha pregunta, porque a súa pregunta era sobre prioridades, non falou de prioridades, impórtanlle —como digo— absolutamente nada. Como me fixo unha pregunta, dígollo.

Primeiro, teño que ver que finalmente rexistren esa comisión, jeh!, porque xa lle digo que creo que é a quinta coa que ameazan; a ver se desta é valente dunha vez e a presenta; sexa valente; estamos desexándoo, señora Pontón. Tamén sexa rigorosa, jeh!; ao mellor tamén ten que vir alguén falar do bono eléctrico nesa comparecencia, e, se é rigorosa, poderemos contestarlle.

E respecto ás outras dúas, voulle dicir unha cousa moi clara: non temos ningunha esperanza en que o señor Besteiro se plante ante o señor Sánchez. Cría que vostedes terían un mínimo de decencia e estarían os intereses de Galicia por enriba dos intereses dos seus socios/xefes.

Polo tanto, dígolle e respóndolle ás dúas primeiras preguntas que me fixo sobre financiamento: non toleraremos, como vostedes toleran, que se paguen as débedas e os intereses do señor Sánchez cos cartos dos galegos. (*Aplausos.*) Lamento que vostedes o toleren.

Do sobrecusto non lle vou falar, porque xa lle contestei ao señor Besteiro. Está claro que vostede desconecta cando pregunta o señor Besteiro, así me explico estas rencillas que están tendo ultimamente, esa desconexión, esa falta de comunicación entre os grupos da oposición; alá vostedes. Eu sempre digo que unha oposición forte está ben para un goberno forte, pero iso parece ser bastante difícil.

Eu volvo ás prioridades, porque a miña obriga é contestarlle, e se vostede me di que vai preguntar unha cousa e despois nunca pregunta nada, só a súa obsesión, as súas teimas: Feijóo para arriba, Feijóo para abaixo.

Mire, todo iso que me dixo vostede a min sobre se son servil a Madrid, xa llo dicía ao señor Feijóo, (*Risos.*) e dirallo a calquera que veña gobernando despois ca min, e que en ningún caso será vostede; levará cincuenta anos vostede de deputada e seguirá dicindo o mesmo, señora Pontón, (*Aplausos.*) seguirá dicindo o mesmo; leva vinte e cinco anos de deputada na oposición co mesmo rolo e, polo tanto, nada fai prever que iso cambie, e disto vai.

Mire, as miñas prioridades xa as dixen na sesión de investidura, tivemos aquí unha sesión de investidura, presenteime eu, o Parlamento elixiume a min porque antes me elixiron os galegos; a primeira vez que lles pedín a confianza déronme a confianza; vostede xa leva tres



e non lla deron nunca; esa é a diferenza. Porque cando che dan a confianza tes que gobernar, e as prioridades son as que marcan a acción de goberno; non as vou cambiar, repáseas.

¡Oia!, había catorce compromisos para os primeiros cen días, xa están en marcha todos, algúns cumpridos; o ensino gratuíto e universitario, por exemplo, e uns cantos máis, e temos case novecentos no programa electoral. É o que imos seguir, sen ningunha dúbida; con capacidade de reacción cando sexa necesario, por suposto; co músculo financeiro que che dá aprobar un orzamento cada ano e facer as cousas ben cando haxa que defender os galegos de decisións equivocadas e agresivas do Goberno do señor Pedro Sánchez, por suposto.

Mire, a última, o aumento que vai haber que facer no recibo de Sogama, de xestión de residuos, porque o señor Sánchez, entre subidas de impostos e eliminación antes de tempo sen previo aviso, incumprindo o pactado de bonificacións que había, vai provocar que os galegos teñan que pagar —os concellos e despois os galegos— 40 euros máis por tonelada. Pois mire, ímolo evitar. Os galegos non teñen por que pagar as decisións de Pedro Sánchez, co seu apoio, sempre, aínda que lles tomen o pelo. Polo tanto, deses 40 euros de subida a Xunta de Galicia vai transferir aos concellos o 60 por cento, para que os veciños teñan que pagar menos polos impactos que fai Pedro Sánchez, (*Aplausos.*) 60 por cento, señora Pontón. E isto, sinceramente, creo que é o que a xente busca.

Vostede siga falando de non sei que, da irmá do señor Feijóo, que leva dous anos e media xa non facendo política, non neste Parlamento; son as súas teimas, e tenas moi aprendidas e sobre todo moi practicadas; vinte e cinco anos facendo o mesmo. Eu recomendaríalle —non son quen para recomendarlle— que cambiara de sistema, probablemente lle iría mellor.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Rueda Valenzuela): En todo caso, voulle pedir algo urxente, que creo que é necesario, despois faga o que queira en todo o demais, siga como nestes últimos vinte e cinco anos. Pero, señora Pontón, para iso hai que ter claras as prioridades. A prioridade agora mesmo é que non nos rouben dende o Goberno de Madrid, a prioridade agora mesmo é que non se paguen con cartos dos galegos servidumes, hipotecas, que non se compren gobernos e que non se utilicen recursos públicos para manter un señor na Moncloa. Isto é o que temos que defender, isto é o que nos estamos xogando.

Eu recomendaríalle que por unha vez lles diga aos seus socios, eses que a tiveron que desmentir tamén, por exemplo, ao respecto do escano europeo, que vostede se planta, e que unha cousa son os intereses dunha comunidade autónoma e outra cousa son os intereses de Galicia. Demostre vostede por unha vez que o nacionalismo non é puro egoísmo, non é puro ombliguismo, non é puro mirar os intereses da UPG. Póñase do lado de Galicia, como estamos nós; verá que se está moito mellor.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.



Substanciamos agora unha alteración da orde do día.

Alteración da orde do día

Pregunta de D^a María del Carmen Rodríguez Dacosta e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas que pensa desenvolver o Goberno galego na loita contra a sinistralidade laboral

O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Bos días, conselleiro.

No primeiro semestre deste ano as organizacións sindicais convocaban distintas concentracións para denunciar a preocupante sinistralidade existente en Galicia, na nosa comunidade autónoma, na que se rexistraban, como sabe, 56 mortes por este motivo no ano 2023. O índice de accidentes mortais en Galicia é un 4,84 por cento por cada 100.000 traballadores, por riba da media do Estado, que é dun 2,92 por cento. De feito, a nosa comunidade autónoma en xuño deste ano situábase entre as tres comunidades autónomas con máis mortes, mortes polo mero feito de ir traballar. A sinistralidade laboral medrou no ano 2023, último ano do que dispomos de datos completos, un 7 por cento. No ano 2023 producíanse 30.423 accidentes con baixa, 2.522 máis que no ano anterior.

As consecuencias, señor conselleiro, como sabe, dos accidentes e das enfermidades profesionais relacionadas co traballo supoñen un grave problema social, que leva aparelado enormes custos humanos, o que máis nos preocupa sen dúbida, polo que o Goberno galego debe facer todos os esforzos precisos para reducir cando menos esta problemática.

E a Xunta de Galicia nesta cuestión vive ancorada na autocompracencia, facendo ano tras ano o mesmo. A política preventiva segue a ser totalmente insuficiente. A sinistralidade laboral é unha lacra ás veces invisible, e o Grupo Parlamentario Socialista deulle voz a través de diversas iniciativas neste Parlamento na pasada lexislatura, como a petición da elaboración dun plan de choque contra a sinistralidade laboral, no que se contase coa colaboración e aprobación dos organismos que teñen competencias na materia: o Issga e o Consello Galego de Seguridade e Saúde Laboral. E o portavoz daquela do Partido Popular, hoxe senador, dicía textualmente —abro comiñas—: «Non imos apoiar esta iniciativa, votaremos en contra dela. Vostedes intentan restar valor ao traballo feito polo Goberno galego.»

E daqueles barros estes lodos. Son demasiado prepotentes no seu partido. Segundo os datos publicados en xuño e en agosto, xa somos a terceira comunidade autónoma con máis mortes do Estado. Ata o mes de xuño 30 falecementos por causas laborais, e despois de xuño, 4 persoas falecían no afundimento do *Argos Georgia*, nas Maldivas, e 4 traballadores falecían no mes de agosto nun intervalo de quince días.

Todas as persoas teñen dereito a desenvolver a súa actividade con seguridade e con saúde laboral. Por iso lle pedimos que retome esa petición e faga ese plan de choque, conselleiro.



Preguntámoslle tamén que medidas pensa adoptar ao respecto. E non podemos deixar de trasladar, presidente, desde o Grupo Parlamentario Socialista, o noso apoio e solidariedade ás familias e compañeiros das persoas falecidas vítimas de accidentes laborais.

Nada máis, grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Resposta do conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración.

O señor CONSELLEIRO DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (González Vázquez): Señores deputados e deputadas presentes, moi bo día a todos e todas.

Vaia por diante, antes de responder á pregunta formulada, a importancia e o peso que lle ten conferido o Goberno galego á seguridade e saúde no traballo, porque, de non ser así, señorías, non teríamos unha entidade propia dedicada especificamente a este ámbito, como é o Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia, o Issga. Lembro isto por se acaso dende o grupo parlamentario dos socialistas non o tiveran presente, porque é precisamente esa entidade, o Issga, a través da cal operamos con dilixencia para garantir a seguridade e saúde no emprego.

E dígollelo, ademais, porque quizais esta falla de memoria é responsable de que tampouco tiveran en conta na súa exposición de motivos, que eu lin con atención, as políticas en materia de seguridade e saúde no traballo que se atopan en activo na nosa comunidade. Falamos de instrumentos integradores e completamente transversais que inclúen todas as disciplinas preventivas e atenden tanto ás situacións de riscos tradicionais como ás novas realidades do mercado laboral.

E quero referirme a ese documento contrastado e ademais consensuado que é a Estratexia de seguridade e saúde no traballo de Galicia: Horizonte 2027, un documento que foi aprobado —por iso se lle respostaba así— no pasado 2023 en consenso unánime —e isto é moi importante— con patronal e sindicatos e froito da participación, que sempre traballamos con ela, para dar como resultado un obxectivo común: reducir gradualmente os sinistros naqueles sectores máis afectados e diminuír os riscos a través da xestión preventiva. E, se falamos de datos —vaime permitir—, está claro que a implementación desta renovada estratexia está indo na senda correcta de traballar na prevención.

E aproveito nesta parte para poñer algo de orde nas cifras que aportaron, posto que se falamos de accidentes con baixa en xornada laboral —na súa exposición de motivos falaban de 30.423; logo na pregunta, de 27.000—, lémbrolle que no ano 2023, con estatísticas oficiais, producíronse 29.156 accidentes de traballo. E tamén lle adianto que, se atendemos ao que vai de ano foron rexistrados 14.591 accidentes de traballo que, en consideración aos escasos catro meses que nos restan, nos permite prever unha redución importante dos sinistros.

Señorías, está claro que mentres se rexistre un só accidente laboral en Galicia este conselleiro, a Xunta de Galicia, non estará conforme —iso vaia por diante—. Non obstante, traballamos conxuntamente coas empresas e cos traballadores a través da Estratexia de



seguridade e saúde no traballo, e axudámonos doutras ferramentas para acadar este obxectivo. Aproveitarei para trasladalas na miña segunda quenda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Réplica, a señora Rodríguez Dacosta:

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: Grazas, presidente.

Conselleiro, o Issga —vostede agora di que mantén ese compromiso coa seguridade creando ese instituto— foi creado no ano 2007 baixo o Goberno bipartito; temos que darlle as grazas por mantelo, en todo caso, pero non foi creado polo Grupo Popular nin polo Goberno popular.

E tamén di que teñen unha estratexia; unha estratexia que devén dunha estratexia española que obrigaba a facer estratexias concordes con ela no resto de comunidades autónomas, pero nós imos moito máis alá, porque vostede ten que ter en conta que o sector servizos en Galicia está caracterizado pola sinistralidade. ¿Por que? Porque tamén está caracterizado pola precariedade e pola temporalidade. Tamén o segue a industria e a construción.

Eses quince días fatídicos, en agosto, temos que recordados, conselleiro. O 6 de agosto en Lugo, na parroquia de Camoira, un traballador falecía como consecuencia da caída dunha árbore; o 14 de agosto, en circunstancias similares, outro traballador perdía a vida ao precipitarse dunha altura de vinte metros, en Pontevedra; o 18 de agosto, un traballador falecía tras caer dun tellado de dez metros, en Santiago de Compostela; e o 20 de agosto, un traballador falecía atropelado por unha pa mecánica.

Falla a protección e fallan as medidas preventivas, e creo que teñen que saír desa zona de confort. O Issga —que tanto mencionaba—, no ano 2009 —os últimos orzamentos do Bipartito—, presupostábase cun orzamento de 10.707.000 euros, e vostedes, agora, teñen un presuposto, no ano 2024, de 7.608.000, é dicir, baixaron o trinta por cento do orzamento neste organismo tan importante creado polo Bipartito.

Por iso, pedímoslle esa implicación, ese plan de choque e diálogo na Mesa de Diálogo Social. Implique a patronal nesta cuestión; implíquea, porque as medidas preventivas son precisas...,

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora RODRÍGUEZ DACOSTA: ...e desenvolva ese plan de choque, conselleiro.

Grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Peche da pregunta, o conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración.



O señor CONSELLEIRO DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN (González Vázquez): Eu quero dicir que, lonxe de interpretacións e entelequias, se algo ten que saír claro hoxe deste Parlamento é que o compromiso da Xunta coa prevención de riscos laborais para garantir a seguridade e a saúde laboral é innegable.

Falou vostede de diálogo, e eu quero poñer enriba da mesa que, dende que tomei posesión, estou en constante diálogo, tanto coa patronal como cos representantes dos traballadores, evidentemente, para falar de moitos asuntos, e tamén, por suposto, para falar da sinistralidade laboral; de feito, é un dos aspectos que imos tratar no diálogo social.

E dixi que é unha estratexia que provén dunha normativa nacional. Eu o que lle digo é que en Galicia temos ese traballo e se fixo —como digo— de xeito consensuado. Unha Estratexia seguridade e saúde no traballo que ten, ademais, no seu complemento, diferentes campañas de prevención naqueles ámbitos en que consideramos que pode haber máis riscos a través dun instituto —e así o digo—, o Issga, que sería creado no ano 2007, pero que, evidentemente, é mantido pola importancia que damos na Xunta de Galicia a estes aspectos.

E non só adoptamos a responsabilidade de aplicar unha xestión preventiva que asegure, por suposto, a seguridade e a saúde no traballo, senón que tamén adoptamos a responsabilidade de concienciar as empresas. Esta é unha tarefa que consideramos prioritaria, sobre todo en sectores con alto ou cun elevado risco, como pode ser o forestal ou o da construción —que vostede mencionaba—; e, de feito, contamos con campañas específicas e con actuacións concretas que permiten transmitir a importancia de exercer unha prevención neste ámbito. Quero, concretamente, lembrarlle a campaña de sensibilización para a mellora da identificación das enfermidades profesionais das mariscadoras e redeiras, co obxecto de que reciban a atención sanitaria axeitada e de que sexa recoñecido o dereito á saúde laboral destes colectivos; ou a campaña no ámbito forestal para asegurar a seguridade nos aproveitamentos forestais en zonas perigosas, destacando aquí, señoría, a forte implicación das asociacións e das empresas representativas do sector á hora de protexer as persoas traballadoras para que o forestal siga sendo unha panca impulsora do medio rural. Eu tiven a ocasión de estar en Lugo e de participar na presentación desas xornadas e desas guías, e pódolle trasladar que constatei expresamente esa implicación.

Asegúrolles, señorías, que para todos os implicados no mundo das relacións laborais —o Goberno incluído— existe unha meta común, que é a redución da sinistralidade laboral. Por esta mesma razón, tamén prestamos especial importancia ao seguimento e ao control, á formación interna do persoal técnico especializado neste control, así como aos novos desafíos derivados da transición dixital, demográfica e ecolóxica.

Este é o camiño que estamos percorrendo conxuntamente co tecido empresarial galego e no cal seguiremos avanzando e traballando por facer efectiva a seguridade e a saúde no traballo do xeito máis eficaz posible.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.



Esquecín antes xustificar a inasistencia de don Brais Ruanova Vilas, que hoxe non pode acompañarnos neste pleno.

Continuamos coa seguinte proposición non de lei.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Felisa Rodríguez Carrera e nove deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central para a adopción dunha postura respecto da situación política de Venezuela e a proposta de resolución que se presenta co obxecto de manifestar a adhesión ás iniciativas de protesta pacífica contra o goberno de Nicolás Maduro

O señor PRESIDENTE: Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada Paloma Castro Rey, a través do seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.

Emenda de modificación.

Débase substituír o texto da parte resolutiva polo que segue a continuación:

1. O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que:

a) Reforce o seu liderado en Europa para esixir ao presidente Maduro a publicación das actas electorais, nas que, segundo todos os indicios, o triunfo correspondeu ao candidato Edmundo González, co fin de garantir uns comicios libres e transparentes, e por ser unha esixencia de transparencia democrática ineludible e o paso necesario para que en Venezuela se leve a cabo unha transición cara a un sistema político no que se garanta o pluralismo e o pleno respecto aos dereitos humanos.

b) Siga facilitando a tramitación, por parte das administracións públicas, das solicitudes de protección internacional feitas por cidadáns venezolanos que foxen da opresión política e da exclusión económica e social en Venezuela, así como dos trámites que lles permitan integrarse en España aos devanditos cidadáns.

2. Parlamento de Galicia acorda como resolución:

a') Manifestar a seu apoio e adhesión ás iniciativas de protesta pacífica organizadas pola oposición venezolana e polos exiliados residentes no noso país, nas que se reclame o fin da represión, o inicio dun proceso de transición cara a democracia e un plan de recoñecemento e respecto aos resultados electorais en Venezuela.

b') Trasladar a satisfacción do Parlamento de Galicia porque se garantirá a integridade de Edmundo González sobre o que pesa unha inxustificable orde de arresto e apoiar a decisión do Goberno de España de atender a súa petición de saír de Venezuela, acolléndoo primeiro na embaixada en Caracas e a posterior concesión de asilo político.)



O señor PRESIDENTE: Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Prado del Río.

A señora PRADO DEL RÍO: Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

En primeiro lugar, antes de comezar a miña intervención quero trasladar, dende aquí, un agarimoso saúdo (*A señora Prado del Río diríxese á tribuna de convidados e convidadas.*) a todos os representantes do pobo venezolano que hoxe nos acompañan (*Aplausos.*) e tamén para dicirlles que contan co noso apoio. (*Aplausos.*) Ao igual que tamén lles mando o noso cariño aos máis de trinta mil galegos e galegas que hoxe residen en Venezuela neste momento. Eles coñecen e padecen mellor ca ninguén a situación de que imos falar hoxe aquí, e a eles nos diriximos para dicirlles que non están sós nesta loita. (*Aplausos.*) E, dende aquí, tamén queremos facer noso o berro que máis se escoita nestes últimos meses nas rúas de Venezuela: «Democracia e liberdade para Venezuela».

Como todos saben, o pasado 28 de xullo celebráronse eleccións en Venezuela; unhas eleccións que se poden considerar de todo menos libres, democráticas, pacíficas e transparentes; unhas eleccións que estiveron teledirixidas polo réxime ditatorial de Nicolás Maduro que, lonxe de facilitar que o pobo expresase libremente a súa vontade nas urnas, foi acabando —un a un— con todos os obstáculos que puidesen interpoñerse no seu obxectivo de perpetuarse no poder: primeiro, inhabilitou a candidata elixida pola oposición, María Corina Machado, impedíndolle presentarse ás eleccións; posteriormente, convencido de que podía ter amordazados os residentes logo de anos de represión implacable, foi polos máis de oito millóns de venezolanos que viven fóra do país e dos cales menos do un por cento puido exercer o seu dereito ao voto; e, xa por último, cando Maduro cría que tiña baixo control a oposición e os seus propios compatriotas, asegurouse de que non houbera probas do delito e impediu o acceso de observadores internacionais independentes.

O caso é que, aínda con todos os obstáculos posibles e imposibles, o réxime de Maduro foi incapaz de silenciar o desexo do pobo venezolano de abandonar a servidume e de abrazar por fin a liberdade. E aí están os resultados: segundo as actas presentadas polas forzas democráticas e avaladas por organismos internacionais, como Centro Carter ou o panel de expertos da ONU, o candidato Edmundo González gañou as eleccións co 77 por cento dos votos. (*Aplausos.*)

Nós, como xa fixeron estes organismos internacionais e como pretendemos que hoxe faga o Parlamento de Galicia a través desta iniciativa, si recoñecemos Edmundo González como presidente lexítimo de Venezuela. (*Aplausos.*) Si condenamos o réxime ditatorial de Nicolás Maduro e a represión que está a exercer sobre a oposición, sobre o seu pobo e sobre calquera que teña a valentía de defender os dereitos humanos en Venezuela. Agora, a pregunta é: ¿fano tamén o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego? No caso do PSOE, estaría ben que aclarasen se están máis do lado de Felipe González, que se adheriu á denuncia contra Maduro presentada ante a Corte Penal Internacional, ou se están máis do lado de Pedro Sánchez e do seu ministro, in pectore, de Exteriores, o señor Zapatero que, dende hai anos,



mantén unha relación íntima co réxime bolivariano, que branquea e respalda abertamente. Mesmo agora foi quen negociou traer a España a Edmundo González a pesar de que o que din que é ministro de Exteriores, o señor Albares, negou calquera negociación, como se fose tan sinxelo aterrar en Venezuela un avión militar, subir nel o líder da oposición —acusado de asasinato polo Goberno do ditador Maduro— e sacalo do país. Non insulten a nosa intelixencia. Pois non, señorías, negociouse todo, incluso o comunicado de Edmundo González que publicou ao chegar a España, co cal parece que se buscaba desanimar os que seguen loitando pola liberdade e pola democracia en Venezuela.

Señorías do Partido Socialista, non instrumentalicen o presidente lexítimo de Venezuela; non instrumentalicen Edmundo González. (*Aplausos.*) O único que fixo o expresidente Zapatero foi exiliar o gañador das eleccións, pero non intenten enganar ninguén: non foi para salvarlle a vida; non foi máis que para despexarlle o campo ao ditador que tiña como refén unha filla de Edmundo. E todos aquí —creo— debemos facer unha reflexión: ¿que non fariamos cada un de nós pola nosa familia?! ¿Que non fariamos? (*Aplausos.*) Pois o que fixo Edmundo e ao que lle axudou o expresidente Zapatero. (*Aplausos.*)

Zapatero, o único expresidente de España que se negou a condenar o pucherazo venezolano. Píddlles, señorías do PSOE, que non se poñan de perfil: fronte á ditadura, á fraude e á represión en Venezuela non cabe nin a equidistancia nin as vacilacións; só cabe a condena.

Quen si é claro no seu posicionamento é o Bloque Nacionalista Galego. Non se esconde. Dende o primeiro minuto amosou o seu incondicional apoio ao ditador Maduro: claramente, sen vacilar, a viva voz. De feito, o día das eleccións enviaron os seus propios representantes en calidade de observadores a exercer realmente de palmeiros do chavismo. Alí estaba unha observadora da UPG falando de total tranquilidade, cando, no día de hoxe, máis de 2.500 persoas foron detidas, incluídos menores, e, polo menos, 27 foron asasinadas. E alí estaba tamén Rubén Cela, que se atreveu a dicir sen rubor que cada vez que visita o país nota unha melloría a nivel económico e social: «Venezuela vai, cada vez máis, a mellor». Iso é como cando Errejón dicía que comían tres veces ao día e que respectaban os dereitos e as liberdades da oposición. A señora Pontón, que hoxe non está aquí para dar a cara.... Señorías do BNG, miren para a cara —se poden— dos venezolanos que están aí arriba —que moitos deles tiveron que vir aquí forzosamente: saíron do país, deixaron alí as súas familias e os seus amigos— e díganlles que vostedes defenden Maduro. E pregúntenlles se eles notan esa melloría que vostedes din que se ve en Venezuela. Recoñezan ante eles, como fixeron nese comunicado que emitiron, que, tras as eleccións que saúdan o reelecto presidente Nicolás Maduro, lle desexan un futuro de paz e prosperidade. Díganlles a eles —a eles— como fixo a súa eurodeputada a tempo parcial, a señora Miranda, que «xa poden mastigar allos» —ríanse, señorías, ríanse... (*Aplausos.*) Non ten ningunha graza, señora Presas; non ten ningunha graza—. Afirmen ante eles, como dixo Rubén Cela: «Eu non vexo represión. O sistema electoral venezolano é un dos máis garantistas do mundo». (*Aplausos.*)

Señorías, non recoñecer Edmundo González como presidente é descoñecer o voto dos venezolanos; é negarlles o seu dereito soberano a elixir os seus representantes; é furtarlles a democracia. E, por moito que Maduro a queira adiantar, non hai Navidad que lle devolva a liberdade, señorías. (*Aplausos.*)



Neste momento crítico, a nosa obriga como demócratas, como pobo irmán e como terra de acollida é levantar a voz en defensa da democracia e dos dereitos humanos en Venezuela. Por unha transición pacífica cara a unha democracia plena; polo fin da violencia, da opresión política e da exclusión social e económica. En definitiva, por unha Venezuela libre.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos prolongados.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidente, bo día.

Sobre todo, bo día a toda a comunidade venezolana que hoxe nos acompaña aquí neste Parlamento: un saúdo para todos eles e para todas elas.

Señora Prado, menudo papelón —menudo papelón— tivo que facer vostede hoxe aquí, ¿jeh!? Xa sei que lle vai no cargo, pero non debe ser fácil. Non debe ser fácil porque vostede ten que superar o espóiler de onte do señor Trenor; ten que superar a baixada ao fango de onte da señora Álvarez de Toledo; e, sobre todo, porque vostede ten que manter unha postura que, ata o de agora, aínda non coñecemos ben do Partido Popular porque leva dous meses dando bandazos. Dous meses dando bandazos e lanzando unha bomba de racimo para facer dano ao Goberno de España, que é o único que pretenden; é o único fin. E o resultado desa bomba de racimo é unha explosión cunha onda expansiva que é o total ridículo que está a facer o Partido Popular.

Decía Ayuso, hai dúas semanas, que tiñamos que exiliar urxentemente a Edmundo González en España porque corría o risco de asasinato; dicía, hai unha semana, o señor Sémper que non valía o asilo unicamente, se non se recoñecía como presidente; e González Pons dicía que, a verdade, o candidato electo non era o señor Edmundo González, senón que era a señora Machado. Pero, ¿que está a facer o Partido Popular? O Partido Popular está a facer un ridículo espantoso, seguindo unha liña totalmente independente da Unión Europea e da comunidade internacional, e o único que está a facer é poñer en risco o pobo venezolano pola crispación que está a causar.

Isto é un circo, un circo total, e unha falla de consideración ao pobo venezolano. A verdade é que vostede fixo tal mestura que eu non sei moi ben por onde empezar. E, como di unha sabia, a miña compañeira Longueira, vou empezar polo principio. (*Murmurios.*) Para ser rigorosos... —si, unha sabia—. Para ser rigorosa vou dicirlle, mire... (*A señora Castro Rey vírase cara ao presidente.*) (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

O señor PRESIDENTE: ¡Silencio, silencio!

A señora CASTRO REY: Vou empezar polo principio, sempre polo principio.

Pois, miren, non pasaran nin doce horas dende o peche das mesas electorais en Venezuela, e o Partido Popular xa falaba de «tongo» e chamaba á «mobilización civil», co risco que



isto podía ter nese territorio. O BNG, por outra banda, felicitaba a Maduro pola súa vitoria; unha vitoria que tiña un tufo antidemocrático que cruzaba todo o Atlántico. E, ¿que facía o Partido Socialista e o Goberno de España, de Pedro Sánchez, a través do seu ministro de Exteriores, Albares? O seu ministro de Exteriores exixía publicamente a publicación das actas electorais ao Consello Nacional Electoral Venezolano, convertendo España no primeiro país da Unión Europea en exixir oficialmente transparencia ás institucións venezolanas.

E lémbrolle o Twitter de Edmundo González, o día 31 de xullo, agradecendo, entre outros, a España e á Unión Europea por instar ao respecto a vontade dos venezolanos —sobre isto vostede non comentou nada na súa intervención—. E hai unha semana, na mesma liña estaba Josep Borrell, o xefe da diplomacia europea —que ten carné socialista, lémbrolle—, que dicía que se respectase a liberdade, a integridade e os dereitos humanos en Venezuela; e pedía que se parase a represión e o acoso á oposición e á sociedade civil e que se respectase a vontade do pobo venezolano.

Pois nesa liña é onde estamos nós, na mesma liña da Unión Europea, que a semana pasada manifestou que non ía recoñecer a lexitimidade democrática de Maduro ata que non se presentasen as actas oficiais, apoiando o Goberno de España, que foi o que liderou esta postura, e pediu un paso máis incluso na Unión Europea, que foi aplicar sancións contra este réxime.

Hai uns días, este luns, chegou Edmundo González a España, que elixiu o noso país para exiliarse, e agradeceu a postura do Goberno de España, que lle deu a opción tamén de quedar en Venezuela na embaixada. Esas teorías conspiranoicas que mencionou vostede e mencionou onte Álvarez de Toledo, que parece que estean asumidas polo espírito —non sei— de Miguel Bosé, porque non teñen sentido ningún.

Deixen de enturbar. Dende o Grupo Socialista, os socialistas de Galicia, o que pedimos ao Partido Popular é que deixe de enturbar; que deixe de difundir información non veraz; que deixe de intentar confundir a sociedade e os moitos venezolanos que viven en Galicia; e que non entren na senda da mediocridade política en que se atopa a señora Ayuso e, de remolque, o señor Feijóo; e que non sexan responsables, con ese falso ruído que están creando co único fin —como dicía ao inicio— de intentar sacar rédito político en España, porque están vostedes utilizando un grave e un serio problema que ten o pobo venezolano.

Señorías do Partido Popular —insístolles—, deixen de facer o ridículo. Sigán a senda, que estamos a seguir nós, de responsabilidade e de seguimento do que está a facer a comunidade internacional porque é moi perigoso o papel e o lugar onde se están vostedes colocando; é moi irresponsable e pode xerar incluso unha escalada de violencia no seu territorio. Eu píddolles que traballemos xuntos —traballemos xuntos— e de forma responsable polo respecto á democracia do pobo venezolano.

Miren, señorías do Partido Popular, nós, os socialistas, sempre estamos a favor dos valores da democracia, da xustiza e da humanidade en todas as decisións que tomamos. Os socialistas estamos ao lado da democracia, pedindo respecto aos dereitos fundamentais en relación coas eleccións de Venezuela, pero tamén en relación cos recortes de dereitos que se



están a levar a cabo na Arxentina ou no Salvador, ou en relación coa guerra de Ucraína ou co xenocidio que está a acometer Israel en Gaza. Non distinguimos de territorios.

E nós queremos e reivindicamos uns comicios libres e transparentes e o respecto á democracia en Venezuela. E así están, na mesma liña, o noso presidente e o noso expresidente, o señor Zapatero. Lémbrolles que o señor Zapatero se enfrontou a Hugo Chávez, que foi o pai político do señor Maduro, para defender o presidente Aznar. ¿Cando foi que alguén do Partido Popular se enfrontou a algún socialista para defendelo fronte a alguén de fóra? ¡Pediú respecto para Aznar por ser un expresidente! ¿O mesmo respecto que pediú Feijóo cando chegou Milei a insultar as nosas institucións e a cuestionar o Estado de benestar de España? O mesmo respecto. Zapatero é un exemplo de diálogo e de consenso, e por iso leva unha década como observador internacional; en cambio, Aznar será recordado por esa foto dos Azores.

E dígolles que, no actual manual do Partido Popular, a diplomacia, a mediación e a prudencia non existen, porque lles lembro que tanto Rajoy, como Margallo ou como Dastis traballaron con Zapatero para acadar unha estabilidade política en Venezuela. Por iso lles pido que o que necesitamos —e o que necesita sobre todo o pobo venezolano— é que actuemos con responsabilidade, prudencia e diálogo; e é o que nos piden tamén María Corina Machado, Edmundo González e todos os líderes da oposición venezolana.

E vou rematar a miña intervención cunhas verbas de Neruda, que dicía: «*Ultras de izquierda y ultras de derecha, duros de la derecha y de la izquierda, trabajan juntos en la misma brecha para que la victoria conseguida por un pueblo que lucha y que recuerda todo lo manden ellos a la mierda*».

Señorías, o Partido Socialista non vai entrar nese xogo nin duns nin doutros. Non imos apoiarnos na crise dos venezolanos para embarrar o terreo político, senón que nos mantemos na postura de ser responsables, de reivindicar a democracia, de afirmar rotundamente que o pobo venezolano votou pacificamente, polo que merece un escrutinio verificable, con transparencia e rigor. Creo que temos todos de forma unánime que apoiar, dende aquí, o pobo venezolano no seu anhelado de democracia e dun futuro en paz e en convivencia.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario Mixto, o señor Ojea.

O señor OJEA BOUZO: Grazas, presidente.

Moi bos días, señorías.

Unhas veces, un opina sobre o que sucede en determinadas partes do mundo, polo que lee nos periódicos, polo que lee nos libros, polo que escoita na radio e polo que ve na televisión; e outras veces, un opina do que pasa no mundo por experiencias máis ou menos directas, propias ou de persoas cercanas, moi cercanas ou ao mellor non tan cercanas, que lle van contando o que sucede nesas partes, ¿non?



No caso concreto da provincia de Ourense e de Venezuela —imaxino que todos vostedes saben—, en amplas zonas da provincia, nomeadamente, por exemplo, en toda a comarca de Celanova, que ocupa bastantes concellos centrados nesa cabeceira de comarca —eu penso—, non hai familia na cal, polo menos —xa non vou dicir—, un, —vou dicir— dous ou tres membros non estivesen ou non estean en Venezuela: en Caracas, en Valencia etcétera. E iso fai que os ourensáns teñamos moita información de primeira man do que pasa en Venezuela e do que leva pasando en Venezuela desde xa hai décadas.

E, desde logo, este réxime de Venezuela, e —ben, é o mesmo—... o do anterior presidente, non lles leva feito absolutamente ningún ben aos galegos que estaban alí e, en particular, aos ourensáns que están alí. Cóntanse por centos os casos —podería poñer incluso nomes, apelidos, aldeas ou pobos da provincia de Ourense para identificar mellor os casos de que agora vou falar en termos xerais— de persoas que tiveron que deixar alí as súas propiedades; persoas ás cales lles foron ocupadas as súas fincas, as súas casas de campo, os seus negocios; persoas que se viñeron, ás veces co posto, e que seguen vindo. E, afortunadamente, moitas delas conservan as casas que foron dos seus avós, dos seus familiares, que as poden acoller, que lles poden buscar traballo; traballo que, ás veces, non é fácil, porque aínda que teñen as titulacións académicas —ás veces de certo nivel— e universitarias, ao mellor, teñen problemas para homologalas, e teñen que traballar, tendo unha formación extraordinaria en diferentes aspectos, ao mellor, do que haxa, loxicamente.

E —xa digo—, non hai dúbida de que Venezuela leva tempo sendo unha ditadura; non hai dúbida para quen coñecemos os casos concretos e as historias concretas que, loxicamente, non teño tempo de enumerar e que estou seguro de que tamén vostedes coñecen —pode ser— en maior ou menor medida. No meu caso, a miña compañeira de vida naceu en Caracas e coñecemos bastante ben o tema. Non hai dúbida de que en Venezuela non hai democracia e de que leva moito tempo sendo para os galegos e para os ourensáns, en particular, un réxime hostil porque, os que foron para alá montaron a súa vida facendo negocios, traballando, tomando iniciativas empresariais, e agora teñen que volver ou xa volveron —algúns xa hai anos; xa cando foi aquela crise da moeda—.

E, loxicamente, nós, os ourensáns, non podemos estar con esa clase de experiencias; non podemos apoiar o réxime de Venezuela, que —como digo— maltratou os galegos e os ourensáns. Eu penso —eu non estou pensando no pobo venezolano, en xeral, que esa é unha cuestión internacional— nesa Galicia do exterior, nesa Galicia de Venezuela, e así como noutra ditadura. América do Sur acolleu emigrantes de aquí, que se exiliaron —digamos—, que os trataron ben, e conseguiron sobrevivir, e conseguiron desenvolver as súas empresas, e conseguiron incluso fomentar o espírito do pobo galego, pois agora, está sucedendo un pouco ao revés. Os galegos agora de alí están fuxindo dunha ditadura; ademais, é unha ditadura que vai pechando a espiral porque as ditaduras —saben vostedes— clasifícanse de dúas maneiras: as que son aperturistas e van abrindo —abrindo— ata converterse en ditabrandas, e, ao mellor, despois, poden desembocar mesmo nunha democracia máis ou menos aceptable; e logo, están as ditaduras que pechan, que se fan, cada vez, máis totalitarias e que acaban colapsando, loxicamente, porque non hai outra saída, e moi probablemente Venezuela acabe colapsando. É así a dinámica histórica, salvo que a comunidade internacional tome medidas,



que non sei cales poderán ser, porque é un tema moi complicado, efectivamente; é un tema de cuestión internacional.

Eu voume centrar agora mesmo nos galegos e nos ourensáns que están fuxindo de alí, que teñen que ser acollidos e que perderon o que tiñan. Agora, ¿que hai democracia en Venezuela? Eu non podo dicir se o presidente lexítimo é Edmundo porque loxicamente o noso partido non ten información. Ao mellor vostedes teñen máis información porque están en partidos grandes que teñen moitas ramificacións, incluso internacionais; están nas internacionais dun signo ou doutro. Nós non temos información máis que dos galegos de Venezuela, dos venezolanos e dos fillos ou descendentes de galegos, que veñen ou que están alí, que teñen dificultades para saír, que teñen que subornar para conseguir determinados documentos, como sucede nesa clase de réximes. E, ¡claro!, non temos información.

O lóxico sería que se fixesen públicas esas actas. Non comparto o que dixo, creo que foi a portavoz do Partido Socialista, de que foron unhas eleccións libres; para nada, en absoluto, non foron unhas eleccións libres, e, podemos —se fai falta— traer casos particulares, de presións e de represión nas votacións.

Bueno —xa lles digo—, sen coincidir exactamente con todo o que dixo o Partido Popular porque, ¡claro!, aquí cando se vota, vótase en baixa resolución. As cousas teñen moitos matices, pero ao final un ten que decidirse e votar a favor, en contra ou abstención; esta pixelada —así a cousa— votaremos a favor da proposta do Partido Popular.

Xa digo, se aumentásemos a resolución na votación, ao mellor habería que matizar, pero, ao final, hai que tomar unha postura, e a nosa postura —a miña postura particular— é ver se en Venezuela as cousas empezan a mellorar para os galegos; a ver se o pobo venezolano pode ser o que foi noutros tempos: un país democrata e un país libre.

Nada máis, grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, a señora Rodil.

A señora RODIL FERNÁNDEZ: Grazas, presidente.

Bo día a todas e a todos e (*A señora Rodil Fernández diríxese á tribuna de convidadas e convidados.*) bo día tamén a todas as persoas que nos acompañades desde a bancada.

Eu lamento, señorías do Partido Popular, que fagan hoxe aquí o que nos teñen acostumados sempre, que é instrumentalizar e usar de maneira partidista, neste caso, unha situación política e económica complexísima, como a que atravesa Venezuela e o pobo venezolano, única e exclusivamente para facer o de sempre: o «*pim, pam, pum*», de sempre, de todos os días aquí dentro, utilizándovos, a vosoutros tamén, e as vosas vidas como unha bóla arreboladiza para tirarlle no pico da cabeza ao resto das forzas desta Cámara.



E vostede persoalmente, señora Prado, tamén. Dedícase a enlamar e a incendiar, que é o que fai todos os días. E, ademais, neste caso, utiliza ese sufrimento e unha complexísima situación —insisto— política e económica como a que atravesa Venezuela e o pobo venezolano para desviar a atención dos problemas reais que viven as galegas e os galegos aquí. Intentan tapar, o Partido Popular, ao longo desta sesión plenaria, xa desde o día de onte, para que non se fale dos 470 millóns de euros de sobrecusto na construción do Álvaro Cunqueiro, para que non se fale e para intentar desviar a atención dos 2.311 contratos dados a dedo á empresa que controla e que dirixe a irmá do señor Feijóo, aquí en Galiza; dos máis de cen millóns de euros que sacan todos os anos do público para cebar o negocio das empresas privadas nas residencias de maiores ou, nestes días, que está aínda aberto o proceso de licitación, de máis de sete millóns que van entregar a empresas para facer negocio coa atención das mulleres vítimas de violencia machista. (*Aplausos.*) E é lamentable —é moi lamentable— que se queira instrumentalizar a situación do pobo venezolano e as vidas de miles de persoas para tiralas no pico da cabeza do outro e intentar tapar e desviar a atención sobre os problemas que atravesada este país.

No BNG non imos apoiar esta iniciativa. En primeiro lugar, no BNG non imos apoiar esta iniciativa —sábena ademais as persoas que están na bancada de convidadas— polo inxerencionismo que representa nos asuntos internos dun país. No BNG sempre defendemos —sempre defenderemos— o respecto escrupuloso ao dereito internacional, a comezar pola soberanía nacional dos Estados, pola resolución pacífica e política dos conflitos —sempre desde do diálogo— e, por suposto, pola non-inxerencia nos asuntos internos de ningún país por parte de terceiros, tampouco no de Venezuela. (*Aplausos.*) ¿Que é o que pide hoxe o Partido Popular nesta iniciativa? Que un Goberno, neste caso, o do Estado español, reconeza o candidato opositor, o señor González, como presidente, porque si —¡porque si!—, señorías, e —non sabemos—, polo menos, esta mañá aguantarán con esa posición; pola tarde, xa non temos tan claro que van defender polos bandazos, efectivamente, que levan dando ao longo destes días.

Hai uns días, efectivamente, pedíase a protección internacional para esa persoa, asilo político. Aparece despois de que fose —pois non sei— traído por un avión da forza aérea española, e aí xa hoxe a señora Prado volvía dicir que lles parecía fatal. Hai días que o que me aterra é que vostedes busquen mártires.

Eu tamén, nestes días, lembraba que se piden agora recoñecementos internacionais a supostos presidentes lexítimos e, ¿quen se acorda do último xa? ¿Quen se acorda xa do señor Guaidó? *Otro juguete roto del Partido Popular* e da comunidade internacional, que o único que buscan é seguir alimentando o conflito, a crispación e o incendio que hai en Venezuela desde hai tantos anos. (*Aplausos.*)

Onte, o PSOE, que tamén o recoñeceu no seu momento e que lle daba todo o apoio internacional, xa se emendaba a si mesmo, e dicía ¡que que erro fora recoñecer un señor que —eu quero lembrar— se autoproclamou presidente nunha praza!; iso non resolve conflitos, non axuda a desatascar situacións complexas, en termos políticos, senón que segue alimentando os incendios. A vostedes —insisto— non lles preocupa, nin o máis mínimo, o que acontece en Venezuela nin a situación que vive o pobo venezolano. O único que intentan é aproveitarse



da complexa situación que atravesamos o país para facer un uso electoralista e para ver se rapiñan un par de votos. É lamentable, é triste e con nosoutros non contan niso.

Miren, señorías, se a vostedes lles preocupase o máis mínimo a seguridade internacional, a paz internacional, a democracia —eu que sei—, a vida humana... dirían algo do que está acontecendo co pobo palestino. ¿Trouxo o Partido Popular aquí, despois do masacre de máis de corenta mil persoas asasinadas desde o mes de outubro —xa no me vou remontar aos 76 anos de ocupación e exterminio—, de máis de corenta mil persoas?; ¿trouxo algo aquí o Partido Popular?! Nada. ¿Dixo algo das máis de dezaioito mil crianzas asasinadas baixo as bombas na Franxa de Gaza?! ¿Dixo algo dos nenos que morren nada máis nacer porque non teñen leite que levar á boca ou dos que están morrendo por enfermidades erradicadas —erradicadas— porque non son capaces nin de beber auga en condicións de salubridade?! ¿Dixeron algo? Non. Peor aínda, votaron en contra cando o Bloque Nacionalista Galego quixo traer ese rexeitamento internacional a un masacre, a un xenocidio. *(Aplausos.)* A vostedes, señorías do Partido Popular, non lles preocupa nin a paz, nin a democracia, nin os dereitos: ¡se piden sacar a Armada ao Atlántico para frear as persoas migrantes que foxen da miseria, da guerra e da persecución política pola ruta Canaria! ¡Se se negan a acoller nenos —¡nenos!— migrantes!

Miren, señorías do Partido Popular, as eleccións e os gobernos para vostedes son democráticas, son lexítimos e son válidos, en función dos intereses única e exclusivamente que representan, pero, sobre todo, en función do servizo de quen lles poñan os recursos naturais dos países. Nós, señorías do Partido Popular, non contan para instrumentalizar a dor nin o sufrimento de ningún pobo nin para instrumentalizar complexas situacións políticas para beneficio dun grupo político en particular. Usan isto para desviar a atención, pero tamén porque cren que nos atacan. Non é a primeira vez que o traen. Seleccionan, ¡ademais ben!, os países, ¿non?

Eu o que lles digo é o que lles dixemos tantas veces desde o BNG: nós defendemos, desde unha posición democrática, transparente e pública —non hai nin unha soa persoa nesta sala que non coñeza cal é a posición do BNG de antemán— porque defendemos os nosos principios políticos. Fixémolo sempre e seguiremolo facendo. Non nos atacan a nós, senón que están instrumentalizando o sufrimento e a dor de moita xente. Traían estas iniciativas as veces que queiran e que consideren necesario.

Nós estamos onde estivemos sempre, onde imos seguir estando: do lado do pobo e da soberanía nacional de Venezuela e de calquera pobo do mundo. O BNG sempre estivo, está e estará na defensa dunha orde internacional baseada na paz, no diálogo, na cooperación e, sobre todo, asentada nun principio fundamental, recollido no Pacto de dereitos civís e políticos e no Pacto de dereitos sociais e económicos, que é a libre determinación dos pobos, sen inxerencias, como as que vostedes traen hoxe aquí. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Polo Grupo autor da proposición non de lei, a señora Prado.



A señora PRADO DEL RÍO: Señora Rodil, señores do BNG, os venezolanos que están hoxe aquí están aquí libremente porque aquí si que son libres de ir a onde queiran. (*Aplausos.*) Ninguén os trae forzados e ninguén os utiliza.

E, se vostedes, señorías, falan de inxerencias, ¿por que falan de Palestina, señora Rodil? (*Aplausos.*) ¡Claro, claro!, vostedes son vítimas das súas propias contradicións. Din defender a soberanía dos pobos, pero, cando teñen que elixir entre defender a soberanía do pobo ucraíno ou defender Rusia, vostedes póñense do lado de Putin (*Aplausos.*) e póñense do lado de Rusia; e din defender os dereitos humanos, señora Rodil. ¿E dixeron algo ante o terrorismo de Hamás? (*Aplausos.*) Aí si que decapitaron bebés, aí si que calcinaron meniños, mulleres torturadas, violadas e queimadas vivas... (*Murmurios.*) ¡E ese é o feminismo do BNG, señora Rodil! (*Aplausos.*) Ante o terrorismo de Hamás gardan silencio, señora Rodil —¡gardan silencio!— Fale diso tamén, señora Rodil —¡fale diso, señora Rodil!—. (*Aplausos.*)

E din que defenden a democracia, pero branquean cos seus apoios os atropelos democráticos dos réximes ditatoriais, da China, de Rusia e, por suposto, de Venezuela —de Venezuela—, na súa defensa de Maduro. Efectivamente, xa sabemos cal é a súa ideoloxía, señora Rodil, por exemplo, no artigo 3 dos estatutos da UPG, vostedes defenden a ideoloxía de Marx e de Stalin —sabe vostede—. ¡Si, ríanse, ríanse!, pero eses son os seus referentes, os que teñen ás súas costas (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) máis de cen millóns de ¡a-sa-si-na-tos! —máis de cen millóns de asasinatos—. ¡Si, señora Rodil, si!, esas mortes, as mortes desas ditaduras.

E vostedes aquí, agora, veñen con que non queren inxerencias. Vostedes defenden as ditaduras que lles conveñen, porque neste Parlamento votamos nos últimos anos, máis de dúas e de tres veces, en contra da ditadura de Franco —esa que xa hai corenta anos que non hai—, e hoxe vostedes aquí non van ser capaces de votar en contra e de condenar a ditadura de Maduro; non van ser capaces de condenar a ditadura de Maduro. Pódelles a súa ideoloxía.

Miren, señorías, Maduro en Venezuela quere crear dous cárceres de máxima seguridade para as persoas que protestan na rúa contra a súa fraude electoral. Si, claro, como os antigos *gulags*; si, si, eses aos que a vostedes lles gustaría enviar... (*Murmurios.*) ¿Que lles parecería a vostedes que, despois das eleccións autonómicas, mandásemos a UPA deter a señora Pontón ou o señor Besteiro para metelos nun centro de reeducación porque non lles gustou o resultado electoral, señorías? Pois iso é o que quere facer o réxime do ditador.

Miren, xa non lles pido que asuman que a súa ideoloxía fracasou no século pasado. Sigán pedaleando nesa bicicleta estática. (*Murmurios.*) Só lles pido unha cousa, señorías: que polo menos demostren un pouco de humanidade e solidariedade.

Señora Rodil, ou se está co pobo venezolano ou se está co ditador Maduro. As dúas non caben, señora Rodil; os dous apoios non caben. (*Aplausos.*) Vostede non pode vir aquí e dicir que apoia o pobo venezolano e lanzar un comunicado o BNG dicindo que apoia a ditadura de Maduro. Iso non, señoría. (*Aplausos.*)

Nós queremos defender todo ese pobo que está sufrindo unha ditadura. (*Murmurios.*) (*O señor presidente pide silencio.*) Unha ditadura que vostedes defenden e apoian constantemente porque



comparten ideoloxía comunista con eles. Dígano abertamente, non pasa nada. Vostedes son moito de esconder as súas cousas; fixérono nas eleccións autonómicas co seu programa electoral...

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO DEL RÍO: ...e agora tamén, despois de mandar un comunicado apoiando o ditador, pretenden que a culpa das revoltas que está habendo en Venezuela tamén sexa do Partido Popular, porque crispamos. Agora resulta que nós, o Partido Popular, tamén somos os responsables da fraude electoral en Venezuela e de que a xente saia á rúa pedir que se cumpra a súa vontade nas urnas. Din que si... Bueno, pois o Partido Popular tamén é culpable agora da ditadura de Maduro.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: Non, señorías, sexan responsables. Ou se está co pobo venezolano ou se está co ditador Maduro. Teñen dúas opcións para votar agora esta PNL.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

A señora PRADO DEL RÍO: Se votan que si, votarán a favor do pobo venezolano; se votan que non, seguirán, coma sempre, do lado do ditador. *(Aplausos prolongados.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas.

(A señora Castro Rey pide o uso da palabra.)

Señora Castro, ¿para que quere a palabra?

Déanlle voz ao escano.

A señora CASTRO REY: Señor presidente, con base no artigo 76.3 do Regulamento, por unha manifestación inexacta do representante de Democracia Ourensana, que dana o meu decoro e a miña dignidade cando manifestou que eu falei dunhas eleccións libres en Venezuela. Eu o que dixen foi que dende aquí se cheiraba o tufo antidemocrático desas eleccións venezolanas. Polo tanto, quería aclaralo, porque dista moito unha cousa da outra. Eu non falei nunca dunhas eleccións libres; ao revés, o que pido é unhas actas para que se comprobe o resultado dunhas eleccións que, presumiblemente, todo apunta a que non foron nada libres e nada democráticas.

O señor PRESIDENTE: Esa matización última está ben. Eu teño dúbidas. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non, perdoen, estoume pronunciando sobre o que ela me está cuestionando. Eu teño dúbidas, sinceramente, de se se mencionou aquí esa palabra de eleccións «libres». Teño dúbidas por parte dela, da señora... *(A señora Castro Rey pronuncia palabras que non se perciben.)* Non, eu teño dúbidas. *(A señora Castro Rey pronuncia palabras que non se perciben.)* Se matiza vostede agora isto, correcto. Eu digo que soamente expresei que teño



unha dúbida, non o podo certificar. Pero si que temos algún método para sabelo. *(Murmurios.)* Podemos volver cunha especie de VAR, como no fútbol. Miramos a xogada e con base niso despois decidimos. *(Murmurios.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Bueno, vou consultalo. *(A señora Castro Rey pronuncia palabras que non se perciben.)* Sinceramente, como non o teño claro, vouno consultar. En todo caso, xa se ten en conta a afirmación que acaba de facer aquí, de que non foron unhas eleccións democráticas libres. Perfecto. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

(A señora vicepresidenta, Prado Cores: ¡Que forma de presidir...!) ¿Que forma de presidir? ¡Correcta! ¡Por suposto! *(Murmurios.)* ¿Que farías ti? *(Protestas.)* Claro. Home, por favor. ¡Vamos! *(Murmurios.)* ¿Que forma de presidir? Non sei que farías ti...

Bueno, é igual. Continuamos. Imos votar. *(Murmurios.)* Home, un pouquiño de respecto a quen está na Mesa. *(Murmurios.)* Votamos. Comezamos votando as proposicións non de lei. A primeira, do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa do señor Trenor López.

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista que non se aceptou. Foi solicitada a votación por puntos, teño entendido. Eu entendín a quen estivo no debate que alguén pediu a votación por puntos. Señor Font, ¿pediuna por puntos? *(Pausa.)* ¿Acepta? *(Pausa.)* Non acepta.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Balseiro Orol e nove deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe facer ao Goberno central relacionadas coas condicións en que están os servizos ferroviarios en Galicia.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 65; abstencións, 8.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Votamos agora a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de don Iago Suárez Fernández.

Non se presentaron emendas, pero hai unha votación por puntos solicitada por parte do Grupo Parlamentario Popular na que excluíría tres puntos, o 1, o 3 e o 4; e o resto, ¿aceptaríaos? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿Non? Ao revés, acepta o 1, o 3 e o 4. ¿Acepta vostede a votación? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Entón, votamos os puntos 1, 3 e 4.

Votamos.



Votación dos puntos 1, 3 e 4 da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Iago Suárez Fernández e D. Secundino Fernández Fernández, sobre as accións que a Xunta de Galicia debe impulsar ante os principais problemas actuais da viticultura na Ribeira Sacra.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 72.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, quedan aprobados estes puntos por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora o resto dos puntos da proposición non de lei.*

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, agás os puntos 1, 3 e 4, por iniciativa de D. Iago Suárez Fernández e D. Secundino Fernández Fernández, sobre as accións que a Xunta de Galicia debe impulsar ante os principais problemas actuais da viticultura na Ribeira Sacra.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, quedan rexeitados os demais puntos desta proposición.

O señor PRESIDENTE: *Votamos agora a proposición do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil.*

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a Olalla Rodil Fernández e tres deputados/as máis, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia co fin de que retire o Anteproxecto de lei de servizos dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia para a sociedade dixital.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona Lara Méndez López.*

Votamos.



Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a Lara Méndez López e D^a Patricia Iglesias Rey, sobre a demanda dirixida ao Goberno galego respecto da elaboración dun plan turístico integral que englobe o desfrute dos visitantes coa convivencia dos residentes e os obxectivos económicos.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 73.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei por unanimidade.

O señor PRESIDENTE: *Votamos a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de dona María Elena Espinosa Mangana.*

Non se presentaron emendas.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D^a María Elena Espinosa Mangana e D^a Silvia Longueira Castro, sobre a demanda dirixida á Xunta de Galicia para que cumpra cos obxectivos marcados no Programa funcional do novo hospital de Vigo en canto á súa actividade.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 33; votos en contra, 40.

O resultado da votación é negativo.

En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: *E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, por iniciativa de dona Paula Prado.*

Hai unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista. Señora Prado, ¿acepta a emenda do Grupo Parlamentario Socialista? (Pronúncianse palabras que non se perciben.) ¿Acepta a emenda? (A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.) Non.

(Unha deputada pronuncia palabras que non se perciben.) ¿Sí? Señora Prado, solicita a votación por puntos e pide separar o primeiro punto. (A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.) Non acepta. Entón, votamos tal e como está.

Votamos.

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a María Felisa Rodríguez Carrera e sete deputados/as máis, sobre as demandas que a Xunta de Galicia debe trasladar ao Goberno central para a adopción dunha postura respecto da situación política de Venezuela e a



proposta de resolución que se presenta co obxecto de manifestar a adhesión ás iniciativas de protesta pacífica contra o goberno de Nicolás Maduro.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 41; votos en contra, 24; abstencións, 8.

O resultado da votación é positivo.

En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.

O señor PRESIDENTE: Remataron aquí as votacións. Poden abrir as portas.

Continuamos coa orde do día, que son interpelacións. A primeira é de Montserrat Prado Cores.

Interpelación do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D^a María Montserrat Prado Cores e catro deputados/as máis, sobre os modelos de financiamento da construción das grandes infraestruturas públicas

O señor PRESIDENTE: Para formular a interpelación ten a palabra a señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

A min vanme permitir que, neste 11 de setembro, mande un saúdo ao pobo catalán no seu día da Diada, no que reclaman a súa soberanía. E tamén reclamamos a soberanía para todos os pobos do mundo. *(Aplausos.)*

Tamén quero lembrar que hai 51 anos o imperialismo americano perpetraba un golpe de estado en Chile asasinando o seu lexítimo presidente, Salvador Allende. O imperialismo, xunto coa oligarquía local comandada por Pinochet, fixeron o que sempre fan; que nunca vai de democracia, nunca vai de dereitos humanos, senón que do que se trata é de rapina, pura e dura rapina. Foi hai 51 anos e hoxe trátase absolutamente do mesmo. Non se trata de democracia, non se trata de defensa do dereito dos pobos, senón que se trata do petróleo, do litio, do Amazonas, de pura rapina. Polo tanto, un saúdo a todos os pobos que loitan contra ese imperialismo e pola defensa da súa soberanía. *(Aplausos.)*

Lamento que non estea a señora Prado porque, efectivamente, no BNG sabemos o que somos e temos orgullo do que somos, e na UPG somos marxistas-leninistas. Dígoo para que, cando lea os estatutos, os lea ben. E tamén lle quería dicir que non pasa nada, efectivamente, por recoñecer as coincidencias ideolóxicas. Eu dígo lle ao Partido Popular que non pasa nada porque recoñeza a súa aproximación e partilla ideolóxica coa extrema dereita venezolana representada por María Corina Machado. Entón, eu pído lle tamén que recoñezan esa posición claramente aliñada coa extrema dereita que representa esa oposición.

E xa indo ao obxecto desta interpelación —señor conselleiro, bo día—, o mes de xullo remataba coa publicación por parte do Consello de Contas do informe de fiscalización do contrato de concesión do Hospital Álvaro Cunqueiro. E con este informe saltaron as alarmas, ao ver como o Partido Popular usaba o orzamento público para enriquecer empresas amigas e,



mentres, os problemas da sanidade pública non facían máis que aumentar día a día. Noutra ocasión falaremos de que este verán foi magnífico, como vostedes foron dicir onte. *Hace falta valor en la escuela de calor*. Ben. E saltaron as alarmas, evidentemente. E de novo a fuxida do Partido Popular, de novo a negación da realidade, de novo a negativa a dar a cara, a negativa do presidente da Xunta a vir dar explicacións ao Parlamento galego; de novo a negativa do Partido Popular a facilitar información, de novo a negativa do Partido Popular a que se investigue. Evidentemente, diante desa negativa está o BNG para poñer todos os recursos ao noso alcance que nos dan eses 25 deputados e deputadas para que neste Parlamento si se investigue como actuou o Partido Popular con respecto ao hospital de Vigo.

Porque a pregunta que se fai todo o mundo, señor conselleiro e señores deputados e deputadas do Partido Popular, é: ¿que ten que ocultar o Partido Popular? ¿Que teme que se descubra? ¿Que quere impedir que se saiba? ¿Que quere agochar? ¿Será, por acaso, que todo o informe do Consello de Contas apunta directamente a Núñez Feixóo, como máximo responsable da Xunta de Galiza a aquela altura e, polo tanto, o responsable máximo desta actuación que fiscalizou o Consello de Contas? Igual é iso.

Ás veces o Partido Popular intenta continuamente negar a realidade. Eu o que lle quero dicir hoxe é que para saber a quen benefician as políticas do Partido Popular na Xunta non hai máis que seguir o regueiro dos cartos. Ás veces con seguir o regueiro dos cartos sábese de onde saen e a onde van chegar. E o informe do Consello de Contas apunta claramente a que o regueiro sae dos orzamentos da Xunta e os orzamentos da Xunta saen dos impostos que pagan os galegos e as galegas e van directamente aos petos das empresas amigas, das empresas das familias. (*Aplausos*.) Con seguir ese regueiro, non fai falta absolutamente nada máis.

E coa publicación do informe o Consello de Contas púxolle datos e púxolle cifras á estafa que supuxo a licitación, a construción e a adxudicación de servizos non sanitarios do Álvaro Cunqueiro. E vén ratificar o que denunciámos dende o primeiro momento no BNG: que a decisión do Partido Popular de cambiar o modelo previsto foi e é un negocio moi lucrativo para as concesionarias e ruinoso para as arcas públicas, para os galegos e para as galegas. Os datos dese informe do Consello de Contas, dende logo, non acompañan o relato do Partido Popular. E, a pesar diso, seguen negando a realidade.

O Partido Popular si que mente sistematicamente e terxiversa a realidade. Podo dicilo tranquilamente, porque o presidente da Xunta di que *esto es lo normal* e que non hai nada que dicir. Entón, o Partido Popular, efectivamente, mente. Porque o que constata o Consello de Contas é que hai un sobrecusto.

Eu lamento que non estean aquí os máximos responsables, pero logo pódennlle contar ou poden ver o vídeo. E hai un sobrecusto. Si, si. Non un sobrecusto da adxudicación e a respecto desa adxudicación ou desa licitación, como tramposamente pretendeu hoxe explicar o presidente da Xunta e onte o voceiro do Partido Popular, o señor Pazos. O que di o Consello de Contas é isto: (*A señora Prado Cores mostra un documento*.) é que houbo un sobrecusto polo modelo escollido, ¡polo modelo escollido! Porque se escollesen o modelo tradicional, é dicir, facendo directamente a obra a Xunta, o custo sería de 1.226.346.131; pero, ao escoller o modelo de colaboración público-privada e licitar conxuntamente construción e servizos, o so-



brecusto foi de 476.469.422. Un sobrecusto pola escolla ideolóxica do Partido Popular. (Aplausos.) Este é o sobrecusto —señor Rueda, pode mirar o sobrecusto, efectivamente— e non as mentiras e a terxiversación da realidade que fai sistematicamente o Partido Popular, que pretende tratarnos de imbéciles.

¿E que di o Consello de Contas? Que dos antecedentes documentais non se desprende que a opción escollida fose a mellor; que non hai nada que xustifique que en termos de eficiencia, eficacia, economía e custos fose máis vantaxosa esta escolla. Que o Sergas licitou por 374 o que é a construción e que logo o canon estableceuno por 659 millóns de euros; é dicir, un beneficio do 76 por cento. ¿Que empresa ten ese beneficio empresarial, señor conselleiro? Segue dicindo o informe que hai un aumento continuado do canon, que se establecía que nunca podería superar os 60 millóns de euros e no último exercicio fiscalizado xa estamos no 71 e no orzamento do ano 2024 xa está en 80 millóns de euros. Polo tanto, vostedes incumpren iso. Di que a fórmula de actualización non é de recibo que se actualice segundo o IPC, o que é o canon pola construción. Vostedes actualizan segundo o IPC tamén o canon da construción, cando só deberían ser os servizos. Que houbo redución da superficie e doutras cuestións e iso non significou minoración do custo. Que non existe concordancia entre os servizos complementarios non clínicos e os previstos. Que a ampliación da concesión de servizos a outros hospitais non ten sustento legal. Que o mesmo acontece con que estaba previsto tres anos de construción e dezasete de execución e vostedes regaláronlle tres anos máis; pasou a vinte. Que houbo redución da capacidade en relación co proxecto inicial. É dicir, toda unha serie de cuestións, incluído que o control da execución por parte da Oficina Técnica de Seguimento non cumpriu os máis mínimos estándares. Que ese control foi feito e pagado pola empresa e foi posta á fronte unha persoa do Partido Popular.

Podo seguirlle, pero non teño tempo. E o problema, señor conselleiro, é que estas decisións teñen consecuencias na calidade asistencial. Porque, mentres vostedes lles regalaban millóns de euros a empresas privadas, á UTE encabezada por Acciona, resulta que estaban practicando recortes inmisericordes no sistema público, estaban aplicando recortes inmisericordes na atención primaria, estaban paralizano e conxelándolles as melloras salariais e profesionais aos profesionais do Sergas e non estaban solicitando a formación das suficientes prazas MIR. É dicir, mentres facían todo isto para a sanidade pública, vostedes entregábanlles millóns de euros á sanidade privada.

E con eses 470 millóns de euros, señor conselleiro, podíase ter mellorado e renovado o parque tecnolóxico, podíase ter comprado cincuenta TAC, 89 resonancias magnéticas ou cen mamógrafos. Podíanse ter contratado máis de douscentos cincuenta médicos de familia durante vinte anos. Ou podíase ter contratado os profesionais de corenta ambulancias medicalizadas durante dez anos. E poderíamos seguir así. É dicir, que á parte de ser un espolio, á parte de ser un enriquecemento ilícito para estas empresas que investigaremos nesa comisión de investigación, iso ten consecuencias.

E, polo tanto, señor conselleiro, o primeiro que lle quero preguntar é se vai vostede agora actuar como conselleiro de todos os galegos e as galegas, vai rectificar e vai tomar medidas para que a área sanitaria de Vigo teña suficientes recursos na sanidade pública, un hospital onde toda a poboación da área sanitaria poida recibir prestación sanitaria na pública e non



dependen da privada. E pregúntolle se vai actuar para rescatar o Álvaro Cunqueiro das gaudupas, neste momento, da multinacional francesa e vai deixar de trasladar recursos públicos para a mesma.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Ten agora a palabra o conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez Camaño.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Señora Prado, plantéxame vostede unha viaxe ao pasado. ¿Realmente necesitan manipular o pasado porque non atopan nada mellor no presente? Fraguou un mal futuro.

Por certo, señora Prado, ¿onde está a catástrofe apocalíptica sanitaria do verán? Por certo, señora Prado, ¿onde está a ambulancia medicalizada do Salnés? Esa ambulancia que vostede xurou e perxurou que non retornaría á súa base ata finais de outubro. Leva nove días na súa base no Salnés. Protexa máis a súa credibilidade, sobre todo no aspecto sanitario. E, especificamente, a capacidade predictiva e divinatória.

Vénlle dedicando moito esforzo a criticar a construción do Álvaro Cunqueiro nestas últimas semanas. Será para compensar —imaxino— os nove anos de éxito da sanidade pública neste hospital. As afirmacións que vostede fixo nesta Cámara o único que tratan é de trucar a realidade e enganar os galegos. Porque, mire, nin é certo que houbese sobrecusto nin é certo que se reducise a superficie hospitalaria nin as camas. Non se debe mentir neste Parlamento, nin se debe falar da construción dun centro de hai trece anos sen contextualizar a situación social e económica dese momento.

Para que fagan vostedes un pouco de memoria, daquela estabamos sufrindo unha das maiores crises económicas da historia recente. Unha situación que desencadeou políticas de austeridade en todos os países. Esas directrices vidas desde Europa afectaron as administracións públicas de todas as cores políticas e aplicaron fortes axustes e controis para conter tanto o gasto público como o déficit. Ante esta situación houbo que priorizar e pospoñer algunhas intervencións non esenciais. Pero este Goberno galego sempre tivo claro que o novo hospital público de Vigo era algo inaprazable. (*Aplausos.*) O tempo avaliou o acerto desa decisión.

Vostedes o único que fan é criticar e falsear a realidade. Estaría ben que lles explicasen aos galegos por que o BNG, logo de catro anos de Goberno bipartito, non puxo nin un só ladrillo do novo hospital de Vigo. Digan a verdade: non sabían como facelo. Este Goberno da Xunta, pola contra, considerou que era tempo de actuar. E iso foi o que fixo, executar un hospital público de vangarda e punteiro nos peores anos da crise económica. Vostedes nos catro anos que gobernaron modificaron o proxecto do hospital, modificaron o procedemento de licitación e presentaron en reiteradas ocasións unicamente unha maqueta. Pero non levantaron



nin unha pedra da nova infraestrutura sanitaria. Isto non é unha opinión; son feitos por todos constatables. O resultado que se atopou este Goberno no 2009 foi unha maqueta e un proxecto do hospital que era totalmente irrealizable. Xa non é que vostedes non fixesen nada, é que aínda por riba tratan de ocultarlles aos galegos a realidade. E o que non din é que xa daquela o Goberno bipartito da Xunta explorou a vía de colaboración público-privada. Non o digo eu, dino no *Faro de Vigo* o 18 de maio de 2008. Aquí está. (*O señor conselleiro de Sanidade, Gómez Caamaño, mostra un documento.*) (*Aplausos.*) Señora Prado, o que fixo este Goberno foi transformar un proxecto economicamente irrealizable nun hospital viable acorde ás circunstancias, para dotar dun hospital público de futuro e de vangarda, do que hai preto dunha década que se están beneficiando os veciños da área sanitaria de Vigo.

Iso si, un hospital que se construíu respectando as superficies e dotacións asistenciais. Porque o que vostedes non din é que a superficie hospitalaria construída respecta escrupulosamente o que recolle ese proxecto. O proxecto básico ao que alude o informe do Consello de Contas compara áreas funcionais, que non se teñen en conta no proxecto de execución. Non se trata de parámetros comparables; non son superficies equivalentes. Vostedes tamén o deberían saber, pero prefiren dicir medias verdades e enganar os galegos. Ademais, hai que ter en conta que o hospital público Álvaro Cunqueiro continúa a medrar con áreas non recollidas no informe do Consello de Contas, por ser posteriores ao período de fiscalización.

Señoría, insisto, naquel contexto de crise e contracción orzamentaria resultaba imposible acometer novas infraestruturas con cargo aos orzamentos, xa que unha actuación deste tipo impedía manter a prestación dos servizos esenciais. Así o recolle o informe do Consello de Contas, que hai que lelo enteiro. Iso obrigou a realizar unha análise comparativa previa das diferentes modalidades de construción, empregando a única fórmula de construción viable no contexto económico. Isto non é unha interpretación; reconéceo o propio informe do Consello de Contas.

Mire, ese informe indica que a licitación da obra, por unha banda, e dos contratos, por outra, —textualmente— «esixiría a renuncia da Administración á execución de gasto corrente ou doutros investimentos para cumprir o obxectivo de déficit para os efectos de estabilidade orzamentaria». Señoría, trece anos despois do comezo das obras o informe do Consello de Contas reconece que a fórmula elixida era a única maneira viable para construír un centro hospitalario sen comprometer a estabilidade orzamentaria da Xunta nin a prestación de servizos esenciais. Vostedes o único que fixeron cando gobernaron foi pintar no orzamento dunha sociedade mercantil pública 300 millóns de euros, sabendo que era imposible de executar.

Señora Prado, acredito as miñas afirmacións con datos, con feitos. Mire, nos catro primeiros anos do período de construción do Álvaro Cunqueiro investíronse máis de cento dez millóns de euros en diferentes intervencións sanitarias en toda a comunidade: hospital da Coruña, hospital de Ourense, hospital comarcal do Salnés, centro de saúde de Galeras en Santiago de Compostela, centro de saúde de Marín.

A decisión adoptada por este Goberno da Xunta fixo posible que Vigo tivese en menos de cinco anos o mellor hospital público de España. Un hospital que, de terse seguido o modelo de contratación tradicional, demoraría a súa construción un mínimo de quince anos. (*Aplausos.*) O tempo



de execución, a viabilidade económica e financeira e a posibilidade de manter outros investimentos sanitarios necesarios foron as principais razóns polas que se elixiu o modelo concesional para a execución do hospital público Álvaro Cunqueiro. Iso é algo que o órgano fiscalizador sinala, aínda que vostedes pretenden obviarlo. Leo textual: «Como aspecto positivo debe sinalarse que, aínda que existe demora no prazo de execución, este é inferior ao prazo medio de execución baixo o modelo de contratación tradicional». E o mesmo informe reconece que «a Administración non asumiu sobrecostos pola execución da obra.» Polo tanto, sexan rigorosos e respectuosos coa literalidade do informe.

A concesión do hospital público Álvaro Cunqueiro apóiase nun estudo de viabilidade económico-financiera e nunha memoria económica complementaria ao contrato nos que se analizaron as vantaxes do modelo. Polo tanto, a Xunta estudou en profundidade e acreditou as vantaxes da fórmula elixida, tendo en conta, ademais, que naquel momento resultaba imposible acometer novas infraestruturas vía orzamentaria.

Grazas a esa decisión que vostedes tanto critican, os veciños da área sanitaria de Vigo contan, desde hai case unha década, cun centro hospitalario público de referencia, construído nun tempo récord e que permitiu afrontar a crise da covid-19, resistindo mellor que ningún a pandemia. Ademais, en todos os seus anos de funcionamento nunca, nin na peor fase da pandemia, o hospital público Álvaro Cunqueiro chegou ao cen por cento da súa capacidade. Por moito que o repita e por moito que se empeña vostede en falar de privatización, señora Prado, sabe que está faltando á verdade. Afirmacións como a que vostede fixo hoxe aquí só se poden entender dende un descoñecemento absoluto da materia ou desde unha intenciónalidade manifesta de querer enganar os galegos.

Mire, virei canto sexa preciso para dicir cantas veces faga falta que o hospital público Álvaro Cunqueiro é un hospital público. Pero ante todo confío na intelixencia dos galegos, que non se deixan enganar facilmente. Todos os usuarios do hospital Álvaro Cunqueiro, calquera das persoas que se beneficiaron dalgunha das 5,5 millóns de asistencia que prestou este centro hospitalario, coñecen ben a realidade. Ninguén tivo que pagar nin un euro por ser atendido e tratado no hospital Álvaro Cunqueiro, simplemente porque é un hospital público.

E, se tiramos de datos, o único que lle podo asegurar é que a decisión deste Goberno foi a axeitada, porque nos catro primeiros anos da posta en marcha do hospital incrementamos en máis dun catorce por cento a actividade cirúrxica e en máis dun trescentos por cento as probas diagnósticas.

Cando piden rescatar a concesión, ¿están pedindo realmente que indemnecemos a concessionaria con centos de miles de millóns de euros? Sinto dicirlles que nun estado de dereito os contratos públicos cúmprense.

Señoría, de verdade que non logro entender o seu empeño en cuestionar a modalidade de colaboración público-privada. Foi no ano 2008 cando a Consellería de Sanidade, dirixida polos seus socios do PSdeG, encargou a unha empresa privada bastos informes que estudasen a viabilidade do modelo xurídico de colaboración público-privada. Estes informes custaron case setenta mil euros e aínda por riba deixáronos sen pagar. Se non foron capaces de



pagar unha factura, ¿como ían afrontar o custo dun hospital? Insisto, non logro entender a [...] que vostedes fan dos servizos coa privatización. Non o entendo. ¿Queren dicir que o Concello de Santiago de Compostela está privatizado porque ten concesionado o autobús urbano? ¿Queren dicir iso, realmente?

Por nós, sigan vostedes por esta liña, porque nos brinda a oportunidade de ensinarlles aos galegos a súa verdadeira faciana, pero coido que máis rédito terían vostedes se cambiasen o discurso e deixasen de usar a sanidade pública como ferramenta política.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Réplica, señora Prado.

A señora PRADO CORES: Grazas, presidente.

Cando non se recoñece a realidade, é moi difícil poder ter unha conversa minimamente razoable. Unha consideración previa, señor conselleiro. (*A señora Prado Cores amosa un texto na pantalla dun teléfono móbil.*) O 12 de agosto a empresa concesionaria das ambulancias do 061 no Salnés mandoulles aos seus traballadores unha información que dicía: «Debido ás obras que se están realizando na base do Hospital do Salnés para a mellora das instalacións da ambulancia asistencial de soporte vital avanzado, permanecerá na base do Centro de Saúde PAC de Baltar (Portonovo) durante dous meses, previsiblemente até o 31 de outubro.» Isto mandoullo a empresa. Só cambiou e puxo o seu membrete porque antes llo mandou o 061.

Vostedes poden intentar desacreditarme todo o que queiran, pero «dato mata relato»; e o dato é que vostedes mandaron esta comunicación. (*Aplausos.*) Eu alégrome moito de que rectificasen e de que volvese canto antes. Do que si que terán que dar vostedes explicacións é de por que non son capaces de comprometerse a que iso non vai volver pasar, a que para o vindeiro ano Vilagarcía e a maioría da comarca van ter unha ambulancia medicalizada e a que vostedes van colocar outra para atender Sanxenxo e O Grove e non poñer en risco a saúde e a vida da veciñanza coas súas decisións. Iso é do que ten que dar vostede contestación.

¡É que é tremendo! Vén aquí o conselleiro e di: «non, non, é que ter que volver a algo do pasado para xustificar...» ¡Pero se é o que fai continuamente o Partido Popular, que non sabe presentar ningunha medida nin alternativa sen ir ao que fixo o Bipartito! ¡É que é tremendo! ¡É tremendo! O Bipartito estivo tres anos e medio e non fixo non sei cantas cousas, e vostedes tardaron seis anos en poñer en marcha o hospital. ¡Bastante máis que unha lexislatura! E o hospital de Pontevedra leva máis de vinte anos e tiña que ser unha realidade tamén case canda ao Álvaro Cunqueiro. (*Aplausos.*) Entón, un pouquiño de prudencia, un pouquiño de prudencia.

Eu sinto dicirlle que, cando vostede acusa o BNG de mentir, está acusando o Consello de Contas. Está acusando o Consello de Contas, porque eu o que lle vou propoñer aquí á Presi-



dencia é que fagamos unha lectura pública significativa do informe do Consello de Contas, para poder ir lendo e comentando o que pon o Consello de Contas.

Porque, señor conselleiro, vostede aquí dixo que o hospital é público. O que di o Consello de Contas é que o Hospital Álvaro Conqueiro é propiedade da concesionaria, e así está rexistrado no rexistro mercantil até o ano 2035. Pono o Consello de Contas, léao vostede. Non é tan complicado, hai que ir pasando renglóns e pasando follas. Pono claramente o Consello de Contas.

O Consello de Contas di que, na escolla do modelo realizada polo Partido Popular, (*A señora Prado Cores amosa un documento.*) escoller o modelo de colaboración público-privado en vez de escoller a realización pola propia Xunta supuxo a diferenza de 469.422 euros. Que logo di que entre o que se licitou e a execución non houbo sobrecusto. Pero non estamos falando diso; o que pasa é que vostedes son uns trileros, son uns auténticos trileros. (*A señora Prado Cores amosa un documento.*) Este é o sobrecusto polo modelo escollido. ¡Polo modelo escollido! Así de claro.

Se queren facémoslle esa lectura e poñemos páxina por páxina, artigo por artigo. Porque con vostedes é imposible ter un debate normal, porque negan até o que está en informes oficiais dun organismo estatutario, que non é calquera cousa ¡Non é calquera cousa, por favor! (*Aplausos.*) Cando vostedes son capaces de negar o que pon ese informe, é que son capaces de todo. Pasan a negar a realidade. E di que houbo ese subrecusto, que houbo menos superficie. ¡Señor conselleiro! Once mil e pico metros cadrados no que é a superficie do hospital e 16.000 no que é o parking.

É que di que a fórmula que se escolleu non está xustificada; que non se xustificou que non se puidese facer con medios propios; e que non se xustificou que non se puidese ir ao crédito do Banco Europeo ou doutras entidades públicas, como logo si fixeron para garantirlle á empresa facelo. Di que non estaba garantido ou que non estaba xustificado. Igual que di que non se cumpriron os obxectivos que estaban marcados, nin en superficie, nin en servizo, nin en camas; que o obxectivo era o 2.000 e que ao final no momento máis álxido foron 1.300. E ese momento máis álxido foi durante a pandemia, que normalmente son oitocentas ou novecentas as que están operativas; que hai menos camas que antes de ir ao Álvaro Conqueiro. Hai menos das que había antes xuntando o Xeral, o Meixoeiro e os demais.

Iso dío o informe do Consello de Contas dun xeito moi claro. Di que vostedes contrataron ou fixeron que a supervisión da execución da obra a fixese unha empresa creada *ad hoc* por unha persoa vinculada ao Partido Popular co domicilio na súa casa e que se constituíra uns meses antes, que pagaba a empresa e que, ademais, parte dos cartos que tiñan que ir para iso resulta que a empresa os meteu en humanización da obra, en publicidade. É dicir, estafa tras estafa. Non hai ningún apartado que analice o Consello de Contas onde non poña algún tipo de consideración negativa.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

A señora PRADO CORES: Iso é así de claro.



E, polo tanto, señor conselleiro, isto é estafa económica. Eu volvo dicirlle que vostede ten a responsabilidade agora sobre a calidade asistencial. Porque estas decisións teñen consecuencias, e as consecuencias son que vostedes actuaron para que a área de Vigo dependa da sanidade privada. Actuaron para isto no Álvaro Cunqueiro e actuaron para que cada ano se adiquen máis de douscentos millóns de euros á sanidade privada, en vez de investilos na sanidade pública. A realidade é que a veciñanza da área sanitaria de Vigo non pode recibir asistencia sanitaria en centros públicos, senón que os recibe en centros privados con menor calidade e con menor prestación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

O señor PRESIDENTE: Grazas. Os papeis.

Peche da interpelación, conselleiro de Sanidade.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidente.

En relación coa ambulancia medicalizada, nós dixemos que ía volver a principios de setembro e volveu a principios de setembro. O único motivo polo cal se podía atrasar o retorno da ambulancia era se non finalizaban as obras que se estaban facendo na base do 061.

A xente que lle enviou e que lle comunicaba a vostede iso da idea de outubro sabía perfectamente que ía retornar a principios de setembro se non había ningún problema; ningún problema, é así. Retorno cando retornou; nove días, leva alí.

Está claro, ademais, que vemos as cousas dun xeito moi distinto. Podería vir aquí falar as veces que faga falta, pero vostede nunca entraría en razón. Non é que me importe demasiado a súa teimosía, pero si me preocupa que trate de enganar os galegos. Ás veces non é só escoitar o seu propio discurso de maneira constante; ten que prestar máis atención ás explicacións que se lle dan, senón chega un momento en que isto non ten sentido.

Mire, vostede ten todo o dereito do mundo a inventarse as súas propias opinións; o que non pode facer é inventarse os feitos. Xa expliquei na miña primeira intervención que se fixo todo o necesario no difícil contexto económico daquela para facer realidade o hospital público Álvaro Cunqueiro. Estudáronse todas as alternativas e reformulouse a planificación para adecualo á mellor opción posible que permitise non comprometer a viabilidade económica e a prestación de servizos por parte da Xunta de Galicia. Non fai ningunha referencia a iso.

Non hai outro motivo, o ataque furibundo e constante que sempre está a facer parece que ten por obxecto enganar a xente máis que defender unha postura política de dubidosa lexitimidade. Desde que o Álvaro Cunqueiro abriu as súas portas foi atacado reiteradamente polo BNG día tras día, ano tras ano. Ao principio, puideron xerar vostedes incertezas na poboación. Pero, co paso dos anos, a situación é evidente para todos os pacientes que empregan o Álvaro Cunqueiro, que saben —insisto— que é un hospital público, polo que o seu discurso caeu polo seu propio peso. A realidade é teimuda e calquera galego que se achegue ata este



centro hospitalario pode comprobar de primeira man a gratuidade deste hospital público. ¡Xa está ben de mentir! (*Aplausos.*)

Vigo conta cun hospital público punteiro que dá servizo a toda a área sanitaria, é referencia a nivel autonómico e recibiu varios recoñecementos a nivel europeo —non sei se o sabe—. Un hospital público coa última tecnoloxía, perfectamente dimensionado, en constante crecemento e que incrementa cada vez máis o persoal. Un hospital público que desde a súa apertura levou a cabo máis de 5,5 millóns de procesos asistenciais só nese centro.

Mire, se collemos os datos dos catro anos de funcionamento do hospital xeral e os compáramos cos catro primeiros anos do Álvaro Cunqueiro son inapelables. A actividade cirúrxica programada incrementouse un 14,09 por cento; catro mil operacións máis ao ano, dezaseis máis ao día. As probas diagnósticas incrementáronse nun 308 por cento. As sesións de quimioterapia para adultos incrementáronse un 93,3 por cento. Na covid-19 superou en máis do cen por cento a capacidade de probas diagnósticas de PCR, comparado cos hospitais do seu mesmo nivel en Galicia. En definitiva, señora Prado, o mellor hospital da actual planta hospitalaria de Galicia.

Vostedes queren falar do pasado, pero o Álvaro Cunqueiro é un hospital de futuro, que a concesionaria ten o deber de manter novo e de entregar novo cando venza o período concesional. Xa está ben de dicir que o PP privatiza, cando foron vostedes os que máis cartos dedicaron á sanidade privada nos catro anos que gobernaron. E isto é así, si, señoría. Desde o 2009 os orzamentos totais do Sergas medraron un 38 por cento e os de concertos menos dun tres por cento. Porén, co Bipartito o gasto en concertos incrementouse un 48 por cento en catro anos. ¿Por que vostedes non lles contan tamén isto aos galegos? ¿Por que? ¿Por que non lles din a todos os galegos que cando PSOE e BNG votaban si aos orzamentos da Xunta máis do seis por cento dos orzamentos do Sergas ían destinados a concertos coa privada? Hoxe esa porcentaxe está por debaixo do cinco por cento. E lévanse as mans á cabeza... ¡Incríble!

Por centrarnos en Vigo. ¿Por que non din nesta Cámara que foron vostedes no ano 2006 os que formalizaron un acordo coa empresa Povisa para garantir o emprego privado dese hospital unha vez se abra o novo hospital Álvaro Cunqueiro? ¿Por que non o din? Algo que recoñeceu o propio Consello de Contas no informe de fiscalización específico que fixo sobre este concerto. Sobre este acordo básico pola saúde de Vigo de 2006 o Consello de Contas sinala que «semella que coa sinatura deste acordo se descartaba eliminar o carácter substitutorio do concerto de Povisa». Nós, pola contra, establecemos que ese centro sexa de adscrición voluntaria. Povisa —si, señora Prado— só atende a aqueles pacientes que libremente elixan recibir a súa asistencia sanitaria nese centro. É así. É dicir, foi o Goberno bipartito o que aprobou os documentos fundamentais que xustificaban a continuidade deste formato da existencia da concertada. «Dato mata relato», señora Prado. (*Aplausos.*)

Mire, eu vin á política para fortalecer o noso sistema público de saúde. (*Aplausos.*) Isto non é algo novo. Xa llo dixen na miña primeira comparecencia, onde lle brindei a man para superar xuntos os enormes retos que ten que afrontar a sanidade pública galega. E díxenlle ben claro que me ían atopar ao seu carón en todo o que fose fortalecer o noso sistema público



de saúde, porque creo firmemente nel. Pero atoparíame enfronte cando se utilizase a sanidade pública como arma política. Vexo que para o BNG isto non aplica.

Pola miña parte, nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, conselleiro.

Imos clarexar aquela cuestión da señora Castro e o portavoz do Grupo Parlamentario Mixto. Posiblemente foi debido... Vou ler textualmente o que se dixo, pero posiblemente foi o que nos confundiu tanto a el como a min. Pode ser xa a hipoacusia que imos tendo, porque xa imos tendo uns anos, e ademais é fácil que se confundise. Porque vou ler exactamente o que dixo e así vai quedar reflectido na acta: «O pobo venezolano votou pacificamente, polo que merece un escrutinio verificable». Isto é o que dixo. Nós, entre «pacificamente» e «libremente», pois posiblemente estea aí a confusión. *(Murmurios.)* ¡Pido perdón! Eu non dixen que non o dixese, dixen que tiña dúbidas. Claro, non escoitei ben; o mesmo que lle pasou, posiblemente, ao deputado do Grupo Mixto.

(O señor Ojea Bouzo pronuncia palabras que non se perciben.)

Si. Déanlle voz ao escano.

O señor OJEA BOUZO: Eu, cando foi o tema, íalle pedir a palabra para dicirle á señora deputada que se me equivocara que lle pedía desculpas. Pero, bueno, púxose a falar e xa non lle pedín a palabra. De todos os xeitos, atopeina hai un rato no pasillo e xa lle dixen que igual me equivocara, que xa o veriamos no vídeo e, se era así, pois as miñas desculpas. *(Murmurios.)* Paréceme que foi o que lles dixen.

O señor PRESIDENTE: Funcionou ben o VAR; efectivamente, o fútbol aporta cousas positivas tamén. *(Murmurios.)* Entón, queda corrixido exactamente e así é como se vai reflectir na súa intervención.

(A señora Castro Rey pronuncia palabras que non se perciben.)

Si. ¿Para que quere a palabra agora?

A señora CASTRO REY: Pois eu, presidente, agradezo a matización, porque é diferente dicir que o proceso electoral durante ese día transcorreu de forma pacífica a dicir que esas eleccións sexan libres.

O señor PRESIDENTE: Grazas.

Seguimos coa orde do día, agora son preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a Iria Taibo Corsanego e dous deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a redución de frecuencias realizada en determinadas liñas de transporte público metropolitano da área da Coruña, nomeadamente as que transcorren entre os concellos de Oleiros e de Sada



O señor PRESIDENTE: Cando queira.

A señora TAIBO CORSANEGO: Bo día.

Grazas, presidente.

En primeiro lugar, quería dar a benvida á representante da Plataforma polo transporte público digno e a recuperación das liñas da costa de Sada, Oleiros e A Coruña, que está hoxe aquí connosco.

O pasado 22 de xuño, o Goberno galego implantou unha denominada «racionalización do transporte público por autobús» na comarca da Coruña. Esa racionalización consiste nunha mudanza que implica, sobre todo, a división de varias das liñas de transporte que se concretan principalmente nunha parada que se establece no coñecido como lugar da Valexa. (A señora Taibo Corsanego amosa unha fotografía.) Desculpen a calidade da foto. Móstrólles aquí que as persoas teñen que baixar do autobús e atravesar por esta zona, que se ve claramente que carece totalmente de pasos de peóns, para ir á seguinte marquesiña procurar o seguinte autobús. E, por suposto —creo que é obvio xa pola imaxe—, é unha zona que carece totalmente de seguridade e complica enormemente o servizo para as persoas usuarias, tanto pola cuestión da seguridade como por todo o que ten que ver coa mobilidade das persoas que teñen limitacións de mobilidade ou complicacións de mobilidade; especialmente polos tempos de desprazamento, porque aumenta enormemente eses tempos de desprazamento entre vinte e corenta minutos máis adicionais a unha hora que poden xa experimentar os usuarios do autobús da zona de Carnoedo.

Como lles digo, desde ese momento o que estamos a vivir durante todo o verán son queixas dos usuarios e das usuarias, que afirman que, efectivamente, a Valexa non é unha estación de autobuses. Tamén o afirman os propios veciños e veciñas que viven alí, que ven como se complicou a súa situación de mobilidade debido a este cambio.

Tamén vemos que os concellos afectados, os de Oleiros e Sada, están a reclamar que non concordan con que esas liñas que comunican Sada, o norte do concello de Oleiros e a cidade da Coruña deban funcionar da maneira que se está facendo agora por medio destas denominadas «lanzadeiras». Cando un escoita o termo «lanzadeira» podería entender que é un servizo que se resolve en cuestión de minutos, mais vinte ou corenta minutos non parece que sexa unha solución moi positiva.

Como lles digo, desde entón estamos a escoitar queixas de usuarios e de concellos. Polo tanto, o único que podemos entender é que esta denominada «racionalización» só serve aos intereses da empresa concesionaria. A Xunta de Galiza estivo a facer modificacións desde entón e as persoas afectadas e tamén os concellos interesados neste asunto insisten en que non está resolto o problema.

Polo tanto, a pregunta que vimos hoxe facer aquí precisamente é esa: ¿que é o que ten previsto facer o Goberno galego para resolver o problema do transporte público na comarca da Coruña? Obviamente, non se refire só a estas liñas concretas da liña da Costa, senón que



podemos ver que estamos asistindo estes días a queixas de usuarios e usuarias de toda a comarca pola masificación e demais. Queremos saber que é o que ten previsto facer o Goberno galego para resolver esta situación.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra o señor conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, don Diego Calvo.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidenta.

Señoría, estamos de acordo en que o transporte público debe organizarse de tal xeito que se adapte ás necesidades tamén cambiantes dos usuarios. Iso é o que facemos co transporte interurbano ao longo e ancho de Galicia, que é a nosa competencia, incluídos tamén os concellos de Oleiros e Sada.

Cando botou a andar este plan foi botado cun lema que era «nin buses sen xente, nin xente sen autobús» e ese lema segue perfectamente vivente no día de hoxe. Estamos dispostos sempre a incorporar melloras sempre que sexan posibles e oportunas. ¿Que se vai facer? Pois sempre intentar mellorar o servizo en cada unha das liñas, que é o único interese, sempre e cando sexa racional, se poidan optimizar os recursos e, sobre todo, se garanta un servizo público.

Todos estes cambios aos que vostede aducía son consecuencia dun proceso de escoita e, sobre todo, de recibir moitas reclamacións por parte de usuarios e tamén por parte dos concellos. De feito, estes axustes que comezamos a introducir o 22 de xuño permitiron mellorar as conexións de Dexo e Lorbé —cosa que parece que non lle importa a ninguén— e supuxeron unha reestruturación dos servizos do corredor norte —o que vai á Coruña, Mera e Sada— para dar resposta á petición que tamén nos fixo, neste caso, o alcalde de Oleiros. É máis, en concreto, o 10 de xuño mantivemos unha reunión co alcalde de Oleiros, transmitímoslle cales ían ser os cambios e estaba de acordo. O resultado desa modificación de percorridos é que en días laborables entre idas e voltas a zona de Dexo-Lorbé triplicou por tres as conexións coa Coruña. Non está mal. É certo que se produciu algún desaxuste inicial, pero tamén é certo que en pouco máis dunha semana foi solucionado.

Ademais, dende o día 29 de xullo reforzamos outros sete servizos ao día entre A Coruña, Oleiros e Sada: cinco deles á primeira hora da mañá, que conectan A Coruña con Sada, con paradas nas parroquias de Carnoedo e de Veigue; e dous que forman parte das liñas entre A Coruña, Lorbé e Oleiros, neste momento de luns a venres. Mera conta con 34 servizos en dirección á Coruña e 36 de volta, o que supón que os veciños de Oleiros dispoñen de dúas frecuencias cada hora e ata de tres nas franxas horarias de máis demanda, por exemplo, entre as 07:30 e as 09:30. Eu coido que non está mal; sempre pode ser mellorable, pero coido que non está mal.



En Sada en días laborables están activos 22 servizos só neste corredor norte, porque sabe vostede que hai outros corredores que tamén conectan Sada coa Coruña. A metade deles directos. Pois, probablemente, poida ser mellorable, e seguro que non se adapta ao cen por cento ás necesidades dos veciños, pero tamén ten moito sentido como está estruturado no día de hoxe.

E non hai que esquecer —como lle dicía— que están activos os que conectan A Coruña e Sada por Arillo e por Oleiros polo corredor Central e Sur, que son setenta servizos ao día, con Sada, señoría —setenta servizos ao día—.

Eu coido que con estas 92 conexións diarias...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): ...non está mal o servizo como está posto. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Ten un segundo turno agora.

Réplica, a señora Taibo.

A señora TAIBO CORSANEGO: Grazas, conselleiro.

Paréceme interesante o que di sobre a racionalización e a racionalidade e, sobre todo, a parte en que fala sobre garantir un servizo público, tamén para os veciños de Carnoedo e Veigue. É certo que fixeron modificacións escoitando os concellos afectados, mais non é verdade que o Concello de Oleiros e o Concello de Sada estean, no día de hoxe, conformes con como se está organizando este servizo.

Obviamente, hai áreas que son menos populosas e requiren menos servizos, e non podemos organizar os servizos só en función destas persoas, mais tamén teñen dereito a que se fagan de xeito racional. Hai espazos de tres horas en que o servizo coa lanzadeira carecen totalmente de servizo; pensamos que deberían ter en conta isto.

Con todo, a situación que lle comentabamos das paradas e das denominadas lanzadeiras é só unha parte; só é a punta do iceberg. Estamos a ver que hoxe comezou de novo o curso escolar e houbo moita xente que volveu á súa rutina laboral. Eu recoméndolle que vaia mañá, por exemplo, ou vaia calquera día da semana á Ponte Pasaxe, por exemplo, ás oito da mañá e que vexa se non é posíbel ou se non cre vostede, como conselleiro responsábel deste ámbito, que o transporte público podería supor unha solución, polo menos unha solución parcial, para os terribes e gravísimos problemas de mobilidade que hai na comarca da Coruña, concretamente nese punto, que tamén está afectado por estas liñas e non só, senón tamén pola masificación, polos buses cheos a diario... Hoxe mesmo, aínda recibín unha queixa dun usuario que non puido chegar ao seu posto de traballo en hora porque os autobuses non paran porque están absolutamente cheos.



Insistimos en que o que lle debería preocupar a vostede, principalmente, é o interese dos usuarios e das usuarias, e non tanto a comodidade da empresa. Debería vostede obrigar a empresa concesionaria a cumprir cos seus contratos e cos horarios, coas liñas, cos traxectos e cos horarios. Parécenos tamén importante que os usuarios e as usuarias poidan dispor de información suficiente.

O señor Calvo estaba moi preocupado o outro día pola situación do ferrocarril, evidentemente, nós tamén concordamos...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

A señora TAIBO CORSANEGO: ...con que é preciso... (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas. Rematou o tempo.

Réplica do Goberno, o señor Calvo.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Mire, co Concello de Oleiros concordamos na proposta; o que pasa é que o Concello de Oleiros nos pedía que o bus nocturno que poñíamos para as festas de Perillo e de Santa Cruz o eliminásemos, e que os rapaces non tivesen o servizo do bus nocturno. Dixémoslle que non, e todo isto está por escrito; e, como lle dixemos que non, entón — como supoño que vostede coñecerá o alcalde de turno, que tamén o padecen no concello—, xa sabe a que se dedica.

E, dende logo, eu utilizo a Ponte Pasaxe moi a miúdo, case todos os días, porque vivo alí, en Montrove. Sabe vostede que parte do problema na Ponte Pasaxe se solucionaría, se se ampliase a Ponte Pasaxe, como deixamos feito o proxecto no seu día — por certo— colaborando dende a Deputación; cousa que vostedes gobernan agora alí e non fixeron absolutamente nada, pero non se preocupe. Tamén se tería unha maior circulación, se a obra da rotonda da Nacional 6, que acaba de abrir, non levase tres anos e medio facéndose; pero aí vostedes tampouco din nada.

¿E a consecuencia dos atascos é que o bus urbano non funciona? ¡Non!, o bus urbano funciona. Acábolle de dicir que, con Sada, hai setenta conexións diarias e, con Oleiros, noventa. O que se fixo foi eliminar algúns buses porque había buses que saían ás nove, ás nove e trinta e cinco e as nove e cincuenta e cinco. Non tiña sentido que un bus saíse con cinco minutos de diferenza. O que se puxo é un bus único e máis grande. E dixo vostede que vai xente de pé. Evidentemente, este tipo de percorridos en buses está permitido cando os buses non entren en autovías e a velocidade máxima non sobrepase os oitenta quilómetros por hora; está permitido que teñan un aforo de pé. ¡Claro que si, e poden ir de pé! Dixo vostede que, puntualmente, pode ocorrer que nun bus ou nun traxecto haxa unha demanda desafortada; pois pode ser que algún día pasase iso, pero non é o normal, e ese control séguese diariamente.

E en canto á eliminación dos buses e os aforos xa llo mencionei. Polo tanto, nós seguimos mellorando. Mire, dende que botou a andar este plan, van máis de —paréceme que son—



3.000 expedientes de modificacións. E non nos cerramos a seguir mellorando, porque as cousas vanse vendo no día a día.

E hoxe empezaron os colexios, efectivamente. Hai 1.100 liñas de autobuses para colexios. E seguro que durante esta semana e a que vén vai haber algún desaxuste —¡claro que si!—, pero esas son anécdotas que se comunican, e, a Consellería rectifícao tan pronto como pode, sempre e cando teña sentido; ao mellor algunha, non. Vostedes seguro que tentarán facer dalgunha destas anécdotas unha categoría. ¡Bueno, pois alá vostedes! O autobús, a verdade, funciona moi ben. O incremento do número de pasaxeiros, así o avala, e os descontos que está a facer a Xunta de Galicia para colectivos importantes, como son os menores de 21 anos e os maiores de 65 anos, tamén.

Non estamos satisfeitos porque sempre podemos mellorar; polo tanto, calquera aportación que poidan facer para mellorar unha liña, terémola en conta. Agora ben, cando se dedican a facer categorías de anécdotas, comprenderá vostede que non lle podemos prestar moita atención.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coas preguntas.

Pregunta de D^a Paula Prado del Río e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance que fai a Xunta de Galicia da nova convocatoria de axudas para a contratación de socorristas este verán

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, e por tempo de tres minutos, ten a palabra don Pablo Javier Prieto Perille.

O señor PRIETO PERILLE: Bos días, presidenta.

Bos días, conselleiro.

O artigo 25.2 da Lei reguladora das bases de réxime local e o artigo 80 da Lei de Administración local de Galicia atribúen aos concellos galegos a obriga de garantir a seguridade, entre outros espazos públicos, en praias e en piscinas de uso xeral.

O exercicio desta competencia municipal leva os concellos galegos á necesidade de contratar persoal especialista en salvamento e socorrismo. Falamos de persoal técnico que conte con profesionais formados que poidan actuar en situacións de risco ou de emerxencia que acontezan nestes espazos acuáticos. Cumprir con esta competencia municipal non é sinxelo, especialmente para os concellos máis pequenos, dado que para eles comporta un grande esforzo, tanto en recursos humanos como en materiais e en custo económico. Por iso a Xunta de Galicia, acertadamente, en concordancia cos principios de cooperación e responsabilidade, ao igual que ocorre con outras moitas áreas, colabora cos municipios á hora de facilitar estas



contratacións na etapa do ano con máis concorrencia, neste caso, no verán. A través dunha liña de axudas, a Xunta apoia os concellos galegos para sufragar os gastos de contratación de socorristas e, dese xeito, garantir durante o verán, a seguridade en praias e en piscinas. Unha convocatoria que este ano a Xunta mellorou en relación con anos anteriores, atendendo ás peticións dos diferentes concellos, tales como, non só poder contratar desempregados, senón tamén poder sufragar custos de persoal municipal, así como poder contratar persoal a través dunha empresa externa.

En resumo, a Xunta apoia os concellos galegos nos esforzos por garantir uns espazos acuáticos máis seguros e dunha maior e máxima calidade. Os socorristas xogan un papel crucial na prevención de accidentes e na resposta rápida ante emerxencias, o cal garante a seguridade de todos os usuarios das nosas praias e piscinas e, moito máis, nunha comunidade como a nosa, onde as nosas praias, areas e piscinas fluviais son dignas de eloxio por parte de todos os usuarios; de feito, pulverizamos, no ano 2024, récords, como o deste verán, con 114 espazos acuáticos recoñecidos con bandeira azul.

A presenza dos socorristas en praias e piscinas ofrece unha gran confianza aos bañistas na prevención, na seguridade e na actuación inmediata en caso de risco. ¿Que balance fai a Xunta de Galicia da nova convocatoria de axudas para a contratación de socorristas? (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Grazas, presidenta.

Moitas grazas, señor Prieto. A verdade é que vostede daba na clave: isto é unha competencia municipal. E estamos acostumados, durante os últimos meses, sobre todo por parte do presidente da Fegamp e tamén por parte de alcaldes do Bloque Nacionalista Galego, a falar das competencias impropias —é verdade; si que as teñen—; esta tamén é, pero é da Xunta de Galicia, porque estamos a axudar a levar a cabo unha competencia que non é cousa nosa. Somos conscientes da situación que teñen os concellos, e tamén neste caso, como noutros, botamos unha man; por iso publicamos unha Orde do 31 de maio deste ano, cun importe dun millón e medio, en concorrencia competitiva, e a cal, ademais, ten uns criterios que son puramente obxectivos, e sobre os cales non se pode dicir nada en contra. Pode financiar unha porcentaxe dos custos laborais, ata o noventa por cento, cun máximo de 40.000 euros; e, ademais, inclúe novos supostos: pode incluír persoal propio do Concello que se dedique a esa función durante estes meses ou incluso aqueles que poden contratar a través dunha empresa.

Froito destes cambios, tivo máis aceptación, e, por iso, en vez de 155 beneficiarios, houbo 185. Houbo moitas máis peticións este ano porque foi ben acollida polos concellos pese ao que digan algúns. Está claro que sempre teñen que estar dados de alta no Rexistro de socorristas que temos en Galicia, que é o que garante a preparación e a formación necesaria.



Durante estes últimos anos, do ano 2017 ao ano 2024, investimos once millóns e medio nunha competencia que non é da Xunta, pero —cremos— hai que estar ao lado dos concellos, repito. Ademais, axudamos na formación porque —saben vostedes— a través da EGAP dáse formación totalmente gratuíta para aquelas persoas que queiran ter ese título de socorrista. E é verdade que, xunto coa Fegamp e xunto con outras entidades, durante os últimos anos fomos reducindo os criterios necesarios para poder obter esa titulación. E é verdade tamén que temos en conta aqueles concellos que forman parte do Sapruga, que é o Plan de Protección Civil de Salvamento de Praias. Por certo, este ano entregamos a Protección Civil 2 millóns de euros de material; e levamos entregados, dende o ano 2015, 27 millóns de euros en material para que as agrupacións de Protección Civil estean preparadas ante situacións de emerxencia.

E tamén colaboramos noutra competencia, que non é nosa, que é os auxiliares de Policía Local porque somos conscientes de que hai municipios turísticos que incrementan a poboación durante o verán e que teñen que contratar xente; pois tamén colaboramos con eles cunha partida importante e levamos colaborando dende hai trece anos, con máis dun millón de euros. E permitimos que once concellos galegos turísticos, que teñen unha poboación estacional durante o verán moi grande, tamén teñan auxiliares de Policía Local e, polo tanto, se preste mellor o servizo.

Ese é o traballo da Xunta de Galicia e, casualmente, este ano sentímonos especialmente orgullosos de que máis concellos solicitasen a axuda, porque, loxicamente, é o reflexo de que están mellor pensadas, mellor indicadas e tentaremos seguir mellorándoas os anos seguintes.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica, o señor Prieto, por dous minutos.

O señor PRIETO PERILLE: Moitas grazas, conselleiro, pola concreción e pola claridade da súa contestación, nun asunto tan delicado e sensible para moitos concellos galegos.

Para o Grupo Parlamentario Popular, e para esta deputado que fala, claro que é un orgullo que a Comunidade galega luza en 2024 un total de 180 distintivos en recoñecemento á calidade e á excelencia das súas praias.

Efectivamente, a Xunta de Galicia leva moitos anos colaborando con todos os concellos galegos para que poidan mellorar a prestación dos seus servizos. E cómpre lembrar tamén que, de cara á época estival, a Xunta conta con outras medidas —como vostede ben comentou—, como a contratación de auxiliares de Policía Local. As deputacións e o Goberno central, en moitas destas áreas, nin están nin se lles espera, lamentablemente, con moi poucas excepcións en toda Galicia.

Gustaríame que nos puidese aclarar tamén o seguinte: ¿cal é o motivo, que vostede considera, polo cal outras administracións non colaboren, como fai a Xunta de Galicia, nestes ou



noutros apartados, cos diferentes concellos de Galicia? ¿Por que o BNG e o PSOE, que gobernan ou son socios nalgunhas deputacións e no Goberno de España, dan de lado as demandas dos alcaldes e das alcaldesas de concellos pequenos e non tan pequenos, a diferenza do que fai a Xunta de Galicia?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica, o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES (Calvo Pouso): Moitas grazas, presidenta.

A verdade é que esa é unha boa pregunta, e, ao mellor, teremos unha contestación dalgún dos deputados, noutra ocasión. Pero é curioso porque este verán despois de a Xunta de Galicia presentar a convocatoria de axudas, os alcaldes do Partido Socialista na Coruña protestaron contra elas. E non deixa de chamar a atención que nunha competencia municipal, onde se espera que estea a Deputación, esta non estea. Bueno, non é certo; non é certo de todo. A Deputación da Coruña estaba, pero só para os municipios do interior. Agora, para os municipios da costa, para os que teñen praias e bandeiras azuis —como dicían antes—, para eses non dá un peso; non lles dá nada. Aos municipios do interior pódelles dar entre 3.000 e 9.000 euros, pero aos da costa, que son municipios turísticos, aí a Deputación da Coruña non dá nada; a Deputación de Lugo nin existe nin se lle espera.

E non deixa de ser curioso porque a deputación é o concello dos concellos. A deputación está para aquelas ocasións en que un concello non é capaz de prestar un servizo. Tecnicamente ou economicamente, a primeira que tiña que estar aí é a deputación, pero non está, porque está noutras cousas. E é, ademais, curioso que o que se queixaba, nesa reunión de alcaldes socialistas, fose o alcalde de Pontedeume, que forma parte da Deputación da Coruña e é o secretario xeral do Partido Socialista na provincia da Coruña. Pois mira que o ten fácil para solucionar os problemas cos socorristas. E tamén protestaba o alcalde de Valdoviño —a quen teño aprecio persoal porque é veciño— pero, ¡home!, dicir esas cousas que dixon, de que a Xunta lle ten que sufragar o servizo, cando ten alí o portavoz da Deputación, onde goberna o Partido Socialista xunto co Bloque Nacionalista Galego, e non abren a boca; e a Valdoviño déixano sen axudas, mentres que a San Sadurniño llas dan, pero a Valdoviño non porque Valdoviño ten costa. Isto é o que fan as deputacións.

Nós, mentres tanto, imos seguir tentando mellorar a Orde, e, se para o ano que vén, somos capaces de conseguir máis orzamento, terémolo. E, dende logo, canto aos criterios, mencioneinos antes. Vóllelos referir para que queden claros: ¿cales eran os criterios por que se seleccionaban? Fíxense que criterios poñemos: número de zonas de baño segundo estean adheridos ao Sapruga; a poboación do concello —é importante, coido eu—; o número de bandeiras azuis que teñen; e tamén, se é ou non é municipio turístico.



Como poden ver vostedes, son criterios, única e exclusivamente, obxectivos —¡oe!, igual podemos introducir algún máis—; eu estou disposto a que, se os partidos que forman parte deste hemiciclo, teñen algunha proposta construtiva nese sentido, mellorémolo. Nembargantes, non deixen de reclamar ás deputacións que fagan o seu traballo.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coas preguntas ao Goberno.

Pregunta de D^a Raquel Arias Rodríguez e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o nivel de cumprimento do Pacto de Estado contra a violencia de xénero

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, por tempo de tres minutos, ten a palabra dona Raquel Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Grazas, presidenta.

Benvida, conselleira.

Unha moza de 33 anos falecía en Madrid, o pasado 3 de setembro, atropelada, asasinada polo seu compañeiro. Esta é a última vítima de violencia machista en España. Oito meses antes, o día 8 de xaneiro, dous nenos, Xabi, de 10 anos, e a súa irmá Noa, de 7 anos, falecían asasinados polo seu pai. Eles eran as primeiras vítimas de violencia vicaria deste ano 2024; un ano que ofreceu datos realmente dramáticos, no cal dez menores morreron vítimas de violencia vicaria; morreron dez menores en todo o ano, pero en só tres meses morreron sete menores vítimas de violencia vicaria.

Por ese motivo, en abril, en consecuencia desta repunta, convocouse unha reunión extraordinaria do Observatorio Estatal da Violencia sobre a Muller. O obxectivo era analizar a situación actual das violencias contra as mulleres e os retos existentes para a súa protección, así como o estudo de novas medidas para combater esta lacra social; unha lacra social que fixo con que, no que vai de ano, 34 mulleres morresen en España, vítimas de violencia machista, e 10 nenos morresen, vítimas de violencia vicaria.

Neste contexto —como dicía— e nesta reunión, que se celebrou en abril, falouse tamén do Pacto do Estado para a Violencia de Xénero, e os datos son preocupantes, xa que, segundo o último Informe de outubro do ano pasado, só se puxeron en marcha 60 das 290 medidas incluídas no mesmo. Todos coincidiremos en que contra a violencia de xénero só cabe o absoluto rexeitamento, a contundencia nas medidas para previlas, reparar as vítimas e tamén a axilidade no cumprimento das medidas.

Señora García, sabemos que, en Galicia, o compromiso da Xunta é incuestionable, tanto no cumprimento das medidas incluídas no Pacto que corresponde facer ás comunidades como na posta en marcha de actuacións propias; de feito, multiplicáronse por catro os orzamentos



do Bipartito e mesmo se creou unha Dirección Xeral para a Loita contra a Violencia de Xénero, que nos volve situar como pioneiros nesta materia en España. Pero só avanzaremos se imos xuntos, todos os partidos e todas as administracións.

Por iso, conselleira, eu hoxe quería preguntarlle: ¿que balance fai a Xunta de Galicia sobre o cumprimento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero?

Nada máis, nesta primeira quenda, e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para darlle resposta, ten a palabra a conselleira de Política Social e Igualdade, dona Fabiola García.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidenta.

Deputadas e deputados.

Señora Arias.

Moi bos días.

As Cortes Xerais aprobaron, en decembro do ano 2017, o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero; un pacto que, ademais, foi ratificado por todos os grupos parlamentarios, polas comunidades, polas cidades autónomas e tamén polos axentes locais que están representados na Federación Española de Municipios e Provincias; un pacto que foi posto en marcha para mellorar a resposta do Estado contra a violencia de xénero e cun período de execución de cinco anos. É dicir, señores deputados, a vixencia deste acordo rematou en decembro do ano 2022.

Pois ben, levamos dous anos —¡dous anos!— agardando a que o Goberno central actualice esta normativa para continuar loitando contra unha lacra que debemos entre todos erradicar. Pero neste caso non hai tempo que esperar; non temos tempo que agardar porque, dende a súa aprobación en España, 352 mulleres foron asasinadas polas súas parellas, 35 menores foron asasinados polos seus pais ou polas parellas das súas nais e 265 menores quedaron orfos. Son cifras moi duras e que, ademais, falan por si soas. E ante estes datos, ¿cal foi a política do Executivo nacional? Poñer en marcha un dos retrocesos máis importantes en España neste ámbito, como foi a Lei do só si é si; unha lei que supuxo que 1.450 agresores sexuais visen reducida a súa pena e que 126 saísen do cárcere.

Polo tanto, nós o que pedimos ao Goberno central é que teña sentidiño, que teña autocrítica e que tamén teña a capacidade de xestionar e de poñer en marcha medidas eficaces. Por iso instamos nestes momentos o Executivo central a renovar, canto antes, o Pacto de Estado, a incorporar medidas específicas contra a violencia vicaria ou a violencia dixital, a revisar tamén os erros do sistema Vioxen á hora de valorar o risco das vítimas que denunciaron o



seu agresor, e tamén a promulgar, dunha vez por todas, a Lei contra a trata de persoas. Ademais, neste ámbito, Galicia foi por diante, poñendo en marcha, no ano 2022, o Plan galego contra a trata.

Señorías, en definitiva, a loita contra a violencia de xénero é unha materia que nos ocupa a todos. En ningún caso debe existir beneficios nin conflitos partidistas, senón que debe existir sempre, neste ámbito, grandes acordos. Non debe existir discrepancia, senón que debe existir unanimidade, e non debe existir tampouco e nunca improvisacións, senón sempre dar certezas.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica, a señora Arias.

A señora ARIAS RODRÍGUEZ: Conselleira, os datos que vostede acaba de darnos son realmente preocupantes.

A violencia de xénero é o ataque máis flagrante contra a dignidade, a igualdade e os dereitos fundamentais da muller, como son a propia vida e a liberdade. Por iso no Grupo Popular consideramos grave a deriva ideolóxica e propagandística do Goberno socialista de Pedro Sánchez e dos seus socios, tamén en materia de igualdade de xénero, e que os está levando a cometer erros moi graves.

Xa falaba vostede da lei do só si é si, pola cal máis de mil cincocentos agresores sexuais e violadores se viron favorecidos, podendo saír antes da cadea ou mellorando as súas penas —por certo, unha lei que o Bloque Nacionalista Galego se negou a reformar para que isto non seguise pasando—. Ademais desta lei, hai outras, como a lei trans, outra lei insignia do Goberno, que deixa indefensas as mulleres vítimas de violencia de xénero cando o seu agresor sexual cambia de sexo, o cal dificulta podelo xulgar por violencia de xénero —como acabamos de ver cun ertzaintza que acoitelou a súa muller—.

Como preocupante é tamén o que vostede nos dicía de que dous anos despois de caducado o Pacto de Estado contra a violencia de xénero, o Goberno aínda non activou ningún outro. E ante esta situación, no Grupo Popular pedimos ao Goberno de España máis autocrítica, seriedade e rigor na loita contra a violencia de xénero; pedimos que non recorra a propagandas nin a pancartas e que renove o Pacto de Estado.

E mencionaba vostede o baixo cumprimento que o Pacto de Estado tivo nas súas medidas. Hai unha parte que corresponde ás autonomías. ¿Podería aclararnos como foi a execución na autonomía galega por parte da Xunta de Galicia? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica do Goberno, a señora García.



A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidenta.

Señora Arias, o Pacto de Estado contra a violencia de xénero atribuíu ás comunidades autónomas a execución de cen medidas. Durante a vixencia do mesmo, Galicia logrou executar un total de 96 medidas, o cal supón un 96 por cento do grao de cumprimento. Ademais, non soamente cumprimos co acordado, senón que Galicia foi moito máis alá e implementamos tamén medidas que non estaban asignadas ás comunidades autónomas; por iso decidimos colaborar con proxectos que preveñen cada día a violencia de xénero e a trata de persoas nos campos de refuxiados do Congo ou tamén de Uganda.

Señorías, a sociedade exíxenos actuar para poder alcanzar o obxectivo de erradicar a violencia de xénero; por iso en Galicia contamos cun amplo abano de apoios e de medidas de protección ás vítimas; por iso os orzamentos deste ano dedicados a este fin alcanzan a cifra récord de 23,5 millóns de euros, o cal supón un setenta por cento máis que o pasado exercicio; e por iso tamén —como dicía vostede—, señora Arias, creamos esa Dirección Xeral de Loita contra a Violencia de Xénero, o cal nos permite atender mellor todas as vítimas, pero, sobre todo, nos permite traballar na prevención de episodios e tamén de escenarios machistas.

Seguiremos, señores deputados, polo tanto, traballando para continuar erradicando esta lacra e impulsando cada vez máis medidas realistas e tamén eficaces.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Continuamos coas preguntas.

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a actitude do Goberno galego ante a crise humanitaria que se está a producir pola chegada de inmigrantes a España

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, por tres minutos tamén, ten a palabra dona Paloma Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.

Bo día, conselleira. Falaba vostede do cumprimento das medidas do Pacto de Estado, e eu pídolle que cumpran, polo tanto, coa implantación dos centros de crise 24 horas para as vítimas de violencia sexual, porque imos perder os fondos europeos.

Falaba vostede do drama da violencia de xénero, e a miña pregunta vai sobre outro drama, que é o drama da inmigración. E eu contemplo atónita, dende hai un tempo, como certos representantes políticos —algúns do seu partido; algúns incluso pasaron por aquí— falan deses temas, coma se estivésemos a falar dun xogo de parchís e como se esas persoas fosen fichas, é dicir, cunha total deshumanización.



Todos sabemos que a migración irregular non é un problema xerado por Pedro Sánchez; é un problema que vén agravado, dende hai anos, debido ás guerras, á pobreza e tamén aos efectos do cambio climático, que fai que moitos homes, mulleres, nenos e nenas abandonen os seus territorios, arriscando a súa vida, en busca dun futuro mellor ou, mellor dito, dun futuro.

É un problema que sofre España pola súa ubicación xeográfica, pero que afecta, o mundo en xeral, e tamén Europa. Sufrimos este verán unha chegada masiva de persoas de forma irregular, por esa inestabilidade e por esas guerras —que mencionaba antes— que sofren moitos países africanos. Mulleres e homes que chegan nas peores condicións, despois de días á deriva polo océano, despois de camiñar polo deserto, e que chegan ás Canarias, a Ceuta ou a Melilla, que son territorios que necesitan a nosa solidariedade.

Mire, eu non vou facer nada de demagogia. Pretendo ser rigorosísima con este tema, e, por iso creo que é importante diferenciar a inmigración de maiores de idade, con ese Plan operativo ante o desafío humanitario que está levando a cabo o Goberno de España e que se encarga do aloxamento, do traslado e da manutención. E o que pedimos é o apoio do Goberno da Xunta e esa lealdade institucional, e non a crítica que mascara, ao final, o rexeitamento a esa chegada. E a inmigración de menores, na cal vostede ten a competencia da Xunta de Galicia, coa cal puxo, dende un principio, obstáculos para a súa recepción. Incluso agora, que chegaron eses 26 menores, acompañados dunha transferencia económica dun millón e medio de euros, vostede no canto de dedicarse a mellorar a atención social que estes precisan, incrementando o persoal, pois está totalmente infradotado o Servizo de Menores da Xunta de Galicia, pois dedícase a declarar que entende que non é suficiente; uns 60.000 euros por menor entende vostede que non chega —¡surrealista!—. E precipitouse a afirmar que chegaron, ademais, 15 menores mesturados entre os maiores de idade, cando aínda non lles fixeran vostedes ningún tipo de proba. Embarrar o terreo é o que están vostedes a facer.

E, por outra banda, entendemos tamén no Grupo Socialista que a aceptación de acoller 54 menores en total é unha cifra moi pequena —moi pequena—, tendo en conta a situación de colapso que están a vivir os territorios de entrada. E sobre todo ese presidente das Canarias que goberna con vostede, que dixo, hai uns días: «Non podemos atender con dignidade os menores que están a chegar». ¿De verdade cre que son suficientes 54 menores?

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Ten un segundo turno agora.

Para darlle resposta ten a palabra a conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Grazas, presidenta.

Deputadas e deputados.

Señora Castro, mire, vostede na súa pregunta fai acusacións extremadamente graves e tamén fai acusacións que eu, de ningunha maneira, podoo consentir.



Vostede acúsanos de ser xenófobos e de criminalizar as persoas migrantes; unhas descualificacións que —considero—son impropias e intolerables; e, polo tanto, pídolle que, nesta Cámara, retire esas acusacións e que nos pida desculpas. (*Aplausos.*) Porque, mire, señora deputada, Galicia é unha terra solidaria e así o demostramos sempre; demostrámolo en numerosas ocasións e ímolo seguir demostrando porque acoller todas estas persoas migrantes é unha cuestión de humanidade.

Dende o primeiro momento da actual crise migratoria, a disposición da Xunta de Galicia foi total. Soamente pedimos varias cousas ao Goberno central: pedímoslle transparencia, información e claridade neste tema, porque, para que todas estas persoas que veñen a Galicia teñan a atención que necesitan, hai que traballar coa previsión necesaria e hai que traballar de forma coordinada e planificada.

A través das distintas canles extraoficiais tivemos coñecemento, antes do verán, de que chegarían a Galicia máis de setecentas persoas migrantes. No Goberno central rebaixaron a cifra a catrocentos, e acusáronme, e acusaron todo o Goberno galego, de mentir e de xogar a enredar. Pois ben, hoxe, dous meses despois, hai preto de mil persoas migrantes en Galicia.

E nós o que reclamamos é que nos dean información, que nos dean esa información detallada, exclusivamente para poder ter á súa disposición todos os recursos que garantan a súa atención social, educativa e a atención sanitaria que están necesitado, e especialmente —como di vostede— cando se trata de menores porque acoller rapaces non é acompañalos, non é darlles soamente a pensión completa; acoller menores en Galicia é estar ao seu carón, dende que os recibimos no aeroporto con 7, 8, 9 ou 10 anos, e incorporalos ao sistema de protección da Xunta de Galicia, moitas veces, ata que pasan dos 20 anos.

Pero —como dicía— ao longo deste verán levamos acollidos máis de 1.000 migrantes en Galicia. Esta última semana —vostede ben sabe—, chegaron a Ribeira de Piquín máis de 50 persoas migrantes; polo tanto, son 1.000 persoas migrantes que chegaron a Galicia, ás cales hai que engadir os 28 menores non acompañados acordados na Conferencia Sectorial do ano 2023, porque pactar e porque acordar entre as administracións é o único camiño para o éxito, cando falamos dunha cuestión de tal magnitude e de tanta importancia.

Polo tanto, na Xunta de Galicia imos seguir poñendo sempre todos os recursos que estean á nosa disposición para a xente que máis o necesita.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica, a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.



Señora García, ¿como non vou falar de actitudes xenófobas escoitando un Tellado falando de sacar o Exército para protexer as fronteiras; unha Ayuso falando de inmigrantes de primeira e de segunda; ou un Feijóo que os vincula constantemente á delincuencia e á inseguridade?; (*Aplausos.*) ¿como non vou falar de postura xenófoba do Partido Popular? (*Aplausos.*)

Falaba vostede deses 1.000 migrantes que chegaron a Galicia —lémbrolle— baixo un programa que coordina o Goberno de España e baixo o exemplo tamén da veciñanza galega de Monterroso, de Sanxenxo, de Ribeira de Piquín —como mencionaba vostede—, de Mondariz ou da Ulloa, que os están acollendo con total empatía, o que non é para menos nun país en que hai pouco eramos nós emigrantes en situación similar. E o que eu lle pido é solidariedade, é dicir, solidariedade con eses territorios de chegada.

E vostedes o único que fixeron foi opoñerse á modificación do artigo 35 da Lei de estranxeiría, non á aprobación deste artigo, senón que se opuxeron ao debate sobre ese artigo, que permitía a posibilidade de que se repartise, de forma solidaria, eses menores nestes territorios, votando, con total hipocrisía, en contra, ademais, do Pacto europeo de migración e asilo, que vostedes mesmos asinaron en Europa, e tamén á reforma do Regulamento de estranxeiría que fala desa migración regular, tan necesaria co problema que temos de natalidade no noso país, co despoboamento do rural e con ese beneficioso impacto económico e social que produciría. Esa migración regular coa que Feijóo non sabe se está de acordo ou non, porque depende de quen llo pregunte.

Eu, o outro día, miraba na praia da Lanzada para o horizonte e vía o infinito —o horizonte infinito—. E pensaba que nenos e nenas da idade das miñas collían un flotador para buscar un futuro mellor nas nosas costas; polo tanto, temos que darlles unha resposta axeitada.

Dicía Jorge Ramos Ávalos, un escritor mexicano: «as grandes nacións defínense en como tratan os seus habitantes máis débiles»; e dicía a nosa Rosalía: «con melancolía miran para o mar...».

A señora PRESIDENTA (Candía López): Grazas.

A señora CASTRO REY: ...os que buscan noutras costas atopar o seu pan». (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Grazas.

Réplica do Goberno, a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE (García Martínez): Moitas grazas, presidenta.

Mire, señora Castro, o que está a facer o Goberno central vullou dicir eu. Por un lado, o que está facendo o Goberno central é estar tratando de repartir un problema, que é de Estado, entre as distintas comunidades autónomas, cando —entendemos— o problema hai que atallalo en orixe. E, por outro lado, o que está facendo o Goberno, do seu partido e do señor Pedro Sánchez, é polemizar; é intentar rascar, manipular e sacar rédito político, buscando



titulares que están moi afastados da realidade. Incluso, o seu presidente Pedro Sánchez no propio Congreso dos Deputados mentiu: o señor Pedro Sánchez acusou Galicia e acusou os galegos de quedar cos cartos dos menores non acompañados.

Por certo, vostede tamén facía referencia a eses cartos que nos mandaba o Goberno central para atender os menores non acompañados. Eu díxenlle, na miña intervención anterior, que chegaban nenos con 8, con 9 e con 10 anos, e saían do sistema de protección da Xunta de Galicia cando pasaban dos 22 anos. Nese acordo que hai na Conferencia Sectorial tan só se financia un ano estando en Galicia cada menor, e temos que manter o sistema de protección ata que pasan os 20 anos.

Mire, señora Castro, vostede tamén falaba dos quince menores non acompañados. Supoño que vostede non dubidará de que nós incorporamos ao sistema de protección os menores que teñen todas as probas feitas, e, por ese motivo se incorporan ao sistema de protección da Xunta de Galicia; menores non acompañados que chegan ao sistema de protección fóra do acordo pactado por parte do Goberno na Conferencia Sectorial.

Mire, señora Castro, tamén nos dixo que o Goberno non soamente dubidou de que fosen máis de 700, pois agora son 1.000 as persoas migrantes que están chegando a Galicia, senón que o Goberno central tamén nos dixo de forma moi clara: «non vos tedes de que preocupar porque o Goberno central o financia todo». ¿Pódeme dicir vostede, señora Castro, quen financia a educación?; ¿quen financia os servizos sociais?; ¿quen financia toda esa sanidade pública que se está prestando, nestes momentos, a todas as persoas migrantes? Eu dígollo: ¡finánciao Galicia e finánciano os galegos! (*Aplausos.*)

Por iso, señora Castro, eu voulle pedir unha cousa. Non é moi grande, pero se vostede ten a oportunidade de falar co señor Pedro Sánchez —cousa que dubido—, pídolle que lle traslade dúas cousas: que convoque, canto antes, unha conferencia de presidentes e que declare, canto antes, a situación de crise migratoria en España.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Pregunta de D. José Manuel Golpe Acuña, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a reconsideración por parte do Goberno galego da anulación do complemento autonómico do bono social térmico

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, por tres minutos, ten a palabra don José Manuel Golpe Acuña.

O señor GOLPE ACUÑA: Bo día a todas e a todos.

Señora conselleira, é unha mágoa que vostede non estivese no inicio desta sesión, no día de hoxe, nesta Cámara, porque, ante o reproche que a nosa portavoz nacional lle facía ao presidente da Xunta por retirar o complemento autonómico do bono social térmico, el asegu-roulle que iso era mentira e que non tiñamos datos. Imos ver se temos datos ou non.



O caso é que o bono social térmico leva acumulado un atraso sen precedentes. Estamos a mediados de setembro e aínda non se liquidou. Froito da inxedanza de moitos usuarios e de servizos municipais e de servizos sociais, veu á Comisión 6ª, o pasado catro de xullo, o director xeral de Enerxía e Minas explicarnos a que se debía este atraso. El xustificouno por un traspaso de competencias entre a Consellería de Política Social e Igualdade e a súa propia Consellería, a de Economía e Industria.

Nesa mesma comparecencia, o director xeral tamén asegurou que o bono social térmico era unha prioridade máxima para a Consellería de Economía e Industria, e fixou o remate do mes de xullo como prazo para que os beneficiarios recibisen as cartas coas contías que se lles ían ingresar. Pasado ese prazo, confirmamos que, efectivamente, os usuarios si recibiron as cartas, pero tamén puidemos constatar que, por un lado, froito do sistema de cálculo do propio bono social térmico e, por outro lado, froito dos actuais prezos da enerxía, as contías que reciben os usuarios baixan algo máis dun cincuenta por cento. E outra sorpresa que recibimos é que a Xunta retira o complemento autonómico que achegaba 150 euros a cada usuario na anterior anualidade. E isto tendo en conta que nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para 2023, na disposición adicional sexta, se facía unha reserva exclusivamente para familias numerosas e para consumidores vulnerables en risco de exclusión social. A pesar de que esta disposición, como o resto dos orzamentos, recibiu emendas dos grupos da oposición, perderon, unha vez máis, a oportunidade de poñerse do lado da xente; neste caso da xente que máis precisaba axuda.

Ao final, o que temos é que si que manteñen o complemento autonómico ao bono social térmico para consumidores vulnerables en risco de exclusión social, con 200 euros, e con 300 euros, para as familias numerosas. Por tanto, quedan fóra da axuda algo así como unhas oitenta mil persoas.

E antes de que me cuestione estes datos, voulle dicir onde está a fonte: a fonte está precisamente nos datos de beneficiarios do bono social térmico que o Miteco, o Ministerio de Transición Ecolóxica, ten publicados na súa propia web e tamén, do outro lado, nos propios datos que a Consellería de Economía e Industria publica na súa web. Con facer unha resta entre os 93.000 obxectivos e os 12.000 en risco de exclusión social, as familias numerosas, dános ao redor de 80.000 persoas que quedan sen o complemento autonómico.

E, por certo, quero facer unha puntualización: as familias numerosas son as únicas que non teñen un criterio de renda nin criterios de condición especial...

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

O señor GOLPE ACUÑA: ...da unidade familiar para acceder ao bono social. Algo terá que ver o Foro da Familia con esta decisión. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Rematou o seu tempo.

Ten un segundo turno despois.



Para dar resposta, por tres minutos, ten a palabra a señora conselleira de Economía e Industria.

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Grazas, presidenta.

Bo día, señorías.

Señor Golpe, eu estaba na sesión e escoitei a súa portavoz. Mire, menudo lío que teñen vostedes —¡pero menudo lío!—. De verdade que para vir preguntar isto —creo— por cuarta vez (*A señora Lorenzana Somoza representa o número catro coa man.*) xa que fan esta iniciativa, como mínimo, saiban do que están falando.

¿Vostede sabe que existen dous bonos? O bono eléctrico e o bono térmico. Existen dous bonos; (*A señora Lorenzana Somoza representa o número dous coa man.*) os dous estatais. E existen dous complementos autonómicos a estes dous bonos. (*A señora Lorenzana Somoza volve representar o número dous coa man.*) A señora Ana Pontón está claro que non o sabe, pero vostede que vén aquí formular esta pregunta...

Canto ao bono eléctrico, o complemento ao bono eléctrico autonómico ¡man-ten-se! E iso foi o que lle dixo o presidente da Xunta porque a señora Ana Pontón dixo que eliminabamos o complemento ao bono eléctrico. O que se suprimiu é un complemento ¡ex-tra-or-di-na-rio! que nos anos 2022 e 2023... (*A señora Lorenzana Somoza move a cabeza en sentido afirmativo.*) Faime así coa cabeza, pero o batiburrillo que vostede acaba de facer, ¡nin eu, —que sei de que vai—, entendo nada do que vostede está dicindo, por favor! (*Aplausos.*) Ou, ¿é que o fai a propósito para ver se non se entera ninguén? (*Aplausos.*)

¿Por que se suprimiu ese complemento extraordinario? E así o dicía a resolución: suprimiuse exclusivamente porque os prezos enerxéticos baixaron completamente. No momento en que se puxo este complemento, o mercado eléctrico diario estaba nunha media de 283 euros. a electricidade. ¿Sabe canto estaba no mes de abril? En 13,67 euros. No mes pasado, 91,11 euros. Factura de electricidade, factura media no 2022, 105 euros. Factura media actualmente, 57,15 euros, unha baixada de 500 euros anuais. O gas, o mesmo; no 2022 cando se establece este complemento extraordinario foi porque existía unha subida dun 45 por cento dos prezos do gas. Vostedes non nos van dar a nós leccións respecto de protexer as familias e os consumidores vulnerables, vostedes non.

O real decreto do ano 2012, que establece a figura do consumidor vulnerable, fíxose no momento onde gobernaba o Partido Popular en Madrid. Ese bono eléctrico —que á señora Pontón lles rogo que llo expliquen, pois non sabe de que vai— resulta que se estableceu nunha lei no ano 2017. ¿E sabe quen votou en contra? Vostedes. Resulta que a señora Ana Pontón vén preguntarlle ao presidente sobre o complemento do bono eléctrico, que segundo ela suprimimos, cando ela votou en contra desa lei no ano 2017. (*Aplausos.*) E que é impresionante. ¿Saben canto levamos investido? Cincuenta e cinco mil seiscentas familias que se beneficiaron deste bono, máis de quince millóns de euros dende o momento en que se estableceu.



E fala vostede dos cartos e da transferencia. Eses cartos están en Política Social. Eses catro millóns de euros do complemento do bono social, como agora xa non hai eses prezos enerxéticos, quedan en Política Social. Revise vostede as transferencias; non hai a transferencia dun só euro á Consellería de Economía e Industria, continúan para as familias vulnerables. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Réplica, señor Golpe.

O señor GOLPE ACUÑA: Señora conselleira, permítame que a corrixa ou que lle puntualice: a intervención do noso portavoz nacional non ía con respecto ao bono social, era para darlle contexto á pregunta que deseguido lle formulou. *(Murmurios.)* E datos sobran, e parafraseando o conselleiro de Educación: dato mata relato. Sen cuestionar os datos do mercado eléctrico, que, evidentemente, son os que vostede acaba de relatar, parece que non teñen vostedes en conta o dato do actual contexto económico: un IPC rozando o catro por cento, unha infracción que incrementa os prezos da cesta da compra e que as familias galegas teñen serias dificultades para facer fronte aos gastos enerxéticos.

E froito disto é moi fácil de revisar. Calquera deputado que estea agora mesmo enchufado á Internet a través do portátil ou do teléfono pode comprobar na sede do Miteco o número de usuarios que se incrementaron dende decembro de 2023 ata xullo de 2024: dúas mil trescentas persoas máis recibiron o bono social, dúas mil trescentas persoas máis que non van ter 150 euros do complemento autonómico. E iso sabémolo todos. Dá igual que vostede lle dea a volta, non o van ter. *(Aplausos.)*

Polo tanto, vostede vai ter o peche da pregunta agora; ¡por favor!, contésteme a pregunta, queda era moi concreta: ¿van facer algo para corrixir iso?, ¿van volver chegar aos 150 euros que tiñan todos os perceptores do bono social térmico ou non? Non queremos nada máis ca iso, se realmente van perder unha oportunidade máis de estar ao lado da xente ou vai seguir facendo vostede de comercial de Altri.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Réplica do Goberno, señora conselleira.

(Murmurios.)

¡Silencio, por favor!

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Si, señor Golpe, nunca defraudan. Levan a demagogia no ADN e non o poden evitar, nunca defraudan. *(Murmurios.)* ¿Que terá que ver Altri?, ¿que terá que ver...?

A señora PRESIDENTA (Candia López): ¡Silencio, por favor!



A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Cuarta iniciativa a este Goberno e as veces que faga falta en relación con este tema. O Goberno central baixou —acábo de recoñecer vostede— o bono social eléctrico, e nin unha soa iniciativa do seu deputado no Congreso. (*Aplausos.*) ¿Que pasa? Que lle teñen medo, ¿non? A ver se se van en-fadar os socios. Claro, en Madrid, non. Imos preguntar catro veces.

Mire: chega a tal surrealismo que na súa pregunta escrita —aquí xa non tivo narices a di-cilo— chegan a dicir se nós compensamos a baixada do Estado. É dicir, nin lle preguntan ao Estado, e piden ao Goberno da Xunta, con fondos de todos os galegos, que complete o que o Estado... (*Murmurios.*) Iso é o que din, iso é o que din por escrito.

A señora PRESIDENTA (Candía López): ¡Silencio, por favor!

A señora CONSELLEIRA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA (Lorenzana Somoza): Galicia é a única comunidade autónoma que ten —agora mesmo a única e pódese comprobar— o comple-mento do bono eléctrico, ese complemento que —repítolle— a súa portavoz cre que se eli-minou nunha lei que ela votou en contra; ao mellor é por iso que o traizoou o subconsciente. Ese complemento somos a única comunidade autónoma que o temos agora mesmo; son dous millóns e medio de euros de fondos propios este mesmo ano para beneficiar a 12.147 persoas. Un complemento que, si, vai por renda, porque nós soemos facer as cousas con sentido común. Entón, se ten en conta a renda, si, gústelle ou non, está mellor regulado que o com-plemento do Estado.

Pero se tanto lles interesa a vostedes, de verdade —non esa demagogia, que, repito, levan no ADN—, a baixada do prezo da luz, ¿por que están en contra da Redega, da sociedade que está prevista precisamente para abaratar a luz de todos os galegos?

Teñen unha oportunidade enorme agora de votar a favor da Lei de recursos naturais, que é unha lei que precisamente o que prevé é intentar que os nosos recursos naturais se convertan en riqueza social e abaraten a enerxía dos galegos. Teñen unha oportunidade inmensa, pero, claro, aquí hai que profundar, non se trata de facer demagogia conxunta; eliminan unha axuda, vimos facer demagogia; aquí hai que profundar nos temas. Entón, iso xa non é o ADN do BNG, e ese é o problema.

Repítolles: se de verdade a vostedes lles interesa a cidadanía e a baixada dos prezos da luz, intenten votar a favor desa lei, que vai supoñer un cambio enorme en Galicia. Máis congruen-cia co que piden e co que fan é menos demagogia, señor Golpe, menos demagogia. (*Aplausos.*)

Pregunta de D^a Paloma Castro Rey e dous deputados e deputadas máis, do G. P. dos Socia-listas de Galicia, sobre as previsións que ten a Xunta de Galicia canto a unha mellora da co-bertura de persoal médico nos centros de saúde de Cerdedo-Cotobade

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, por un tempo de tres mi-nutos, ten a palabra a señora Castro.

A señora CASTRO REY: Grazas, presidenta.



Bo día, conselleiro.

Hoxe veño pedirlle aquí contas sobre a situación sanitaria do concello de Cerdedo-Cotobade. Si, ese concello que seguramente vostede coñece por ese grande acto do Partido Popular de apertura do curso político na carballeira de San Xusto, onde non faltou ninguén dos pesos pesados do Partido Popular e onde se dedicaron a marcar esas directrices para enfangar a xestión do Goberno de Pedro Sánchez nos últimos meses. E digo que supoño que o coñecerá por iso, porque pola xestión sanitaria, polo de agora dubídeo, porque segue coma sempre abandonado e coa mesma desatención.

Estamos a falar —lémbrolle— dun concello que, grazas á fusión do Partido Popular, ten unha extensión de 215,52 quilómetros cadrados e con case seis mil habitantes, que conta con tres centros de atención sanitaria, un PAC e dous centros de saúde.

Os nosos compañeiros do Grupo Municipal Socialista —aos que hoxe aproveito para saudar, dado que se atopan connosco neste hemiciclo— levan moito tempo denunciando a situación de abandono na que se atopa a asistencia sanitaria neste concello, e que por extensión nós tamén levamos moito tempo trasladando a este Parlamento, sen que nin o señor Cubela, alcalde deste concello, nin a Xunta de Galicia fagan ningún tipo de acción ou actuación para melloralas.

E isto lévanos a situacións terribles. Pois mire: durante a pandemia negáronse a habilitar unha sala de agarda, e a xente tiña que esperar de pé na rúa, ou a imposibilidade de que os nenos ou nenas deste concello poidan enfermarse no mes de agosto, porque dende hai moitos anos non teñen pediatra.

E a vostede, a verdade, non lle vou pedir responsabilidades con efecto retroactivo, pero neste pasado mes de agosto seguían sen poder enfermarse os nenos e nenas deste concello, e a situación repetiuse e vostede xa era concelleiro. ¿Por que? Porque a pediatra do centro de Tenorio ten que coller tamén vacacións. E, como consecuencia disto, os menores foron derivados a outros centros, como o de Forcarei, que non ten moitas mellores condicións porque só ten a atención pediátrica un día á semana, ou o de Ponte Caldelas, ou o hospital de Pontevedra ou ese centro de saúde da Parada, que é como o caixón de xastre onde se manda todo, tamén sen persoal suficiente.

E mandáronse directrices organizativas. como atender os menores de tres anos, os de maiores de tres anos non atendelos ata setembro, e estamos en setembro e aínda seguen sen atender porque aínda seguimos sen pediatra. E así está a situación.

En relación cos maiores, pois non é moito mellor, porque temos dous médicos e un enfermeiro en Carballedo unicamente, porque o outro enfermeiro hai uns meses cambiou de destino e non se repuxo; porque temos un médico e un enfermeiro que atendem, ademais de toda a veciñanza, cincuenta e dúas persoas encamadas e teñen que saír de forma puntual, polo tanto, facer as visitas aos domicilios; que teñen que saír ademais en taxi para cubrir estas urxencias, que tarda o taxi vinte minutos en chegar ao centro de saúde, e un só médico, entón queda no centro de saúde, un só médico agora no inverno, que no verán non quedaba ningún, e durante todas estas horas permanecía pechado. Ou o fisioterapeuta, que tamén é



insuficiente porque atende dende Forcarei ata Ponte Caldelas e xera unha cita a unha demora de cada tres meses.

¿Van facer algo por mellorar este déficit sanitario? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para darlle resposta por parte do Goberno ten a palabra o señor conselleiro de Sanidade, don Antonio Gómez.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Grazas, presidenta.

Señoría, na miña humilde opinión, vai sendo hora de que abran os ollos, observen e recoñezan dunha vez que este verán, infernal para a sanidade pública, o que soñaban vostedes non se fixo realidade.

É certo que a sanidade pública galega é de altísima calidade e funciona sempre, de día, de noite, en verán e en inverno. E iso grazas ao esforzo da planificación da Xunta e á aplicación máxima dos seus profesionais.

A sanidade pública galega superou con nota un verán extraordinariamente complicado. Os datos falan por si mesmos, pois nestes meses traballaron de media cada día na sanidade pública corenta e oito mil profesionais, é dicir, mil cincocentos máis que o ano pasado. Deseñamos un plan de continxencia dotado con 12,5 millóns de euros, e un total de catrocentos médicos colaboraron nel de forma voluntaria, entre eles máis de cento dez médicos residentes de último ano, cuxa preparación profesional tiveron vostedes a ousadía de cuestionar. O persoal sanitario realizou mil catrocentas operacións cirúrxicas máis que o ano pasado; falamos de cincocentas intervencións de prioridade, unha máis que o último verán, que se fixeron ademais cun tempo de agarda menor que o do ano pasado, sempre por debaixo dos trinta días. Os hospitais atenderon un seis por cento máis de urxencias que o verán pasado. Mantivemos as consultas e as probas diagnósticas nos niveis habituais. E os profesionais do 061 atenderon case duascenas mil chamadas, cinco mil máis que o ano pasado, o noventa por cento delas en menos de dez segundos.

Repito, señora Castro: por máis que vostedes se empeñen, a sanidade pública galega funciona sempre para os veciños de Cercedo-Cotobade e para o conxunto dos cidadáns de Galicia. *(Aplausos.)*

En Cercedo-Cotobade — como ben dixen — hai tres centros sanitarios: o de Cercedo, Carballo-Cotobade e o consultorio de Tenorio-Cotobade. Pois ben, en todos os cupos dos tres centros do concello a demora para obter unha consulta co médico de familia é inferior a dous días.

A súa insistencia en desprestixiar a calidade da asistencia sanitaria galega atenta contra o esforzo e a entrega extraordinaria dos profesionais que coidaron da saúde galego durante o verán.

Vostede está aquí neste Parlamento pedindo contas por unha reorganización asistencial que é imprescindible para facer compatible os dereitos laborais dos profesionais cunha prestación sanitaria. As nenas e os nenos de Cercedo-Cotobade tiveron asistencia pediátrica sem-



pre. Durante o mes de agosto unicamente foi necesario o desprazamento a concellos próximos, sempre a menos de dez quilómetros.

Xa pode anunciarlles que neste mesmo mes de setembro a praza de titular de pediatría dos concellos de Cercedo-Cotobade e de Forcarei volverá estar ocupada. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Réplica, señora Castro.

A señora CASTRO REY: Señor conselleiro, eu cos ollos ben abertos, dígolle que os nenos e nenas de Cerdedo-Cotobade non tiveron pediatra durante todo o mes de agosto e non o teñen no día de hoxe, que é o 11 de setembro. *(Aplausos.)* E cos ollos abertos e os oídos de escoitar as demandas dos sanitarios, o que vostedes non fan, dígolle tamén que se atopan moi preocupados os sanitarios deste concello pola apertura desa residencia, porque vai supoñer oitenta pacientes potenciais máis, porque son oitenta residentes internos, e non teñen previsto vostedes ningún reforzo no eido sanitario para eles. Polo tanto, espero que sexa tamén reforzado.

E falaba eu desa desatención pediátrica, pero faltábame tempo para falar do PAC de Cerdedo e da ausencia de ambulancia, que vimos anos e anos reclamando tamén. Unha ambulancia necesaria para trasladar todas esas emerxencias graves e urxentes ao Hospital de Montecelo. Unha ambulancia que mellore esas distancias existentes entre os concellos da Lama, Cerdedo-Cotobade, Forcarei e Campo Lameiro, que son territorios cunha gran dispersión territorial e que necesitan que en caso de accidente grave exista unha ambulancia áxil que chegue para poder ser desprazados, e non dependan do servizo de ambulancias de Pontevedra, que vostede e mais eu sabemos como funciona e que xa falaremos noutra sesión parlamentaria.

Falaba vostede de que nós desprestixiábamos a calidade da asistencia; non, nós desprestixiamos a calidade da xestión sanitaria. E dende o Grupo Socialista insistimos en que queremos, señor conselleiro, que non existan en Galicia cidadáns de primeira e de segunda, que todos conten cos mesmos dereitos, e o da atención sanitaria é un dereito dos prioritarios. Falaba vostede de políticas orientadas a evitar o despoboamento do rural —fala moitas veces diso—, pero despois restrinxen servizos esenciais no rural, como é o servizo sanitario, a educación e o transporte.

Insístolle, señor conselleiro, en que escoite as demandas dos sanitarios, que non son demandas do Partido Socialista, senón que son dos profesionais que traballan o terreo, que teñen que ver cuberta a súa necesidade e un apoio na xestión do traballo que eles realizan, e en que supla con carácter urxente este déficit. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para a réplica do Goberno, o señor conselleiro.

O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Gómez Caamaño): Señora deputada, non me preguntan xa polo plan do verán, prefiren intentar rascar en casos concretos. Semella que os socialistas galegos están desesperados por conseguir algún caso de centro de saúde desatendido. ¡Sigán buscando! ¡Sigán buscando, señoría! Non me sorprende que muden de es-



tratexia porque tanto eu coma vostedes sabemos que o plan asistencial do verán foi un éxito; sabémolo ben. Foi un éxito, a pesar de que, segundo vostedes, todo era unha improvisación e de que non había ninguén ao mando da sanidade galega. E foi un éxito a pesar da falta de colaboración do Ministerio de Sanidade para que puidésemos contar con máis médicos cos que suplir os profesionais que exercen os seus dereitos laborais. ¿Aínda non saben vostedes que non hai médicos dispoñibles para cubrir as vacacións dos profesionais de medicina de familia e de atención primaria que collen vacacións ou permisos? Non os hai nin en Galicia, nin en Cataluña, nin en Castela-A Mancha. A pesar diso, as comunidades atopamos colaboración no Ministerio de Sanidade para poder contratar médicos que substituísen os profesionais sanitarios de Cerdedo-Cotobade e do resto de Galicia.

Nesa situación, ¿que pretendían vostedes que fixésemos?, ¿que denegásemos as vacacións e os permisos? Non é a nosa acción; a nosa é planificar e reorganizar os recursos para garantir a asistencia sanitaria a toda a poboación e en todo o territorio. E os resultados están aí. Grazas ao esforzo extraordinario dos profesionais, o sistema sanitario foi capaz de realizar máis operacións, máis ingresos, máis urxencias extrahospitalarias e máis urxencias hospitalarias. A planificación das camas —que é o seu tema preferido— nos meses de maio e xuño foi máis que correcta. Tampouco chegou a hecatombe á atención primaria. Logramos mellores resultados que o pasado verán, cun aumento das asistencias no PAC do 8 por cento con respecto ao ano anterior.

Vostedes viñan hoxe aquí criticar a falta, durante un mes, dun pediatra nun centro de saúde debido ás vacacións profesionais. Pois ben, quero darlles un dato que lles faga ter unha visión máis ampla e non centrarse nun só concello. Nos meses de verán atendéronse 345.261 consultas de pediatría en atención primaria, un número tamén maior que o ano pasado. Polo tanto, o seu discurso efectista de que os nenos galegos non tiveron asistencia pediátrica é directamente falso. Os profesionais da sanidade pública teñen dereitos laborais, sinto que non lles guste. Pola nosa banda, traballaremos para que poidan exercelos e para seguir ofrecéndolles aos veciños unha asistencia sanitaria de calidade, como así fixemos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Pregunta de D^a Nicole Grueira Fernández e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o balance da última convocatoria das axudas da Xunta de Galicia para a mellora de explotacións agrarias e a incorporación da mocidade e persoas de entre 41 e 55 anos á actividade agrogandeira

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta e por tempo de tres minutos, ten a palabra dona Nicole Grueira.

A señora GRUEIRA FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

Señora conselleira, todos sabemos que o medio rural é un piar fundamental na nosa sociedade que constitúe unha parte esencial da identidade da estrutura social e da economía de



Galicia, e tamén sabemos que o rural non se entende sen os nosos gandeiros. Son as persoas que traballan incansablemente, día tras día, para garantir o futuro do campo galego. A sustentabilidade, desenvolvemento e coidado do rural é un deber de todos, polo que tamén depende en gran medida da participación activa e do compromiso da mocidade. Neste contexto, os mozos e mozas teñen unha tarefa central e imprescindible para garantir que o rural non só sobreviva senón que prospere no futuro. Con novas ideas e enerxía renovada revitalizan as zonas rurais, modernizan o sector e manteñen vivas as tradicións.

A Xunta de Galicia reconece a importancia que ten a mocidade na garantía do futuro do rural. E, consciente dese papel crucial, o Goberno galego leva a cabo diversas iniciativas e axudas para apoiar e beneficiar o desenrolo e a incorporación á actividade agrogandeira dos mozos e das mozas galegas e das persoas de entre 41 e 55 anos. Ademais, tamén impulsa axudas para mellorar as explotacións agrarias; axudas estratéxicas que non só garanten a continuidade do sector agrario, senón que tamén impulsan o desenvolvemento económico e social do medio rural en Galicia, fomentando tamén a remuda xeracional e loitando contra o abandono das áreas rurais. Ademais, procúrase acabar nun rexuvenecemento da poboación activa agraria e fomentar así tamén o emprego no sector.

Como podemos observar, estas axudas teñen unha gran repercusión no noso sector en Galicia, posto que son medidas que aseguran a continuidade do tecido agrario a longo prazo, combatendo tamén o abandono e o despoboamento do rural; un desafío principal que estamos dispostos a afrontar. Ademais, tamén non só son evidentes os efectos positivos nos propios beneficiarios das axudas, senón que a mellora das explotacións implica un gran número de axentes que participan neste labor, tales como esas oficinas técnicas que elaboran os proxectos, os colexios oficiais que os visan, os concellos que conceden as licenzas de obra e as pequenas e as medianas empresas de toda Galicia encargadas de realizar as obras conctidas nos distintos proxectos.

Polo tanto, señora conselleira, gustaríanos coñecer o balance que fai o Goberno galego sobre a última convocatoria das axudas para a mellora das explotacións agrarias coa incorporación da mocidade e de persoas de entre 41 e 55 anos á actividade agrogandeira. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para darlles resposta e por tempo tamén de tres minutos, ten a palabra a señora Gómez.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Moitas grazas, señora vicepresidente.

Moi bo día a todos e a todas.

Bo día, señora Grueira.

Como sabe, dende esta consellería estamos comprometidos co futuro do medio rural. Unha das liñas de actuación —de sobra coñecida— para apuntalar este futuro son os investimentos que ano tras ano facemos para apoiar a mellora das explotacións e a incor-



poración das persoas mozas ao agro. A última convocatoria deste 2024 está dotada con 47 millóns de euros, un 21 por cento máis con respecto ao ano anterior, con 27 millóns de euros para plans de mellora, con 19 millóns de euros para favorecer esas incorporacións ao agro e cun millón de euros máis para o desenvolvemento de pequenas explotacións. A maiores dese esforzo orzamentario, a convocatoria deste ano incorpora novidades dende o punto de vista cualitativo; deste xeito, creamos unha nova liña de apoio a agricultores novos dende 41 a 55 anos que queiran comezar na actividade agrogandeira; unha liña de axudas que, por certo, tivo moi boa acollida, pois presentáronse 171 solicitudes que tamén se incrementaron en xeral no resto, como así o acreditan as máis de 400 no caso de mozos e mozas, fronte ás 372 da convocatoria anterior e ás 1.350 para plans de mellora; 558 máis ca no 2023.

Por tanto, vemos que son recursos útiles para os profesionais a través dos cales poden modernizar as súas granxas, especializalas ou ben iniciarse na actividade agrogandeira; recursos que funcionan, e por iso seguiremos traballando nesta liña. Ademais, e tamén por primeira vez este ano, temos en marcha un plan de titorización por parte dos técnicos das oficinas rurais de cara á mocidade e aos novos incorporados para facilitar o seu comezo, que nunca é sinxelo. Sabemos —e creo que niso todos os aquí presentes estaremos de acordo— que a remuda xeracional é un reto para moitos dos sectores económicos de Galicia, e tamén para o campo, que non é alleo a esta realidade, senón máis ben todo o contrario.

Por iso, dende esta consellería traballamos nun plan de remuda xeracional amplo e cunha perspectiva transversal, baseado na formación, na sensibilización e na incorporación ao agro; un plan no que se seguirán integrando todas as liñas de apoio que hoxe comentamos; un plan que traballa na formación, favorecendo aínda máis a formación práctica, na incorporación e no acompañamento, posto que sabemos que eses inicios son difíciles, como dicía; un plan que busca sobre todo revalorizar e visibilizar na sociedade en xeral esta saída laboral, posto que as profesións vinculadas ao campo son esenciais para esta consellería....

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas, señora conselleira. Ten un segundo turno despois.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): ...son vocacionais e xeran rendibilidade económica. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para a réplica, a señora Grueira.

A señora GRUEIRA FERNÁNDEZ: Grazas, presidenta.

A súa resposta, señora conselleira, vai máis alá, e son palabras que se traducen en feitos, concretamente en accións concretas para garantir o rural como un lugar onde a mocidade poida asentarse, medrar e contribuír ao futuro do sector, asegurando así o relevo xeracional no campo con ese plan novo que van implantar. A Xunta de Galicia reconece o papel crucial que xoga a mocidade para asegurar o futuro. Por iso, como xa vimos, impulsa numerosas medidas e liñas de axudas das que vostede deu conta na súa resposta, co obxectivo de faci-



litar a incorporación de novos gandeiros e gandeiras á actividade primaria, dotándoos das ferramentas necesarias para poder realizar o seu labor.

Como moza de familia gandeira, comprendo profundamente a importancia deste sector e admiro o esforzo e traballo diarios de todos os profesionais, especialmente dos xoves gandeiros. É motivo de orgullo ver como a xente nova dá un paso adiante e toma a decisión de incorporarse á actividade agrogandeira aproveitando as oportunidades e as axudas que o Goberno galego lles ofrece.

Vostede deu os datos. Son moitos os mozos que se beneficiaron desta liña de axudas; concretamente, dende o 2009 ata 2024, preto de cinco mil incorporáronse ao agro galego. Estas iniciativas non só apoian os novos gandeiros, senón que aseguran un futuro prometedor para o rural galego, consolidando o sector agrario como unha prioridade para a Xunta de Galicia.

En definitiva, o bo facer do Goberno galego tradúcese en oportunidades reais para todos os gandeiros e gandeiras mozas, asegurando así un futuro próspero para o rural en Galicia. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas.

Para a réplica, a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Grazas, vicepresidenta.

Señora Grueira, efectivamente, e como comentaba na miña primeira intervención, estamos desenvolvendo un plan de remuda xeracional no que un dos piares de traballo será, precisamente, esa incorporación ao agro. Isto facémolo de varias formas, unha delas é, sen dúbida, continuar, como dicía, con eses apoios xa existentes para agricultores mozos e novos gandeiros, pero non será a única. De feito, como ben dicía, este mesmo luns presentabamos no Consello da Xunta dúas iniciativas que encaixan neste obxectivo: por un lado, o Banco de Explotacións, que comezará a andar a finais deste ano e que porá en contacto a gandeiros e agricultores que vaian abandonar a súa actividade con aqueles outros novos ou xa profesionais que queiran asumir a xestión desas explotacións; e a nova liña de axudas, que convocaremos por primeira vez en 2025, para facilitar esa sucesión nas explotacións entre persoas en situación de xubilación e aquelas que desexen iniciarse ou ampliar o seu negocio. As persoas nesta situación deberán presentar un proxecto de cooperación coa nova persoa que vaia asumir a xestión desa explotación. Neste proxecto estará contemplado o contrato de arrendamento ou compravenda. Falamos de que esta orde de axudas estará ligada ao Banco de Explotacións porque a explotación á que vaia acceder debe estar inscrita nel. E, como explicou o presidente, investiremos 2,1 millóns de euros nestes vindeiros catro anos, ata 2029.

En todo caso, haberá tempo de volver a esta Cámara para falar destes e doutros asuntos, polo que non me estendo máis.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira.



Imos coa última pregunta desta sesión plenaria.

Pregunta de D^a Ariadna Fernández González e catro deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre o criterio da Xunta de Galicia ante a posibilidade de subvencionar a vacinación voluntaria contra a enfermidade hemorráxica epizoótica

A señora PRESIDENTA (Candía López): Para formular a pregunta, e por tempo de tres minutos, ten a palabra dona Ariadna Fernández.

A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Grazas, presidenta.

Señorías.

Primeiro, quero saudar os gandeiros e gandeiras que nos acompañan hoxe dende os Ancares, que son realmente os protagonistas de toda esta historia.

Conselleira, escoitándaos falar, quedounos claro que o falar non ten cancelas. ¡É increíble! Temos un problema no sector gandeiro galego dende hai un ano, un problema gravísimo: a enfermidade hemorráxica epizoótica. Pillounos co pé cambiado no 2023. Morreron máis de 400 animais, máis de 1.400 positivos, e, mentres, dende a Consellería, presumían de investir nas mortes, tarde, mal e a rastro, con contías que eran ridículas. Agora, no 2024, máis positivos, máis mortos, 800 explotacións afectadas e 27 comarcas veterinarias afectadas. E, mentres, dende a Consellería, presumen de ser pioneiros de axudas de 196.000 euros que pagan mortes sen facer nada por evitalas, igual que non evitan que morra o sector gandeiro galego. *(Aplausos.)*

E direilles que as comparacións, señora conselleira, son odiosas: Galiza, 1 millón de vacas, 196.000 euros para paliar as perdas da EHE; Cantabria, 269.000, 2,6 millóns de euros; Asturias, 409.000, 3 millóns de euros de investimento; Castela e León, 6 millóns, e 10 máis agora de investimento; Estremadura, 900.000 vacas —menos ca nós— e 7 millóns de euros de investimento. E gábanse do que fixeron, pero díganos: ¿que fixeron, entón?, ¿ser o territorio do Estado que menos investiu no sector gandeiro cando máis lle facía falta? Díganos que fixeron duns orzamentos de 700 millóns de euros da Consellería de Medio Rural: investir o 0,025 por cento no sector gandeiro; porque iso é para vostedes o sector gandeiro, un cero á esquerda. *(A señora Fernández Gonzalez levanta a man e representa cos dedos un cero.) (Aplausos.)*

Pero hoxe, señora conselleira —e todo o Goberno—, poden reconducir a situación; pódena reconducir e deixar de cavar o burato onde están metendo os gandeiros e as gandeiras galegos. Só ten que contestarnos: ¿vai crear a Xunta de Galiza unha liña de axudas propia para subvencionar a vacinación da enfermidade hemorráxica epizoótica, que é unha enfermidade de declaración obrigatoria? Teñen na súa responsabilidade a vacinación, teñen a obrigaçión de vacinar gratis e de paliar os gastos veterinarios e os tratamentos veterinarios que os gandeiros e as gandeiras están sufrindo. ¿Van crear esa liña de axudas, si ou non? *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.



Para darlle resposta por tres minutos, ten a palabra a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Grazas, señora vicepresidenta.

Bo día, señora Fernández.

Alégrome de que o BNG me pregunte nesta Cámara pola EHE, aínda que, lendo as declaracións do seu grupo nas últimas semanas, parece que vostedes a usan para outro tipo de propósitos.

A verdade é que dende a Xunta de Galicia, señora Fernández, levamos tempo traballando nisto. Xa en 2023, a maiores de avanzar de xeito pioneiro na posta en marcha da liña de indemnizacións por morte con fondo propio da Xunta de Galicia, pedímoslle ao Ministerio de Agricultura que se puxese á fronte dunha problemática que estaba afectando toda España, primeiro, liderando o desenvolvemento dunha vacina; e, segundo, achegando os recursos económicos ás comunidades autónomas. De feito, unha das primeiras cuestións que lle plantexei xa no mes de abril foi esta. Nun primeiro momento díxosenos que non, pero despois, nun foro en Toledo, anunciou e comprometeu o Ministerio 15 millóns de euros para as comunidades autónomas. Dende maio estamos agardando pola repartición de fondos e por ese real decreto. E mentres dende o Goberno galego solicitabamos insistentemente estas cuestións e continuabamos traballando na tramitación das indemnizacións e informando desta enfermidade aos gandeiros e profesionais, ¿vostedes onde estaban? Non escoitei ningunha reclamación do BNG ao Goberno central sobre esta problemática da EHE. Como socios de investidura que son e tendo en conta o preocupados que sempre din estar polo sector gandeiro, sorpréndeme que non urxan a transferencia deses fondos anunciados en maio polo ministro e pendentes aínda no día de hoxe de transferir. *(Aplausos.)*

Eu sei que a vostedes as formas non lles importan moito, pero é importante ter ese real decreto para poder convocar a orde de axudas que ampliará as indemnizacións por morte e dará a seguridade xurídica que require a situación. Galicia presentou unha serie de alegacións ao borrador do real decreto, pero non sabemos se se van ter en conta. É importante tamén coñecer, por exemplo, se dentro dos custos subvencionables se vai poder incorporar a vacina. Así llo temos solicitado dende Galicia ao Ministerio. Por tanto, entenderán que é importante ter os criterios e requisitos claros antes de poder convocar a nosa orde de axudas; unha convocatoria que, como xa teño manifestado en máis dunha ocasión publicamente, vai ser unha realidade —insisto, unha realidade—. Por tanto, e tendo isto claro, creo que estamos ante un debate estéril. Do mesmo xeito que é tamén unha realidade que se levan pagado as indemnizacións por morte de todas aquelas solitudes que se presentaron...

A señora PRESIDENTA (Candia López): Moitas grazas, señora conselleira. Ten un segundo turno.

(Aplausos.)

Para a réplica, a señora Fernández.



A señora FERNÁNDEZ GONZÁLEZ: Dígalles que este debate é estéril aos gandeiros que hai aí arriba escoitándoa. *(Aplausos.)*

Mire, chamáronnos á tranquilidade no 2023 dicindo que habería baixa mortalidade e baixa afectación. Faláronnos de diálogo con todas as partes. ¿Con quen falaron, señora conselleira? Presumiron dun sólido protocolo de actuación, cando o 2024 está sendo peor que o 2023. E decidiron pagar as vacas mortas porque sabían perfectamente que o que custaba diñeiro —diñeiro de verdade e investimento de verdade— eran os tratamentos, a vacina, os servizos veterinarios, o lucro cesante e incluír máis veterinarios oficiais nas oficinas agrarias. Por iso pagaron as vacas mortas; facíanlles falta millóns de euros para solucionar o problema e arreglárono con 200.000 euros escasos. Porque nas contas, señora conselleira, non nos engana ninguén porque varren sempre para casa; ¡sempre varren para casa! O sector séntese afogado, invisibilizado e séntense abandonadas. Teñen vostedes as competencias de Medio Rural, non lles escapen ás competencias. Prefiren estar sentados esperando a que lles solucionen dende Madrid unha crise do seu país, e piden axilidade. Mire, eles non chegan cedo a ningún sitio, pero cando Galiza ten un problema, o problema que ten é que vostedes non chegan. *(Aplausos.)*

¿Van crear as liñas propias de axuda que lle preguntei, si ou non? E preguntollo porque vostede mesma dixo que se o Estado non aportaba diñeiro terían serios problemas para sacar esas liñas de axuda. Díxoo vostede mesma. ¿Onde están os 700 millóns dos orzamentos de Medio Rural que non chegan máis que para 196.000 euros de indemnizacións ridículas para o sector gandeiro galego? Teñen 284 millóns en caixa, díganlles por que non os invisten neles. Non se van render nin con vostede nin sen vostede. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Para a réplica do Goberno, a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DO MEDIO RURAL (Gómez Rodríguez): Grazas, vicepresidenta.

Mire, señora Fernández, a min do que sente un gandeiro non me veña dar vostede clases, que as teño moi aprendidas desde que nacín. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Por suposto que a Xunta de Galicia vai convocar as axudas complementarias —pode estar vostede tranquila— ás indemnizacións por morte, que xa temos en vigor dende hai meses; e repítolle: pagáronse todas as que se solicitaron. E pódense seguir acollendo a elas todos os gandeiros que as precisen porque non se pechou a convocatoria —xa o temos dito en moitas ocasións, pero non pasa nada por repetilo—.

As axudas, que a maiores das indemnizacións por morte, contemplarán apoios para custos veterinarios, tratamentos e desinsectantes, por suposto que as sacaremos, pódollo asegurar; axudas, en definitiva, que cofinanciaremos e convocaremos unha vez que coñezamos de xeito oficial os criterios fixados polo Ministerio. *(Murmurios.)* Agardo que isto poida ser máis pronto ca tarde.



Non embarren coa súa negatividade. Miren, esa postura pouco beneficio lle fai ao sector agrogandeiro que temos en Galicia. *(Aplausos.)* Teña seguro que a Xunta vai cumprir. O Goberno galego sempre se situou a carón dos gandeiros ante EHE e ante calquera outra enfermidade, e aí seguiremos situados. Sabemos que é unha enfermidade dura para os animais e para os gandeiros que o sofren, como calquera outra; calquera gandeiro sofre polos seus animais, e iso seino en carne propia. Tamén estamos constatando a boa receptividade que a vacina está tendo no gando, segundo nos transmiten os propios profesionais veterinarios que están sobre o terreo; unha vacina desenvolvida por un laboratorio galego, que nos enche de orgullo porque Galicia está á vangarda da investigación animal.

Por tanto —aproveitando a ocasión—, gustaríame recoñecer o traballo de todos aqueles investigadores, técnicos e produtores que traballan para mellorar a sanidade da cabana gandeira galega.

Máis nada. Moitas grazas.

A señora PRESIDENTA (Candía López): Moitas grazas.

Damos por rematada a sesión.

Que teñan un bo día.



Remata a sesión á unha e cincuenta e oito minutos da tarde.



RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen	(BNG)	39. Pardo López, Adrián	(P)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel	(S)	40. Pazos Couñago, José Alberto	(P)
3. Amigo Díaz, María Encarnación	(P)	41. Pérez Domínguez, Fernando	(P)
4. Arangüena Fernández, Pablo	(S)	42. Pérez Fernández, Rosana	(BNG)
5. Arias Rodríguez, Raquel	(P)	43. Pérez López, Daniel	(BNG)
6. Armada Pérez, José Antonio	(P)	44. Pérez López, Noelia	(P)
7. Balseiro Orol, José Manuel	(P)	45. Pomar Tojo, Carmen María	(P)
8. Bará Torres, Xosé Luís	(BNG)	46. Pontón Mondelo, Ana	(BNG)
9. Caballero Miguez, Gonzalo	(S)	47. Porro Martínez, María Corina	(P)
10. Cachafeiro Anta, Belén	(P)	48. Prado Cores, María Montserrat	(BNG)
11. Calvo Pouso, Diego	(P)	49. Prado del Río, Paula	(P)
12. Candia López, María Elena	(P)	50. Prado Patiño Jesús Miguel	(P)
13. Carballo Páez, Ramón	(P)	51. Presas Bergantiños, Noa	(BNG)
14. Carreira Pazos, Iria	(BNG)	52. Puy Fraga, Pedro	(P)
15. Castro García, Daniel	(BNG)	53. Queixas Zas, Mercedes	(BNG)
16. Castro Rey, Paloma	(S)	54. Rey Varela, José Manuel	(P)
17. Conde López, Francisco José	(P)	55. Ríos Santomé, Paulo	(BNG)
18. Díaz Mouteira, María Sol	(P)	56. Rivas Cruz, Xosé Luís	(BNG)
19. Díaz Varela, Noa Susana	(S)	57. Rodeiro Tato, Ovidio	(P)
20. Egerique Mosquera, Teresa	(P)	58. Rodil Fernández, Olalla	(BNG)
21. Fernández Alfonzo, Ramón	(BNG)	59. Rodríguez Carrera, María Felisa	(P)
22. Fernández Gómez, Alexandra	(BNG)	60. Rodríguez Dacosta, María del Carmen	(S)
23. Ferro Iglesias, José Luis	(P)	61. Rodríguez Pérez, Moisés	(P)
24. Freire Vázquez, María Begoña	(P)	62. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	(P)
25. Gallego Sanromán, María Leticia	(S)	63. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	(S)
26. García Vidal, Ana Belén	(P)	64. Rueda Valenzuela, Alfonso	(P)
27. Gómez Salgado, Carlos	(P)	65. Salido Maroño, María Belén	(P)
28. González Albert, María	(BNG)	66. Santalices Vieira, Miguel Ángel	(P)
29. González Iglesias, María do Carme	(BNG)	67. Santos Costa, Manuel	(P)
30. López Sánchez, Rosalía	(P)	68. Sanz Arias, Cristina	(P)
31. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio	(BNG)	69. Seco García, Martín	(S)
32. Lorenzo Gómez, Rubén	(P)	70. Suárez Sarmiento, María Elena	(P)
33. Murillo Solís, María Guadalupe	(P)	71. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
34. Nóvoa Iglesias, Marta	(P)	72. Torrado Quintela, Julio	(S)
35. Ojea Arias, Eduardo	(S)	73. Vázquez Domínguez, Sandra	(P)
36. Ortega Otero, Marina	(S)	74. Vega Pérez, Daniel	(P)
37. Otero Lago, Noelia	(S)	75. Verea Fraiz, Borja	(P)
38. Otero Rodríguez, Patricia	(S)		





PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

